



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Cursos 2011-2012 / 2012-2013

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSOS 2011-2012 / 2012-2013

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de outubro de 2011 e o 31 de xullo de 2013.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	8
	2.1.- Curso 11-12	
	2.1.1- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.1.2.- Queixas.....	13
	2.2.- Curso 12-13	
	2.2.1- Intervencións e Mediacións.....	71
	2.2.2.- Queixas.....	76
3.-	Conclusións.....	132
4.-	Referencias estatísticas.....	138
	4.1.- Curso 11-12.....	138
	4.2.- Curso 12-13.....	142

I.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, conséntase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2011-2012

2.- ACTUACIÓNS

2.1.- CURSO 11/12

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.1- INTERVENCÍONS E MEDIACIÓNS

M-2012/01

Escrito presentado por un estudante en relación con diversos aspectos referidos á convocatoria de “Proxectos de colaboración para o desenvolvemento de actividades no SUR” para ser tidos en conta en sucesivas convocatorias.

Dáse traslado a Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua.

M-2012/02

Escrito presentado por un estudante expoñendo diferentes problemas xurdidos co director da súa tese e solicitando un cambio do mesmo.

Deuse traslado da problemática á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, quen comunica a apertura dunha información reservada ao respecto.

M-2012/03

Escrito presentado por un estudante no que solicita unha mediación en relación cunha petición de rectificación do censo electoral que lle foi denegada.

Recíbese o informe da Secretaría Xeral no que se explica o motivo para a denegación.

M-2012/04

Escrito presentado por unha representante dunha asociación estudiantil relativo á consideración de faltas de asistencia as clases na data dunha folga xeral.

No informe solicitado á Secretaría Xeral da USC indícase que:

En relación coa queixa Exp. nº.: M-2012/04 da asociación estudiantil, na que solicita que por motivos de folga xeral non se realicen nin prácticas nin clases ou exames, procede indicar que non é posible atender esta petición por canto a USC ten que respectar tanto a opcións dos que desexan facer a folga como daqueles traballadores que desexen realizar as súas actividades ordinarias.

A estes efectos, haberá que estar a cada situación concreta e para cada clase e profesor/a, para analizar se os días de folga xeral computan ou non a efectos de asistencia a clase, xa que, debe terse en conta, que a USC non pode garantir en todos os casos a apertura dos seus centros ao non figurar na relación de servizos mínimos decretada pola Xunta de Galicia para esa data.

Sobre esta cuestión diferentes normativas recollen ao respecto:

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela no art. 8.c establecen:

Art. 8: Son dereitos de todos os membros da comunidade universitaria, no marco das previsións contidas na lexislación vixente:

c) A liberdade de expresión, asociación, sindicación, reunión, manifestación e folga, dentro do ámbito universitario. Os estudantes poderán suspender de xeito colectivo as súas actividades discentes e académicas.

O Estatuto do Estudantado da USC no art. 4: Dereitos do estudantado en canto a membros da comunidade universitaria:

A liberdade de asociación, sindicación, reunión, manifestación e folga dentro do ámbito universitario.

E a *Normativa de Asistencia a Clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES* sinala:

TERCEIRO.- XUSTIFICACIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA

O alumnado poderá xustificar a falta de asistencia por razóns de índole persoal, familiar ou pola realización de deberes inescusables de carácter social debidamente xustificadas. Cando isto suceda e a xustificación fidedigna sexa adecuada e aceptada, a falta non implicará consecuencias negativas.

Son causas xustificadas as seguintes:

.../...

A folga ou o paro académico colectivo

A acreditación de causa legal de falta de asistencia deberá realizarse perante o docente no prazo máximo de dez días dende que rematou a causa que lle impediu asistir. A xustificación presentada, unha vez aceptada, non se terá en conta nos listados de asistencia

Á vista do anteriormente exposto e facendo fincapé nas distintas situacións concretas que se dan nos Centros e que poden xerar tratamentos non igualitarios para o alumnado, estimo que con carácter xeral cabe facer as seguintes consideracións:

- 1.- A falta de asistencia as diferentes actividades (clases interactivas, expositivas, titorías, probas de avaliación, etc.) cando estea convocada unha folga xeral ou académica, non deben computarse e ter efectos negativos para o alumnado.
- 2.- A efectos de xustificación, tal e como se prevé na *Normativa de Asistencia a Clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES* dado que a convocatoria deste tipo de xornadas é coñecida por toda a comunidade universitaria ao facerse pública e coa debida antelación, debería abondar coa propia convocatoria.

Por todo isto *recomendo que dende esa Secretaría Xeral se diten as instrucións oportunas para que os Centros e o profesorado actúen en consecuencia nos termos desta recomendación.*

M-2012/05

Escrito presentado por un estudante relativo á imposibilidade de acceder ao centro o día da folga xeral.

Solicitado informe á Xerencia, respóndese que os servizos mínimos establecidos na correspondente resolución foron cumpridos.

M-2012/06

Mediación solicitada por unha profesora motivada pola denegación dunha solicitude de permuta de destino entre a interesada e outro docente da Universidade de Vigo.

Mantense unha xuntanza coa Sra. Vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador para tratar do problema.

M-2012/07

Escrito presentado por un estudante manifestando a posibilidade dunha adaptación curricular en función de distintas problemáticas na súa saúde.

Análoga á M-2013/07

M-2012/08

Escrito presentado por unha estudante relativo ao cumprimento dos requisitos de acceso aos estudos de doutoramento.

Dáse traslado ao Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica para a súa contestación.

M-2012/09

Escrito presentado por unha estudante relativo á coincidencia de datas de exames da convocatoria de setembro do curso 11/12 e ás clases do curso académico 12/13.

No informe emitido pola Facultade comunícanse as recomendacións e decisións tomadas para paliar os efectos da sincronización de calendarios, tras a súa aprobación pola Xunta de Facultade.

M-2012/10

Escrito presentado por unha docente solicitando información sobre posibles dereitos que lle poidan asistir ao PDI con discapacidade.

Foi solicitado informe a Sra. Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade no que indica:

Unha vez feita a consulta ao Servizo de Asesoría Xurídica desta Universidade, confírmanos que non existe ningunha normativa nin estatal nin propia da USC que contemple que os membros do persoal docente e investigador afectados por discapacidade teñan prelación na elección de horarios nin dereito a exención ou redución da carga docente.

M-2012/11

Escrito presentado por unha estudante relativo ao seu expediente académico e referido a un problema de solicitude de adaptacións.

No oportuno informe solicitado á Facultade indícase que as adaptacións foron feitas conforme ao establecido na normativa.

2.1.2.- QUEIXAS

Q 1110/01

Queixa presentada por unha membro do Persoal de Administración de Servizos (P.A.S.), funcionaria de carreira da escala administrativa da USC, en relación coa valoración de méritos efectuada no concurso para a provisión de postos de traballo.

Póñense os feitos en coñecemento da xerencia, quen comunica que a Comisión de Avaliación respecto da reclamación que tiña formulada a presentadora da queixa acordou desestimala e manter as puntuacións publicadas na proposta provisional de adxudicación de postos da fase de resultas.

Q 1110/02

Foi presentado un escrito de queixa asinado por 25 membros do colectivo de Persoal de Administración e Servizos da USC en relación co procedemento de adxudicación das Comisións de Servizos para P.A.S.

A Xerencia informa ter respostado aos presentadores da queixa indicando que:

1. O procedemento polo que se adxudican as comisións de servizos para postos de PAS funcionario na USC, xunto cos criterios utilizados para a súa asignación, son os mesmos que se veñen utilizando desde fai anos e foron obxecto de acordo tácito coa anterior Xunta de PAS funcionario, interlocutor da Xerencia nesta e noutras cuestións que atinxen ao colectivo que representan.
2. A Xunta de PAS funcionario foi informada en todo momento pola Xerencia do procedemento de execución do concurso convocado por Resolución do reitor de 13 de abril de 2011, manténdose unha comunicación fluída deste órgano de representación tanto coa Xerencia como cos Servizos responsables da tramitación desta execución.
3. Tanto dende a Vicexerencia do Campus de Lugo, no que atinxe aos movementos de persoal que se deron nese Campus, como dende o Servizo de Planificación e Programación de PAS, no que atinxe aos movementos de persoal que se deron no Campus de Santiago, respectáronse escrupulosamente o procedemento e os criterios acordados na xestión de listaxes de espera e tamén

o acordado para a adxudicación de comisións de servizo para todo o PAS funcionario da USC, atendéndose en todo momento as dúbidas que lles puideran xurdir tanto aos representantes do persoal, como ás persoas que dirixiron consultas a estas unidades.

4. A proposta que fan no parágrafo segundo do seu escrito, produciría, de levarse a cabo nos termos nos que se expón, un grave prexuízo ao persoal que estaba nomeado como funcionario interino, pois habería que cesalo, e ademais denota unha falta de coñecemento e de sensibilidade polo traballo dos demais Servizos -algúns dotados cun único posto-, cando os asinantes presupoñen que a cobertura deses postos pode agardar sine die, en lugar de realizarse de xeito coordinado todos os movementos que ocasiona a execución dun concurso de traslados.

5. Neste senso é de resaltar que nun proceso tan complexo como o que se acaba de producir, -con 76 funcionarios que se cambiaron de posto, no que se outorgaron 15 novas comisións de servizo, e na que se realizaron trinta nomeamentos de persoal funcionario interino-, as consultas recibidas nos dous servizos xa citados, foron pouco significativas. O que si sorprende, e que á metade das persoas asinantes de dito escrito, agora lles suscite dúbidas un procedemento ao abeiro do cal están ou teñen estado ocupando postos de traballo en comisión de servizos.

Q 1110/03

Escrito presentado por unha estudante en relación coa imposibilidade de empregar o idioma galego na plataforma USC Virtual.

Dáse traslado á Dirección da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación quen remite un informe da Dirección do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) no que se indica:

“A Universidade de Santiago de Compostela, sendo responsable a Vicerreitoría de Espazo Europeo de educación Superior do Campus Virtual que xestiona o servizo do CeTA, asinou un contrato coa empresa da plataforma Blackboard cunha duración de tres anos para os cursos académicos 2009/2012. O contrato termina en setembro de 2012. A plataforma contratada non ofrece como idioma o galego.

O equipo reitoral actual desde a Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador responsable do Campus Virtual xestionado a través do CeTA e ATIC, implementará para o curso 2011/2012 unha experiencia piloto coa plataforma de software libre Moodle que dispón de idioma en galego e ofrecerase como nova

plataforma para o campus virtual cando finalice o contrato coa empresa Blackboard.”

Q 1110/04

Escrito en relación coa non admisión no 2º ciclo dunha Licenciatura.

A Secretaría Xeral informa que mediante resolución reitoral desestimaron o recurso de reposición que tiña presentado informándolle dos motivos que xustifican a mesma.

Q 1110/05

Queixa presentada por un alumno en relación coa admisión e matrícula nun máster.

O informe da Secretaría Xeral indicaba:

1.- O interesado solicitou no mes de maio de 2011 matricularse fora de prazo no Proxecto de Fin de Máster do Máster A (campus de Lugo), alegando motivos médicos. Ao interesado non se lle autorizou matrícula para o curso 2010-11 nesta materia.

2.- O interesado no curso 2011-12 figura matriculado nesta materia e pretende que lle imputen a cualificación do TFM -xa que parece que o Tribunal o avaliou sen estar matriculado- no curso anterior. Sen embargo a primeira convocatoria do TFM, conforme a normativa establecida, é o mes de febreiro e sempre que esta materia sexa a única pendente para obter a titulación.

A matrícula do interesado no Máster A non está relacionada co proceso de admisión e matrícula no Máster B.

3.- O Máster Universitario B (Santiago) ofertaba 20 prazas para alumnos con estudos nacionais e 3 prazas para alumnos con estudos estranxeiros. As prazas para alumnos de estudos nacionais repártense en cotas correspondentes a diferentes titulacións.

4.- O Máster Universitario B é un máster con criterios xerais de selección no que, conforme á convocatoria, Resolución Reitoral de 23 de xuño de 2011 pola que se publica a convocatoria Xeral de matrícula para o curso 2011-12:

2.2.2,2, Matrícula provisoria nos máster con límite de prazas e criterios xerais de selección

Os alumnos e alumnas que pretendan cursar algún dos máster oficiais que constitúen a oferta da USC para o curso 2011/ 12, que teñan límite de prazas, nos que se apliquen os criterios xerais de selección, deberán cumprimentar os datos de matrícula na secretaría virtual, a través da páxina <https://www.usc.es/matricula> (sección «Máster universitario»), no prazo establecido no anexo 1, na que deberán declarar os datos do seu expediente académico correspondente á titulación universitaria que lle dá acceso, e procederán a realizar a matrícula no máster elixido.

As listaxes de matriculados provisoriamente cos admitidos e excluídos publicaranse na páxina web da USC, indicando o prazo para poder desistir da matrícula.

A matrícula será provisoria, non producirá efectos ata que se proceda a adxudicación definitiva das prazas e estará condicionada á posterior verificación dos datos declarados na solicitude.

É por iso que non son atendibles as alegacións do interesado respecto de que figuraba en listas e asistiu a clase, xa que é o habitual ata que se fai a asignación definitiva (15 de setembro).

5.- Finalizado o prazo de solicitude e en función das prazas vacantes reservadas para alumnos con estudos estranxeiros e engadido o 15% de marxe no límite establecido na convocatoria asígnanse 12, 7 e 5 prazas respectivamente entre as cotas establecidas.

6.- Tras a ordenación en función dos expedientes académicos acreditados polos solicitantes, o interesado figura correctamente ordenado o 8º da súa cota (grupo de acceso) e, polo tanto, non lle corresponde praza (asígnanse 5).

7.- Tanto a convocatoria, como o procedemento están publicados na páxina web da USC e, ademais, en concreto o procedemento está explicado na páxina web, onde se recolle:

Matrícula provisoria e adxudicación de prazas

A matrícula será provisoria, non producirá efectos ata que se proceda a adxudicación definitiva das prazas e estará condicionada á posterior verificación dos datos declarados na solicitude.

Procedemento de adxudicación de prazas

1. Nos masters en que a matrícula sexa inferior ás prazas ofertadas, adxudícanse a todos os matriculados que reúnan os requisitos de acceso.

Prazas vacantes: Nos masters que así o teñan establecido na oferta de

prazas, admitiranse as matrículas, ata completar- o número total de prazas ofertadas, dos interesados que se inscriban despois de rematado o prazo ordinario de matrícula e acrediten reunir os requisitos de acceso, adxudicándose as prazas por orde temporal de matrícula. Estas matrículas xa non terán carácter provisorio, senón definitivo, condicionadas á verificación da titulación, de acceso. O prazo máximo para autorizar estas matrículas será ata o 14 de outubro de 2011.

2. Nos masters en que a matrícula supere ás prazas ofertadas, procederase a súa asignación segundo os datos declarados polo solicitante, para o que se terán en conta as cotas de reserva de prazas, as prelacións segundo as titulacións de orixe e a valoración do expediente académico.

As solicitudes ordenaranse, dentro de cada cota e cada grupo de titulacións co mesmo orden de prelación, segundo a media do expediente académico calculada ao abeiro do disposto no Real Decreto 1497/ 1987, modificado polo Real Decreto 1267/1994 e polo Real Decreto 1044/2003. Nos masters en que existen grupos de ingreso e que, unha vez adxudicadas as prazas dun determinado grupo, resultaran prazas vacantes, estas acumularanse ao resto dos grupos, por orde de nota mediade expediente.

Cando o número de matriculados non exceda dun 15% das prazas ofertadas, asignarase praza a todos os solicitantes que reúnan os requisitos, e as matrículas quedarán formalizadas, condicionadas á verificación da titulación de acceso.

Os alumnos e alumnas que non obteñan praza quedarán en lista de agarda. A asignación de prazas e a lista de agarda publicaranse na páxina web da USC, despois de rematado o prazo de matrícula.

Tras a publicación da asignación de prazas, a matrícula dos admitidos terá carácter definitivo, condicionada á posterior verificación dos datos declarados na solicitude.

Na devandita páxina publicáronse, ademais, as listas de admitidos e alumnos en lista de agarda.

8.- O 23 de setembro remitíronse ás unidades de matrícula as relacións de non admitidos para que procedesen a anular as matrículas que aínda non anulasen os interesados voluntariamente. O 26 de setembro procedeuse a anular a do interesado aínda que non se lle enviou copia xa que, segundo indica a UXA:

"Non se lle enviou a folla de liquidación, xa que nesa folla aparecía como anulación de matrícula ou concepto que non correspondía. No caso deste alumno como había que devolverlle o importe aboado (taxas de secretaría) e como tamén estaba matriculado nun. Máster desta Universidade (Lugo), se lle fixo por cambio de estudos dentro da USC e así se lle xerou a devolución dese importe."

9.- Respecto da alegación sobre unha posible reserva dunha porcentaxe de

prazas para alumnos/as con algún tipo de minusvalía, dita posibilidade non está contemplada na convocatoria nin nas normas xerais de acceso a máster.

Q 1110/06

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante de Licenciatura no que manifesta a súa desconformidade co procedemento de avaliación seguido nunha materia ao non terlle avaliado un traballo que se corresponde co 30% da cualificación total da materia, cuxa omisión implica a non superación da mesma e a imposibilidade de obter bolsa o vindeiro curso académico.

Con posterioridade solicita o arquivo da queixa que tiña presentada nesta Institución e na Oficina de Análise de Reclamacións.

Q 1111/01

Presentado un escrito de queixa por unha Facultade manifestando a desconformidade co procedemento seguido pola Comisión de Selección encargada da asignación das bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios. No escrito indícase que este ano denegáronse as solicitudes presentadas por estudantes desa Facultade que acceden por primeira vez ao último ano da licenciatura por non poder cumprir os requisitos da convocatoria na data de finalización do prazo de solicitudes.

Tendo en conta o informe enviado pola Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua considérase que a mencionada Comisión actuou de acordo coas normas establecidas polo Ministerio de Educación a través da Orden EDU/1868/2011 de 29 de xuño de 2011.

Non obstante tal como se indica no escrito de queixa as condicións que establece o plano de estudos da licenciatura para que os estudantes poidan matricularse das Prácticas impide que os mellores estudantes cumpran os requisitos esixidos na convocatoria dentro do prazo de presentación das solicitudes. *Por iso, recomendo que se faga chegar ao órgano responsable da convocatoria a situación de prexuízo na que se ven estes estudantes, e que se teña en conta modificando a convocatoria de xeito que os estudantes non se vexan discriminados.*

Q 1111/02

Presentada por unha membro do Persoal Docente e Investigador (PDI) en relación coa denegación dunha solicitude de “permiso por lactación” como “permiso de adaptación”. A interesada considera que como traballadora da USC, se lle están a vulnerar os seus dereitos de igualdade respecto ao PDI laboral e ao P.A.S. aos que si se lles concede dito permiso.

O Sr. vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador remíte o informe aclaratorio que lle enviou á presentadora da queixa e no que se indicaba:

“A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), na redacción dada pola LOMLOU, no artigo 56.2 establece o seguinte:

“O profesorado funcionario rexerese polas bases establecidas nesta Lei e no seu desenvolvemento, polas disposicións que, en virtude das súas competencias, diten as Comunidades Autónomas, pola lexislación laboral de funcionarios que lles sexa de aplicación e polos estatutos”

Pola súa parte, o texto refundido da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia (Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo) non é normativa de desenvolvemento da LOU e no seu ámbito de aplicación non está incluído o PDI.

Por iso, a normativa que resulta aplicable ao PDI funcionario en materia de permisos é o Estatuto Básico do Empregado Público, que non recolle o “permiso de adaptación” solicitado.

2.- O PDI laboral está suxeito a un réxime distinto do que se derivan dereitos específicos en materia de permisos recollidos na lexislación laboral que lle é de aplicación. A LOU, na redacción dada pola LOMLOU, no artigo 48.2 regula que para as modalidades de contratación laboral, o réxime será o que se estableza nesa lei e nas súas normas de desenvolvemento; supletoriamente será de aplicación o disposto no texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e nas normas que o desenvolvan. Para o PDI laboral da USC, este réxime tradúcese no II Convenio colectivo para o PDI laboral (DOG do 14 de abril de 20119, que si que recolle o permiso solicitado no seu artigo 37.g).

3.- Por iso, non se pode entender que na desestimación dada pola R.R. do permiso solicitado exista un trato discriminatorio, senón o resultado da aplicación

de dous réximes distintos, segundo o PDI sexa funcionario ou laboral, que supón o recoñecemento de dereitos con alcance distinto para ambos os dous colectivos.

4.- Aínda así, a vicerreitoría entende que sería positivo poder homoxeneizar, na medida do posible, as regras aplicables nesta materia ao PDI funcionario e laboral, polo que actualmente está analizando esta posibilidade coa intención de acadar un marco común para ambos os dous colectivos.”

Q 1111/03

Foi presentado un escrito por un membro do persoal docente en relación co trato ofensivo dispensado por persoal dun rexistro dun edificio da USC.

Os feitos puxéronse en coñecemento da Xerencia, remitindo un informe elaborado ao respecto polo Sr. xefe do servizo correspondente no que indicaba:

“Que despois de realizar as averiguacións oportunas sobre os feitos acontecidos solicitou as explicacións pertinentes do funcionario interino encargado de atender o rexistro, “quen me precisou que o seu comportamento viñera motivado ao entender que se producira unha falta de respecto previo por parte de D^a....

No transcurso da conversa co Sr. ..., fixénlle ver o inapropiado do seu comportamento e que eran actitudes que independentemente do que dixera ou deixase de dicir a persoa que acudía ao rexistro non se podían consentir nun funcionario público. Indicándolle que sería conveniente que lle chamase por teléfono a D^a. ... para pedirilles desculpas persoais, cousa que en nome do servizo eu xa fixera previamente.”

Q 1111/04

Presentado un escrito de queixa por unha estudante en relación cos trámites previos á defensa da súa tese de doutoramento.

O informe recibido do Sr. director do Centro de Posgrao xustificaba a demora indicando:

1.- O período de exposición pública da tese de doutoramento finalizou non recibíndose ningunha alegación á mesma.

2.- A Comisión Permanente de Posgrao Oficial na súa reunión examinou a dita tese. Os membros da comisión observaron que a tese podía presentar algúns aspectos metodolóxicos cuestionables e xa que logo procedía pasar a admisión da mesma ao Pleno da Comisión.

3.- O Pleno da Comisión de Posgrao Oficial debateu sobre as cuestións suscitadas relativas ao contido e aspectos metodolóxicos da devandita tese e decidiu solicitar informe a un especialista externo.

4.- O informe do avaliador externo recibíuse.

5.- Na primeira reunión do Pleno da Comisión de Posgrao Oficial que se celebre debaterase a admisión ou non da tese doutoral.

Q 1111/05

Presentado un escrito de queixa por un membro do Persoal Docente e Investigador da USC en relación coa Resolución Reitoral de data 21 de novembro pola que se regulaba o peche de exercicio económico. Na queixa expón o seguinte:

“O pasado día 21 de novembro o Reitor da USC emitiu unha Resolución Reitoral decretando o peche do exercicio económico para o día 22 do mesmo mes. Aínda que a devandita RR ordeaba aos directores dos negociados que o comunicaran aos directores de centro de gasto, a inusitada premura (dun día para outro) na RR provocou que moitos casos esta comunicación non existise. Como consecuencia, fíxose o peche do ano económico sen mediar notificación (aínda que esta se tivera producido sería claramente insuficiente para facer unha adecuada previsión de gasto) aos directores de centro de gasto, algo sen precedentes na USC e que causa un claro prexuízo aos investigadores que, nin podemos facer previsións de gasto polo inminente da RR, nin podemos facer agora uso das nosas aplicacións presupostarias por estaren bloqueadas.”

Deuse traslado da queixa á Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas.

Q 1112/01

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante dunha facultade en relación co a demora na asignación de títolos para o Traballo de Fin de Grao e o solapamento da realización do TFG e a realización das “Prácticas externas en empresas”

Deuse traslado da problemática á Vicerreitoría de Titulacións e PDI, que informou o seguinte:

.../ O centro publicou a convocatoria para a realización do Traballo Fin de Grao o día 19 de outubro, cinco días despois do fin da matrícula e estableceu un período ata o día 31 de outubro para a solicitude por parte dos alumnos. A asignación de titores fíxose o día 18 de novembro, polo que o centro cumpriu coa normativa ao ser esta data anterior ao inicio do segundo cuadrimestre, tal e como se recolle na Resolución Reitoral do 18/05/10 pola que se regula a realización do Traballo Fin de Grao na USC.

Debe terse en conta que os prazos nos que remata a matrícula dos estudantes así como as posibilidades ofrecidas ao alumnado para a elección de temas ou prazos, no caso das prácticas en empresas, son dous factores que inciden neste retraso. Non obstante, o centro informounos da súa intención de estudar a posibilidade de axustar estes prazos para que, na medida do posible, e tendo en conta os períodos de matrícula, ao alumnado se lle asigne o titor/a á maior brevidade coa finalidade de conseguir que o solapamento da elaboración do Traballo Fin de Grao e da realización das Prácticas en Empresa sexa o mínimo posible.”

Q 1112/02

Queixa formulada por un estudante e residente nunha residencia universitaria no que fai unha serie de reflexións acerca do Sistema Universitario de Residencias (S.U.R) e sobre o procedemento de selección e resolución dos Proxectos de Colaboración para o desenvolvemento de actividades no S.U.R.

No informe recibido da Vicerreitoría de Estudiantes Cultura e Formación Continua indícase o seguinte:

“1.- A Comisión Avaliadora dos Proxectos de Colaboración para o Desenvolvemento de Actividades no SUR durante o curso académico 2011/2012, decidiu por unanimidade, non valorar os méritos que non estivesen debidamente acreditados documentalmente. Esixencia esta imposta polo punto terceiro das Bases da antedita convocatoria.

2.- Tendo en conta tal acordo e que o agora reclamante non acreditou ningún dos méritos, currículo ou experiencia aos que facía alusión no proxecto, a Comisión Avaliadora acordou non puntuar estes apartados.

3.- En vía de recurso o reclamante deixa constancia documental dos méritos e experiencia en cuestión, acreditación esta extemporánea, xa que o reclamante non presentou as devanditas acreditacións no momento procedimentalmente oportuno, estando en disposición deles ou tendo a posibilidade de obtelos.”

Q 1112/03

Presentada por un estudante en relación coa organización e docencia dun curso ponte para a obtención dun grao. Na queixa indicaba:

“Una vez formalizada la matrícula en el mes de septiembre, me presento en el centro, para informarme sobre el desarrollo del curso, y aquí llega mi primera sorpresa, ya que me indican que probablemente el curso no empezará hasta el mes de abril o mayo porque todavía no están adjudicadas las plazas docentes para cada asignatura ni los horarios en los que se imparten.

A principios de octubre comienza a aparecer el temario de una de las asignaturas y unos días más tarde el de otra asignatura. En la última semana de octubre me vuelvo a personar en el centro para que alguien me explique el funcionamiento del curso, todavía no hay profesores asignados y los temarios que aparecen en mi correo electrónico son para los alumnos de Grado pero que los alumnos de curso puente "les vayamos echando un vistazo" que el temario será parecido.

Con fecha 10 de Noviembre, recibo un correo electrónico de la coordinadora del curso, donde se me informa de los profesores asignados para cada materia de este cuatrimestre y, además nos comunican las fechas de examen de dichas asignaturas (16 y 18 de Enero que coinciden con las de los alumnos de grado). Mi cuatrimestre se convierte en BIMESTRE.

Pues bien, intento ponerme en contacto (vía correo electrónico 15 y 27 de noviembre) con los profesores de las asignaturas para aclarar conceptos esenciales como son temario de la materia, bibliografía, tipo de examen y no obtengo respuesta de ningún tipo a día de hoy.

O informe recibido do decanato do centro onde se imparte o grao indica que:

1.- O curso ponte en modalidade semipresencial, foi creado co obxecto de favorecer o acceso á titulación superior aos titulados en exercicio profesional; e como tal foi ratificado polo Consello de Goberno da USC e asemade validado pola ANECA.

2.- Na páxina web da USC, mostrouse a información necesaria para que o alumnado soubese como se ía a desenvolver o curso.

3.- Dende o decanato, non se pode actuar directamente sobre os servizos da exposición de materiais informativos-POD-plataforma virtual... xa que o centro depende en todo momento da boa vontade do persoal de ditos servizos, e estes ademais dependen das autorización dos órganos superiores.

4.-En todo momento, o persoal do Decanato (só contamos cunha secretaria de dirección) atendeu persoalmente e telefonicamente a todos os reclamantes de información-axuda-asesoramento para cubrir papeis- asesoramento para acceder ao campus virtual ...en ningún momento se contestou: "o curso comezará en abril, ou "les vayamos echando un vistazo"; porque dende o centro traballouse continuamente en acción directa coa Vicerreitoría de Titulacións e incluso co Sr Reitor, con fin de acelerar todos os trámites para dar resposta a alta demanda do curso ponte e se puidesen solucionar os problemas de docencia que se tiñan.

5.- Fíxose necesaria a intervención da Vicerreitora de Titulacións para que se activase o campus virtual e puidésemos contar con dous grupos diferenciados (alumnos do curso ponte - alumnos de grao en materias...); asemade durante o curso 2010-11 non se nos permitiu realizar o curso ponte completo, posto que como non estaba todo o grao desenvolvido, tivemos que partir o curso en dous anos; neste curso xa se imparte nun só ano.

6.- No momento que o decanato (coordinador do curso ponte) tivo acceso á plataforma virtual, púidose contactar co alumnado e explicar a situación vivida no comezo de dito curso.

En todo momento informouse aos alumnos de que as datas de exame do curso (é un curso regrado de formación) eran as mesmas que para os alumnos de grao, é dicir, as datas aprobadas.

7.- Cónstame, polas reunións mantidas con profesorado do curso ponte, que o material que se lle colocou na plataforma era suficiente - estruturado e incluso mais sinxelo que para os alumnos do grao. De feito, o número de persoas que se presentaron aos exames foi máximo e, o número de suspensos non foi alto.

O alumno/a titular desta queixa, ten que ser nestes intres alumno/a da 2ª parte do primeiro curso ponte ofertado, e neste ano o único problema que temos que sinalar é que o centro como coordinador do curso ponte, espera unha autorización solicitada dende novembro para acceder ao campus virtual e poder contactar co alumnado, feito que tivo que realizar a través de alumnos que preparan as súa tese no centro e que paralelamente son alumnos do curso ponte.

Con este escrito, espero dar contestación á queixa, e asemade e para que conste, envíolle todos os escritos remitidos aos órganos superiores desta Universidade, que explican o traballo que o centro fixo, coa finalidade de resolver os problemas que un Curso Ponte on-line representa nesta Universidade. Asemade queremos resaltar que neste curso académico 2012/2013 desenvólvese con toda normalidade.

Q 1112/04

Foi presentado un escrito de queixa relacionado cun problema de recoñecemento de estudos para poder emitir a correspondente certificación do expediente no que se indicaba:

Tras moitas esperas (un certificado no que non constaba rematado o primeiro ciclo e tardanzas na resposta a correos electrónicos) respondéronme a dez de novembro que non podían certificarme o 1º ciclo porque non se podía facer a compensatoria a menos que completase a titulación enteira. Cando me matriculara en febreiro coa intención de rematar o 1º ciclo, preguntara na UXA e dixéranme explicitamente que a compensatoria tamén se podía realizar para a obtención dun 1º ciclo.

O meu problema é que me sobran 5 créditos optativos e me faltan 4,5 de libre. Considero que iso non é un motivo razoable para que me vexa imposibilitado de cursar este segundo ciclo.

Deuse traslado á Secretaría Xeral, que informaba:

.../ 2.- Respecto ao fondo do asunto, o alumno non ten superado o primeiro ciclo da Licenciatura, tal e como lle foi informado.

Deste xeito foi imposible certificar que tiña superado o primeiro ciclo porque, de acordo co artigo 91.2 das Normas de Xestión académica, para pasar créditos optativos a libre elección debe realizarse por materias completas:

"A imputación realizarase sobre materias e non sobre os posibles excesos de créditos que non poidan ser imputables a materias íntegras".

No seu expediente non hai ningunha materia optativa de 4,5 créditos, son de 6, e tal e como pon a normativa non é posible compensar o déficit de créditos por exceso en optativos, ao ter que pasar materias completas.

Q 1112/05

Presentada por un membro do PDI en relación co procedemento seguido nas últimas votacións dos órganos de goberno da USC. Na queixa expoñía:

"A presente queixa vai dirixida á recente práctica nos órganos de goberna da universidade de aplicaren o voto segredo. Esta modalidade foi adoptada no Consello de Goberno do 29 de novembro para a votación sobre a estabilización de contratados dos programas IPP e RyC, e voltou ser usada no Claustro do pasado 14 de decembro para as emendas aos presupostos e a programación plurianual.

O fondo da cuestión é que sendo tanto o Claustro como o Consello de Goberno órganos de representación e, polo tanto, os seus membros non obran a título persoal senón en representación de colectivos e sectores da universidade, o uso do voto secreto impide aos representados coñecer cal foi a postura dos seus representantes respecto a asuntos fundamentais na universidade. Algo que non só rompe a transparencia desexable na universidade, senón que impide coñecer o posicionamento real dos representantes fronte a cuestión importantes, algo

fundamental para o caso de que voltaran a presentarse a estes órganos de representación.”

A Secretaría Xeral fixo as seguintes consideracións:

Primeira: Respecto da emisión do voto secreto por parte do Consello de Goberno na súa reunión de 29 de novembro de 2011, o Regulamento de réxime interno do citado órgano, recolle no seu art. 13.2 que *"as votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, e secretas, cando o soliciten seis membros do consello de goberno. En todo caso serán secretas cando afecten a persoas concretas"*. É polo tanto a regulamentación do citado órgano a que permite o voto secreto, aínda que condicionado á solicitude de seis membros do Consello. Na reunión do 29 de novembro de 2011, a petición de voto secreto formulouse por mais de seis membros, tal e como consta na acta da sesión, aprobada na reunión do 22 de decembro de 2011.

Segunda: En relación á emisión do voto secreto na sesión do Claustro celebrada o 14 de decembro de 2011, neste caso coa utilización do voto electrónico sen identificación dos mandos, esta decisión foi adoptada pola Mesa do Claustro na súa reunión de 12 de decembro, e ratificada pola propia Mesa na sesión do Claustro do día 14 de decembro, como consecuencia dunha cuestión incidental planteada por un membro do citado órgano.

Segundo establece o art. 10 de Regulamento de réxime interno do Claustro universitario, son funcións da Mesa do Claustro *"..2. Fixar as normas de desenvolvemento das sesións....4. Interpretar o presente regulamento de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e demais normas de aplicación.."* ..

É por tanto a Mesa do Claustro a que ten a competencia para decidir sobre o sistema de votación, que obviamente afecta ao desenvolvemento da sesión, interpretando tamén o regulamento tal e como recolle o precepto.

A regulación sobre a adopción de acordos e a súa votación establécese no art. 20 do citado Regulamento, que prevé no apartado terceiro que *"como regra xeral, as votacións no Claustro serán públicas polo procedemento e co sistema de reconto que estableza a Mesa. Será secretas cando o decida a Mesa, afecten a persoas concretas, o soliciten a maioría dos presentes ou noutros supostos especiais previstos na normativa"*.

O citado artigo establece a votación pública con carácter xeral para a adopción dos acordos do Claustro, pero establece expresamente varias excepcións a este sistema público de votación:

- 1a.- Cando o decida a Mesa.
- 2a.- Cando afecten a persoas concretas. ,
- 3a.- Cando o soliciten a maioría dos presentes.
- 4a.- Cando o estableza a normativa en noutros supostos especiais.
- 5a.- Cando o estableza a normativa en noutros supostos especiais.

A Mesa decidiu para a sesión concreta celebrada o día 14 de decembro de 2011 que a votación fora secreta, decisión que tomou utilizando a facultade prevista no art. 20 do regulamento, interpretado segundo o seu criterio, posto que así o prevé tamén o art. 10-4 do propio regulamento.

Para maior clarificación da interpretación efectuada, a Mesa interpretou que a súa decisión sobre o voto secreto non estaba condicionada aos tres supostos recollidos a continuación de atribuírllle esta facultade: que afecte a persoas concretas, que a pidan a maioría dos claustrais, ou que estea prevista noutras normativas. Nestes tres casos a mesa non pode entrar a consideralos, xa que pola propia redacción do precepto se deduce que o voto será secreto por disposición do regulamento, non por decisión da Mesa. Carecía de sentido que cando as decisións afecten a persoas concretas a Mesa decidise que a votación fora pública, e tampouco no caso de que o soliciten a maioría dos presentes ou fora unha disposición expresa doutra norma.

A Mesa terá a competencia para decidilo nos demais supostos en atención ás circunstancias que concorran, e que non están explicitadas no precepto porque poden obedecer a moi diferentes tipos de cuestións. Isto quere dicir que a votación será secreta sempre que afecte a persoas concretas sen que se trate dunha decisión da Mesa, senón dunha disposición expresa do regulamento; tamén será secreta cando así o soliciten a maioría dos presentes, e tampouco se trata dunha decisión da Mesa senón unha disposición expresa do regulamento, e o mesmo no caso de que se recolla noutra normativa de forma específica. Fora destes supostos a decisión sobre a votación secreta si será tomada pola Mesa.

Terceira: Respecto do fondo do asunto ao que tamén alude a reclamación, a interpretación dada pola autor da queixa á decisión tomada, impediría o voto secreto en calquera caso, e non só en órganos colexiados como o Claustro universitario ou o Consello de Goberno, senón tamén noutros órganos como os Parlamentos que son os órganos de representación por excelencia nun Estado democrático. A título de exemplo pode citarse o art. 85 do Regulamento do Congreso dos Deputados, no que se prevé tamén a votación secreta, chegando a incluso a dar

preferencia a este sistema de votación, cando as solicitudes dos distintos grupos sexan contraditorias.

A excepcionalidade da votación secreta resulta claramente reflectida tanto no regulamento do Claustro como no regulamento do Consello de Goberno, xa que ambos recollen como sistema ordinario de votación o voto público, permitindo o voto secreto soamente en casos determinados que están previamente fixados no propio regulamento, ou esixen un acordo expreso da Mesa do Claustro para esa sesión en concreto.”

Q 1201/01

Presentado un escrito de queixa por un estudante en relación co incremento do importe da súa matrícula por un importe de 30€ en concepto de gastos de xestión e tramitación por procedemento de impagados:

“Son un dos moitos afectados que se quedaron sen bolsa 2011 debido a complicacións informáticas, e que xa non temos forma de volver a solicitala.

Quería expoñer a miña queixa por ter que pagar 30 € de recargo sobre a miña matrícula, xa que o non pagamento desta non é debido a causas que me atinxan, xa que, eu presentei a miña solicitude de beca; pero ao parecer non cumprimentei todos os pasos por falta de información. A primeira notificación disto foi o pasado 22 de decembro cando recibín unha carta certificada da USC, reclamándome a totalidade da miña matrícula por non ter solicitada a miña bolsa máis 30 € de recargo.

No escrito solicitado á Secretaría Xeral entre outras consideracións, indícase:

.../ c. No presente caso, e á vista das circunstancias, acordouse non reclamar este recargo, dado que non existe a intencionalidade fraudulenta.

d. Neste senso xa se lle comunicou esta intención de non reclamarlle ao alumno este recargo con data do 20 de xaneiro de 2011, en resposta á queixa presentada nesta universidade a través da Oficina de Análise de Reclamacións. Non obstante o anterior o alumno deberá solicitar formalmente a exención deste recargo e xustificar que solicitou a bolsa pero que non rematou o proceso por problemas informáticos ou de defectuosa información.

Q 1201/02

Foi presentado un escrito de queixa por un membro do PDI en relación co procedemento que segue a USC para comunicar aos seus empregados o seu salario que se baseaba nos seguintes aspectos:

- 1.- Aunque la nómina quede a nuestra disposición en el portal do empregado y se ahorre el papel que se enviaba antes, lo que es loable, la empresa tiene que "entregar" el justificante del salario. Por tanto en mi opinión debe haber un aviso, aunque sea por correo electrónico, de que se ha pagado y de que la nómina ya está disponible.
- 2.- Ese aviso debería ir acompañado de un pdf no modificable, que sirva como "recibo" con pleno valor legal. Del mismo modo no debería poder modificarse el ejemplar depositado en el portal do empregado."

A Xerencia da USC informa o seguinte:

“A Universidade de Santiago no marco das políticas que inciden no coidado ao medio ambiente, o aforro e o aproveitamento que ofrecen as novas tecnoloxías, reemplazou o recibo de salario en soporte papel por outro en formato dixital. Isto supuxo vantaxes importantes entre os que se poden nomear o aforro de custes en tempos de crise así como a comodidade de poder acceder á información do salario por parte do traballador en calquera momento mediante o seu acceso á intranet da USC.

Este acceso supón unha canle segura e os recibos de salario están dispoñibles no momento no que se ordea o pago á entidade pagadora.

No suposto de que o traballador non teña acceso á intranet garántese a impresión do dito recibo previa solicitude.

Polo tanto, e así o están confirmando recentes sentencias como a do Tribunal Supremo do 22 de xuño de 2011 pola que se resolve o recurso de casación 193/2010, non existe a obriga de entregar recibo de salarios en soporte papel e entende que a Lei outorga máis importancia ao material cumprimento da garantía do abono do salario que á forma na que se instrumenta o pagamento. Considera, polo tanto, que a transferencia bancaria é suficiente para dar cumprimento ao establecido na lei, xa que é un xustificante de pago válido; ao non ser precisa a

sinatura do traballador dando a súa conformidade á nómina tampouco é imperativo facer entrega da mesma mediante o soporte papel.”

Q 1201/03

Foi presentado un escrito de queixa por un colectivo de representantes electos dos alumnos de 1º e 2º ciclo nun consello de departamento no que expoñían:

Que o pasado día 13 de Xaneiro de 2012 o director en funcións do departamento non permitiu a nosa participación na reunión extraordinaria do consello de departamento, que tiña como único punto da orde do día a Elección de director de Departamento, instándonos a 6 dos 7 representantes de alumnos presentes a abandonar a sala, en base ao artigo 22 da normativa electoral, onde se recollen os casos de perda da condición de membros de órganos colexiados de carácter electivo.

Fronte a tal decisión queremos facer constar:

1. Dende o día 12 de Decembro de 2011 e durante o período establecido na normativa, o censo electoral estivo exposto tanto na secretaría do departamento como no taboleiro do mesmo, figurando os nosos nomes no devandito censo.
2. Unha vez transcorrido o período correspondente e sen terse presentada alegación algunha, foi aprobado o censo electoral, ratificando a nosa participación no proceso.
3. O día 10 de Xaneiro (tres días antes da votación na reunión do consello) recibimos todos/as (igual que o resto de membros do consello) a convocatoria oficial, por parte da Secretaria do Departamento.
4. Entendemos que o director do departamento tería que ter solicitado á Secretaría Xeral, antes da exposición pública do censo, unha listaxe actualizada deste, no que se fixeran constar as baixas producidas. Isto supuxo a imposibilidade de que o colectivo ao que representamos puidese tomar parte de maneira efectiva no proceso electoral (xa que nin se nos permitiu votar, nin fomos substituídos por outros estudantes), vulnerando deste xeito o dereito do estudantado a participar nos órganos de goberno da USC (neste caso un Consello de Departamento), tal e como se recolle no artigo 107 dos Estatutos da

Universidade de Santiago (capítulo IV). Convén lembrar que, tal e como se recolle no Estatuto do Estudantado da Universidade de Santiago, no seu artigo quinto, constituímos un órgano colexiado, polo que actuamos en representación dos estudantes e non en representación propia e que non fomos notificados nin en tempo nin en forma da nosa baixa no censo electoral.

Asemade quixeramos facer constar dous elementos adicionais:

5. Que posiblemente se vise incumprido o Artigo 60.2. do Regulamento Electoral Xeral da USC, xa que a Secretaria en funcións, que participou xunto co Director de Departamento na decisión de excluírnos do acto de votación a pesares de termos convocado tres días antes, segundo informou publicamente na mesma reunión o candidato electo vai a seguir desempeñando o cargo de secretaria do departamento baixo a súa dirección.

6. Que a unha profesora si se lle permitiu participar na votación, a pesar de ter solicitada e aprobada polo consello de departamento (na súa reunión do 18 de outubro de 2011) unha baixa sen remuneración ata o 18 de xaneiro de 2012, algo do que tiña constancia a Dirección de Departamento, sen que se informara da revogación da mesma. Asemade, queremos facer constar tamén que a devandita profesora participou, mentres estaba de baixa, na reunión do consello de departamento celebrada o 27 de outubro de 2011, tal e como se recolle na acta á que tivemos acceso.

En base ao exposto, SOLICITAN

1. Sexa invalidado o proceso electoral que levou a elección de Director de Dpto., en vista das irregularidades detectadas.

2. Se repita o proceso electoral, permitindo a participación real do estudantes (nas cotas establecidas nos Estatutos da USC), ben autorizando o voto dos abaixo asinantes ou ben convocando eleccións a representantes de alumnos, para que o noso colectivo poida dispor da representación nos órganos de goberno á que ten dereito, tal e como se recolle no Estatuto do Estudantado da Universidade de Santiago, no seu artigo sexto.

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe á Comisión Electoral Central, no que se indica:

“A Comisión Electoral Central, reunida o 2 de febreiro de 2012, para estudar e resolver, entre outros asuntos, a reclamación presentada, sobre as eleccións á dirección do Departamento, estima o seguinte:

1) Que non se incumpriu o art. 60.2 do Regulamento Electoral Xeral da USC (REX), posto que a Secretaría en funcións non presentou a súa candidatura á dirección do Departamento.

2) Que, como acredita o Servizo de Xestión de Persoal, a profesora non estivo de baixa por enfermidade nin obtivo licenza algunha no período que poida interesar ao proceso electoral obxecto de reclamación, polo que a súa participación na elección referida foi adecuada.

3) Que, aínda que un órgano quede sen a representación, ou parte da representación, dun determinado sector, por perder os seus membros os requisitos esixibles para selo, non procede convocar eleccións de forma extraordinaria para cubrir as vacantes que se puideran producir, xa que, como ordena o art. 22.2 do REX, en tal suposto "a vacante manterase ata a celebración das seguintes eleccións que correspondan". Tal mandato en modo algún contradí a declaración do art. 107 dos Estatutos nin a do art. 4 do Estatuto do Estudantado da USC, que establecen o xenérico dereito a participar nos órganos de goberno e xestión da USC.

4) Que, fronte ao aducido no escrito de impugnación, dos documentos que obran en poder desta Comisión dedúcese que dos sete reclamantes unicamente foi convocado, para asistir ao Consello no que se elixiu director, D. ... (quen participou na votación), e non, ademais, os outros seis.

5) Que a composición do Consello do Departamento na elección do seu director non foi correcta, pois a competencia para dar de baixa a un representante dun órgano colexiado é da Secretaría Xeral. En efecto, segundo o art. 22.2 do REX "Correspóndelle á Secretaría Xeral, unha vez coñecida a existencia dunha vacante, dar de baixa no órgano aos representantes que perderan a condición de membros do mesmo e, de ser o caso, incorporar como membros aos substitutos".

Non obstante o disposto neste art. 22.2, debe tomarse tamén en consideración, para resolver a reclamación presentada, o sinalado no art. 14.1 do REX relativo á conservación dos actos electorais, precepto no que se indica que "os vicios do procedemento electoral unicamente producirán a nulidade de actuacións cando sexan determinantes do resultado da elección".

Á vista do anterior, tendo en conta, por unha parte, que dos sete representantes do alumnado cinco remataron os seus estudos, e dos cinco substitutos rematou os seus estudos un, polo que ningunha destas seis persoas poden ser membros do Consello de Departamento; e partindo incluso, por outra parte, da hipótese de que as tres alumnas matriculadas no "Máster ..." non deixaron de pertencer ao sector polo que foron elixidos (aspecto sobre o que a Comisión non se pronuncia neste Acordo), o corpo electoral para a elección do director do Departamento tería que estar integrado por cinco membros máis, número insuficiente en todo caso para alterar a elección como director do Departamento (O profesor elixido obtivo 25 votos, e o outro profesor 19, co cal a diferenza entre os candidatos é de seis votos a favor do profesor elixido).

En consecuencia, a Comisión Electoral Central

ACORDA que debe aplicarse o citado art. 14.1 do REX e, xa que logo, conservar o acto electoral no que resultou elixido como director do Departamento o profesor D.

De conformidade co art. 7.3 do REX, o presente acordo esgota a vía administrativa."

Admitindo a corrección do acordo da Comisión Electoral Central da USC considero conveniente facer as seguintes consideracións:

Os Órganos de Goberno colexiados, entre eles os Consellos de Departamento, son órganos que garanten, a través dunha representación, a participación no goberno dos diferentes sectores que constitúen a comunidade universitaria. Neles os acordos, como é a elección de Director de Departamento que motiva a presente queixa, tomaranse despois de opinar e debater, polo que é necesario que ás sesións sexan convocados só os membros do órgano, pero tamén todos os membros do órgano.

Por iso recomendo que se leven a cabo as actuacións que se considere oportuno para garantir que as composicións dos órganos colexiados se manteña actualizada permanentemente, incorporando aos novos membros, dando de baixa aos que perdan a condición e substituílos, no seu caso, polos correspondentes suplentes.

Q 1201/04

Presentada por unha alumna egresada da USC na que indicaba ter coñecemento de que consta como docente cando menos nun curso online impartido por unha empresa en colaboración cunha asociación estudantil da USC. E informando que non tivo ningún tipo de relación contractual con dita empresa nin impartiu ningún dos seus cursos, nin asinou ningún tipo de autorización para que se empregaran os seus datos

Solicitada información ao respecto á Vicerreitoría de Titulacións e PDI, informou o seguinte:

“1.- Que Dona. ...figura como docente no curso online organizado e do que é exclusivamente responsable a empresa.

2.- Que unha vez solicitada aclaración á responsable pola USC da antedita actividade de libre configuración, infórmanos que a empresa responsable da actividade, recibiu renuncia a participar no curso de Dona. ... e procedeu á modificación do profesor, pero non o comunicou á USC nin modificou a información publicitada.

3.- Que a actividade de libre configuración neste caso foi organizada por unha entidade externa á USC e a responsable do seu seguimento non foi informada respecto ao cambio de profesorado. En consecuencia se deu a orde de retirar a Dona. ... da publicidade da actividade e se instou á responsable da USC do curso da necesidade de trasladar calquera cambio que se produza para efectos de garantir que as actividades que se recoñezan como libre configuración coincidan plenamente coas propostas aprobadas pola COAP.”

Q 1201/05

Análoga á Q 1202/05.

Q 1202/01

Presentada por un estudante de Grao en relación coa problemática xurdida neste ano co procedemento de solicitude de bolsas de estudo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no que indicaba que non lle sería concedida debido a un fallo informático, a pesares de que cumpría os requisitos para recibir a bolsa, sen embargo non lle será concedida xa que o MEC nega ter recibido dita solicitude online.

O informe solicitado á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua expón:

.../ En todo caso, e á vista da existencia de alumnos desta universidade con solicitudes que quedaran en estados intermedios, sen que se formalizase o trámite final de "presentación", dende o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado solicitouse do Ministerio de Educación unha aclaración respecto de como proceder. O ministerio de Educación á vista da solicitude desta universidade e de solicitudes no mesmo sentido doutras universidades remitiu un correo electrónico a todas as universidades na que se transmitía por instrución da Subdirectora General do Ministerio de Educación o seguinte: "Como seguramente habréis comprobado, se están detectando casos de alumnos cuya solicitud de beca quedó en estados intermedios (grabada o confirmada) sin que, por tanto, se haya presentado formalmente. Ante las peticiones de estos alumnos para que se considere presentada su solicitud, el criterio de la Subdirección General, basado en la consulta realizada al respecto a la Abogacía del Estado, es que no es posible tramitar estas solicitudes"

Por outro lado débese ter en conta que as competencias relativas á interpretación e resolución relativas á convocatoria de "becas de carácter general y de movilidad para el curso académico 2011-2012, para estudiantes de enseñanzas universitarias (orden EDU/2098/2011)" corresponden ao Ministerio de Educación, polo que calquera modificación da convocatoria, do procedemento ou das resolucións debe ser adoptada polo propio Ministerio de Educación."

Q 1202/02

Queixas relacionadas co non recoñecemento como créditos de libre configuración dun curso impartido por unha Asociación. Expoñían que asistiran a un

curso publicitado en todas as facultades do campus no que se ofertaban 4 créditos (solicitados). Unha vez no curso aseguráuselles ditos créditos, máis rematado o mesmo obteñen evasivas e non se certifican, resultando que dende o primeiro momento e antes de que comezase o curso os organizadores eran conscientes de que enganaban ao alumnado ofrecendo eses 4 créditos.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que teñen respostado a queixas análogas presentadas o seguinte:

1. A USC tivo coñecemento indirecto de que esta asociación estaba a utilizar o logotipo desta Universidade e información incorrecta sobre Cursos organizados en exclusiva por esa asociación.
2. Dende a dirección da USC se lle comunicou á Asociación en diversas ocasións ao longo do mes de outubro de 2011, da imposibilidade do uso de elementos de identidade da USC sen a previa autorización da Universidade e tamén sobre a información recollida en dípticos e carteis sobre o número de créditos que podería solicitar o estudiantado matriculado nos mesmos para o seu recoñecemento como créditos de libre configuración, xa que esa información era errónea e podería levar a confusión, por canto o recoñecemento non sería efectivo en ningún caso, se os cursos non eran autorizados previamente polo órgano competente da USC.
3. A este respecto a Asociación comunicou á dirección a USC que os carteis e dípticos publicados se modificaran e xa retiraran os antigos e na súa web figuraba que os créditos estaban en proceso de solicitude e reiteraron que tanto nos carteis novos como na súa web simplemente informaban de que “está solicitado o recoñecemento dos créditos”. Tamén indicaron á dirección da USC que no novo díptico non figuraban elementos de identidade da USC.
4. Sobre o uso do logo da USC dende a dirección da USC se lle indicou á Asociación que a inclusión destes elementos na campaña de difusión dalgún dos cursos organizados pola Asociación soamente se autorizaría unha vez que o dito curso tivera aprobación da autoridade competente para ser recoñecido como créditos de libre configuración e soamente para ese curso nomeadamente, non de xeito xeneralizado.
5. Segundo consta nos arquivos da USC os cursos solicitados pola Asociación para o curso 2011/2012 non foron aprobados polas autoridades da USC para ser recoñecidos para a libre configuración curricular segundo o procedemento

establecido na normativa que se cita ao final do texto. A asociación presentou a solicitude de recoñecemento do curso fóra de prazo, polo que non se estimou a petición.

En consecuencia, os cursos organizados son da única e exclusiva responsabilidade da Asociación, sen que a USC tivera ningunha participación nin na súa organización nin no seu desenvolvemento e moito menos no cobro dos importes correspondentes.

Polo tanto, as actuacións relativas á solicitude de devolución do importe do curso terán que dirixilas á citada Asociación, xa que a cantidade aboada polo alumnado do curso foi pagada directamente á Asociación e non á Universidade de Santiago de Compostela e loxicamente, non se pode devolver o que non se ingresou.

Por todo o anterior a USC se desvincula das actuacións realizadas pola Asociación a título privado, e que nada teñen que ver coa actividade de ensino superior que presta a nosa institución, o que non quita que os propios alumnos podan reclamar contra a asociación por publicidade enganosa ou que se poida facer de oficio dende a USC, co obxecto de que non se repitan situacións de este tipo que lesionan tanto os intereses da institución universitaria como os do estudiantado matriculado no curso.”

Q 1202/03

Escrito de queixa presentado en relación co procedemento e criterios de avaliación nunha materia.

No informe enviado o Sr. decano comunica as xestións realizadas ao respecto, dando audiencia á alumna e solicitando informe ao profesor responsable da materia de acordo co procedemento estipulado no regulamento.

Q 1202/04

Queixas presentadas por estudantes dun Grao en relación coa imposibilidade de matricular máis de 75 créditos ETCS nas ensinanzas de Grao a tempo completo, nas que indicaban:

- Que cando efectuaron a súa matrícula por internet, no mes de xullo, non puideron efectuala en máis de 75 créditos, tendo que desistir na súa intención de realizar a matrícula nalgunhas materias das que estaban interesados.

- Que á vista do acontecido solicitaron información no COIE, onde lles indicaron que en febreiro, se liberaban créditos das materias aprobándoas no 1º cuatrimestre, poderían modificar a súa matrícula ampliándoa.

O Servizo de Xestión Académica enviou o seguinte escrito:

“Os alumnos solicitaron con data 13 de febreiro de 2012 ampliar a súa matrícula para o presente curso académico 2011/2012.

Os alumnos figuran matriculados de 72 créditos polo que con data 23 de febreiro de 2012 emítense as correspondentes resolucións desestimando as súas peticións de acordo co establecido no apartado 2.1.2. da Convocatoria de matrícula: “ (...) Non se permitirá matricular de máis de 75 créditos ECTS aos alumnos e alumnas nas ensinanzas de Grao a tempo completo, en aplicación do disposto no apartado cuarto do acordo de Consello de Goberno do 29 de abril de 2008, sobre a xestión das ensinanzas de Grao na Universidade de Santiago de Compostela.”

Q 1202/05

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante dun programa de doutoramento en relación coa denegación por parte do Servizo de Xestión Académica dunha solicitude de exención de prezos públicos en concepto de tutela académica na etapa de tese por ser beneficiaria dunha bolsa FPU.

Deuse traslado da queixa á Secretaría Xeral.

Q 1202/06

Queixa motivada polo recoñecemento efectuado para unha licenciatura dos estudos cursados nunha universidade estranxeira ao abeiro dun programa/convenio de intercambio universitario.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que a alumna tiña presentado un recurso en relación co tema obxecto da queixa e que o mesmo foi desestimado ao axustarse o recoñecemento de estudos ao intercambio realizado, e non proceder ter en conta para o recoñecemento das materias superadas os créditos nos que obtivo unha cualificación de suspenso.

Q 1202/07

Análoga á queixa Q 1202/05

Q 1203/01

Foron presentados escritos de queixa por estudantes dunha Licenciatura en relación coa anulación dunha modificación de matrícula do segundo cuadrimestre que tiñan efectuado. Nos escritos expoñen:

- Que recibiron do Servizo de Xestión Académica unha comunicación indicándolles que a modificación de matrícula do segundo cuadrimestre non era válida.
- Que dita modificación de matrícula a efectuaron a través da rede, sen que en ningún momento a aplicación informática llelo impedise e obtendo un extracto da nova matrícula, figurando no seu expediente a modificación realizada.

O Servizo de Xestión Académica enviou o seguinte informe:

Emítese Resolución Reitoral pola que se desestima a petición realizada pola alumna e o restablecemento da súa matrícula ao estado anterior á súa modificación no segundo cuadrimestre. Devandita Resolución emítese tras escrito de alegacións presentados pola mesma á notificación onde se lle comunicaba o comezo dun proceso de revisión de oficio da súa matrícula, logo de ter efectuado a interesada unha modificación a través da Secretaría Virtual non axustada á Convocatoria de matrícula do curso académico 2011/2012.

A instrución 5/2012 da Secretaría Xeral da USC sobre modificación de materias básicas do segundo cuadrimestre publicada o día 3 de abril de 2012, establece no seu apartado Único o seguinte: *“Excepcionalmente e para o Curso 2011/2012, o alumnado ao que o programa informático permitiulle modificar a matrícula do segundo cuadrimestre en materias básicas, troncais ou anuais, poderá manter.”*

De acordo coa Instrución 5/2012 mantense a matrícula realizada pola alumna no segundo período de modificación a través da Secretaría Virtual.”

Q 1203/02

Presentado por un estudante en relación coa anulación de oficio pola USC dunha modificación de matrícula do segundo cuadrimestre que tiña efectuado.

O Servizo de Xestión Académica informa no mesmo senso que a queixa anterior.

Q 1203/03

Estudantes de 3º de Grao que se queixan en relación co proceso seguido para a modificación do plano de estudos, ao terse intercambiado materias de 3º e 4º curso.

O informe recibido do centro pon de manifesto que:

.../, a solicitude aprobada tramitouse a través dos órganos pertinentes co obxecto de que, de ser admitida, entrase en vigor no curso 2012/2013.

O 3 de decembro de 2012 a ACSUG emitiu un Informe Final de avaliación en termos Favorables.

4.- Dado que a modificación do plano de estudos foi aprobada para poñela en práctica no curso 2012/2013, non era posible, no curso 2011/2012, sen estar aprobada, informar dos cambios; o que sí se podía, e así se fixo, foi informar da solicitude realizada, para coñecemento do alumnado. Non procedía tampouco, polos mesmos motivos, no curso 2011/2012, a modificación da matrícula por cambios inexistentes no plano de estudos.

5.- A decisión tomada non afectou, en ningún caso, ós horarios das materias do curso 2011/2012.

En resume, os cambios solicitados e posteriormente aprobados, foron pensados para favorecer a formación do alumnado, incorporando un réxime horario transitorio no curso 2012/2013 que permitise resolver de xeito sinxelo os posibles problemas e, en ningún caso, afectaron ao curso 2011-2012.

Q 1203/04

Presentado un escrito de queixa que cuestiona a calidade e rigor científico dun curso que se imparte na USC.

O informe explicativo dos directores do curso aporta datos sobre o rigor científico da temática e da calidade e adecuación do persoal docente, que se envía ao presentador da queixa.

Q 1203/05

Foi presentado un escrito de queixa por investigadores predoutorais en relación coa non expedición dun documento que acredite a participación nuns cursos. No escrito indicábase:

“Antes do verán comunicóusenos que se ían realizar dous cursos para o persoal docente e investigador da Facultade e que serían desenvolvidos polo departamento de Nos os tres fixemos a inscrición para os dous cursos sen que se nos puxera ningún problema. Deste xeito acudimos a tódalas sesións presenciais -para o que firmamos na folia de asistencia- e ao rematar as sesións teóricas entregamos os exercicios prácticos solicitados para obter o título do curso.

Durante a realización do curso informouse de que os organizadores ían solicitar a validación destes cursos como do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID).

No momento en que se nos informou de que xa se podían solicitar os diplomas dos cursos, puxémonos en contacto co Programa de Formación e Innovación Docente para solicitalos. Aquí fomos informados de que nos tres casos aparecíamos coma NON APTO, o motivo que se nos deu para esta valoración foi o de non ter un contrato predoutoral FPI, FPU ou María Barbeito como figura nas bases dos cursos PFID. Nós os tres traballamos dentro do mesmo grupo de investigación, pero en dous casos nese momento tiñan un contrato a cargo dun proxecto; e eu non teño contrato directo ca universidade xa que obtiven unha bolsa dunha Fundación.”

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe ao respecto, recibindo a correspondente comunicación da Sra. directora do CeTA e coordinadora do PFID na que se expón:

"As actividades do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) están destinadas ao Persoal Docente e Investigador (PDI) da Universidade de Santiago de Compostela que exerce ou colabora na docencia reglada: profesores/as dos corpos docentes universitarios e profesores/as contratados, investigadores contratados dos programas Parga Pondal, Ramón y Cajal ou investigadores/as Ángeles Alvariño e bolseiros/as-contratos predoutorais (FPI, FPU, María Barbeito, PREU)"

O persoal que formula a queixa non acredita pertencer a ningunha das categorías de destinatarios aos que vai dirixido o PFID en ningunha das súas modalidades, polo que o ser una actividade organizada baixo demanda por un centro poden participar se así o entende o mesmo pero non poden ser obxecto de recoñecemento polo Plan de Formación e Innovación Docente da USC como solicitan.

Do exposto nos escritos anteriores dérase que aos presentadores da queixa non se lles pode recoñecer o curso como do Plan de Formación e Innovación Docente por non pertencer a ningún dos colectivos aos que vai dirixido: profesores/as en activo, investigadores Ramón y Cajal, Parga Pondal, ou investigadores/as Ángeles Alvariño e bolseiros/as –contratos predoutorais- PFI, FPU, María Barbeito, PREU.

No entanto, considérase que teñen dereito a obter un documento acreditativo de ter realizado o curso, polo que entendemos deben efectuar a correspondente solicitude aos organizadores do mesmo para que lles expidan o documento que xustifique dita realización.

Q 1203/06

Queixa en relación coa expedición do certificado supletorio do seu título, expoñía que no seu certificado non constaba o nº do Registro Nacional de Títulos, que debía figurar en todo certificado supletorio dende o 2010 e que polo tanto non llo poden legalizar e infórmanlle que pida na USC un certificado onde si conste. O

alumno indica que traslada esta información do Ministerio á UXA, onde lle facilitan outra contraditoria.

Ponse a problemática en coñecemento da Secretaría Xeral, que informa::

O novo Real Decreto de Títulos establece a obriga de consignar o nº de rexistro de títulos na certificación supletoria, pero o Ministerio aínda non estableceu o modelo.

A Subdirectora de títulos parece que enviou ás universidades un correo indicando que non se ían a legalizar títulos se non tiñan este nº de rexistro. Na USC non se recibiu este escrito.

A USC tivo conversas co Ministerio e presentou escrito asinado polo Reitor para que non tiveran en conta este número nos certificados supletorios xa que nas universidades do SUG aínda non se implantara o módulo de títulos conforme ao Real Decreto.

No caso deste alumno, esta queixa a presentou directamente en Secretaría Xeral e foi tramitada pola secretaría xeral adxunta como o demostran a cantidade de correos mantidos co interesado.

A solución para este caso foi facer un certificado supletorio ad hoc no que se contiña o nº de rexistro de títulos que se lle entregou en man e que o presentou no Ministerio.

Q 1204/01

Escrito de queixa presentado por un membro da comunidade universitaria en relación co inadecuado estado das pistas de tenis para a práctica do deporte e expoñendo situacións de risco que, en consecuencia, se teñen producido para os usuarios.

Dende a Dirección da Área de Infraestruturas informan que foi contratada a obra de substitución do pavimento das pistas de tenis.

Q 1204/02

Forn presentados escritos de queixa por un estudante e polo equipo de dirección dunha facultade nos que manifestan a súa desconformidade co

procedemento de selección e asignación de destinos efectuado no Programa de mobilidade de estudantes mediante convenio bilateral con Iberoamérica.

Formúlanse á Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internalización as cuestións que se relacionan, obtendo as respostas clarificadoras que se trasladaron aos presentadores da queixa:

1.- En relación co escrito de queixa:

Pregunta:

- se se envían estudantes a universidades que non imparten os estudos que cursan na USC, e de selo caso, que criterios se seguen para facelo.

Resposta:

Non se envían estudantes a universidades que non imparten os estudos que cursan na USC. Pero as asignacións de destinos fanse nos centros. O Servizo de Relacións Exteriores (SRE) non comproba este dato porque supón que o centro sabe en que universidades se ofertan as mesmas titulacións que neles se imparten.

Pregunta:

- se se excede a cota de estudantes enviados á Universidade de Córdoba, Arxentina.

Resposta:

Non, non se excede a cota.

2.- En relación co escrito que esa Vicerreitoría envía ao estudante presentador da queixa:

Pregunta:

- cales son os motivos polos que as universidades rexeitan aos estudantes que lle foron asignados, e que actuacións leva a cabo a USC neses casos.

Resposta:

Os motivos son individuais en cada caso. Se non é un problema de elixibilidade do alumno, o SRE trata de reubicalo noutra universidade dispoñible.

Pregunta:

- qué criterios segue a Vicerreitoría para reubicar aos estudantes e, de selo caso, que procedemento se segue para consultar e informar aos centros.

Resposta:

O SRE reubica aos estudantes en universidades dispoñibles que teñan a mesma titulación, a ser posible no mesmo país ou, senón, noutro do mesmo ámbito xeográfico.

Q 1205/01

Queixa presentada por un estudante en relación co recoñecemento de estudos cursados nunha titulación técnica a un grao.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que se estimou parcialmente o recurso de reposición que o alumno tiña interposto contra a resolución de recoñecemento de estudos.

Q 1205/02

Presentado un escrito de queixa por alumnos dun Máster no que manifestan a súa desconformidade coa docencia dunha materia.

Trasladouse a queixa ao Decanato correspondente.

Q 1205/03

Foron presentados tres escritos de queixa en relación co procedemento de valoración de expedientes académicos seguido nas Unidades de Xestión Académica, polo que a situación actual é que existen simultaneamente expedientes certificados de titulacións de segundo ciclo do Campus de Lugo que contan con notas medias soamente das materias que compoñen o segundo ciclo e outros coa nota media ponderada entre o primeiro e o segundo ciclo aínda que respondan ambos ao mesmo protocolo establecido polo RD 1125/2003. Isto supón un agravio comparativo entre os titulados que concorren a premios/bolsas/postos de traballo nas que se lles ten en conta a nota media.

O informe recibido da Secretaría Xeral indica ao respecto:

.../ 2.- As tres universidades galegas solicitaron no seu día a unificación do sistema de cálculo de notas medias para todo o sistema SUG para todas as convocatorias realizadas polas universidades galegas e pola Xunta de Galicia, nun sistema pioneiro en todo o Estado Español.

Na última reunión da Comisión de Seguimento (13/02/2012) acordouse a modificación na interpretación.

A partir desta data a aplicación informática se adaptou a este sistema.

5.- É posible que entre a entrada en vigor do Protocolo e a aprobación da addenda algunhas certificacións contiveran a media ponderada das dúas titulacións de primeiro e de segundo ciclo (as dos expedientes que a universidade posuía) e outras con só as cualificacións da titulación do segundo ciclo (expedientes que non figuraban no sistema informático) de aí a necesidade de axustar o Protocolo.

Non obstante o anterior, nos procesos de concorrencia competitiva (bolsas...) ordinariamente é a propia universidade a que facilita directamente os datos dos expedientes dos solicitantes.

6.- Os alumnos poden solicitar diversos tipos de certificacións, globais, parciais, con notas medias, con varios tipos de notas medias, en base 4, en base 10, con só materias aprobadas, especiais para determinadas convocatorias do MEC, etc.

Deste xeito non se pode dicir que exista un único modelo de certificación nin un único sistema de expedir a notas medias.

Por outra banda non é posible "retirar" certificacións de expedientes emitidos, pero no caso de que exista algunha dúbida sobre as notas medias o órgano convocante, de oficio ou a instancia de parte, pode pedir que se clarifique o sistema de cálculo de calquera nota media emitida."

Q 1205/04

Queixa presentada por unha alumna en relación coa inadmisión a trámite da solicitude de revisión de cualificación dunha materia.

A Secretaría Xeral achegou un informe no que di o seguinte:

Desestimouse o recurso interposto pola alumna por canto:

- No procedemento de revisión seguíronse as normas establecidas pola USC para a revisión extraordinaria de cualificacións e nunha primeira instancia, o Decano da Facultade resolveu inadmitir a trámite a reclamación presentada ao considerar que a reclamación carece por completo de motivación, habendo recibido a alumna as explicacións por parte do profesor da materia acerca de cales foron as razóns da cualificación.

Q 1205/05

Presentado un escrito de queixa por unha alumna dun máster en relación cos criterios de avaliación do Traballo Fin de Máster (TFM)

O informe recibido da Coordinadora do Máster indicou que:

O programa da materia, accesible a través da páxina web detalla os criterios de avaliación específicos de cada unha das materias do máster e na que é obxecto da queixa recolle o seguinte texto:

- "...El sistema de evaluación del Trabajo Fin de Master se basará en la evaluación continua del trabajo de los alumnos realizado tanto en las horas presencia/es como no presencia/es. Finalizado el Taller de la materia, los alumnos deberán presentar el trabajo en formato papel y digital que lo profesores analizarán y valorarán conjuntamente... Los alumnos, deberán realizar una exposición pública y defensa de su trabajo fin de master ante un tribunal. La valoración efectuada por el tribunal junto con la valoración del taller presentado en formato papel y digital, determinará la calificación final del Trabajo fin de master."

No texto quedan claramente reflectidos os criterios de avaliación, que son: o traballo do alumno nas horas presenciais e non presenciais que debe completarse coa entrega dun documento en formato papel e dixital, e a exposición pública e defensa do traballo ante un tribunal.

Q 1205/06

Foron presentados escritos perante o Valedor por dúas membros do P.A.S. manifestando a súa desconformidade coa resolución pola que se convocaban probas selectivas para o ingreso na escala administrativa, subgrupo C1, pola quenda de promoción interna. En concreto co apartado 2.1.d) da convocatoria polo que non se valoran os servizos prestados como interino/a aos efectos de cumprir co requisito de *“ser funcionario de carreira da escala auxiliar, subgrupo C2, en servizo activo con destino definitivo ou en adscrición provisional na USC e posuír unha antigüidade de polo menos dous anos...”*

A Xerencia informa que se teñen estimado os recursos de reposición interpostos ao respecto no sentido de anular a base 2.1.d) da convocatoria en canto ao requisito de “posuír unha antigüidade de, polo menos dous anos, como funcionario/a de carreira” e en consecuencia publicar no DOG a procedente modificación da convocatoria.

Q 1206/01

Presentada por estudantes dunha Facultade en relación co proceso de descentralización obrigatoria das prácticas tuteladas no Grao.

Trasladouse a queixa á Secretaría Xeral ao efecto de que adoptase as medidas necesarias para corrixir as disfuncionalidades obxecto da queixa.

Q 1206/02

Presentado un escrito de queixa por un alumno do IV Ciclo Universitario en relación co estado das pistas de tenis da USC.

Dende a Dirección da Área de Infraestruturas informaron da contratación da obra de substitución do pavimento das pistas de tenis.

Q 1206/03

Escrito de queixa asinado por un profesor titular en relación co procedemento de cómputo de períodos para o recoñecemento de quinquenios docentes, ao non serlle tido en conta o tempo no que desenvolveu a súa actividade cunha bolsa financiada por unha fundación privada.

A Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador indica:

Non hai evidencia de que se tiveran en conta en anteriores convocatorias bolsas convocadas por entidades puramente privadas; si hai constancia de que nalguna convocatoria se tiveron en conta bolsas nas que a entidade convocante era unha corporación participada polas administracións públicas, con status xurídico neste aspecto diferente, polo tanto, ao da Fundación, de cuxas bolsas foi beneficiario o presentador da queixa.

Así mesmo, infórmolle de que neste momento está pendente de resolverse un recurso contencioso administrativo interposto sobre esta cuestión, poñéndome á súa disposición en relación a calquera aclaración que precise.”

E á vista do indicado no último parágrafo en cumprimento co establecido no artigo 10.4 do Estatuto do Valedor *suspéndense as actuacións* en relación coa presente queixa:

Art. 10.4: O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

Q 1206/04

Escrito presentado por un estudante licenciado en relación coa convocatoria de Probas de Competencia Lingüística nivel B1 no que solicitaba a súa anulación para a realización do exame de idiomas, necesario para poder matricularse no Máster Docente, por considerar que se basea no principio de desigualdade ante a lei, por establecer uns criterios de selección discriminatorios para os licenciados respecto dos graduados.

O Sr. vicerreitor de Titulacións e PDI enviou un informe no que, entre outras cuestións, indica:

Por resolución reitoral inadmítese a trámite a solicitude de anulación da convocatoria por extemporánea.

Así a convocatoria non está dirixida aos titulados que queren acceder ao Máster docente onde é requisito a acreditación dun nivel lingüístico dunha lingua estranxeira, senón que se dirixe tamén e de xeito preferente aos estudantes de grao que non teñen acreditado o seu nivel de idioma estranxeiro, xa que este é un requisito imprescindible para poder obter a titulación que están a cursar na USC.

Q 1206/05

Presentada por unha estudante en relación cos criterios de avaliación aplicados a alumnos que teñen concedido un intercambio de estudos. No escrito indicaba:

Que aos estudantes de grao que están de intercambio os docentes das materias das que se terán que examinar na USC lles esixen realizar a avaliación continua ao igual que o resto dos compañeiros que se atopan presentes. Dado que eles non poden asistir a clase e realizar as actividades esixidas, por estar de intercambio, perden o 30% da puntuación final.

A secretaría xeral informou:

../d.- En consecuencia, en relación coa queixa cómpre indicar que a USC modificou o réxime de matrícula de intercambios de tal xeito que agás os TFG e as prácticas, no resto das materias non se pode matricular nin render exame na USC, polo que este problema non debería poder volver a producirse.

e.- En todo caso cómpre indicar que no momento de matrícula o alumnado coñece o sistema de avaliación e os requisitos para superar a materia, sen que exista un réxime especial de avaliación para os alumnos que se atopan en réxime de intercambio.

Q 1206/06

Queixa formulada por estudantes dun Grao en relación co desenvolvemento de distintos aspectos da docencia e avaliación dunha materia: a docente non cumpre co horario de titorías, os criterios de avaliación aplicados non se corresponden cos aprobados no programa, non cumpre cos prazos de publicación das notas provisórias nin o tempo estipulado para as revisións, esixe un mínimo de asistencia non pasando a listaxe aos alumnos, perdeu prácticas, insta aos alumnos a que non se presenten ao exame de xullo...

No informe recibido do Decanato da Facultade indícase:

.../ 2. O día 26 de xuño reuníronse no decanato, convocados por min, a profesora aludida, o director do departamento ao que pertence esta profesora, a vicedecana de organización académica desta Facultade e eu mesmo. Nesta reunión precisouse a descrición dos feitos así como o seu significado á luz das normativas da USC e da propia Facultade.

3. Co acordo de todos os presentes, tomouse a decisión de que todo o alumnado poderá concorrer aos exames de xullo. Aqueles que teñan cubertas as súas obrigas de asistencia e de entrega dos traballos prácticos realizarán o exame nas mesmas condicións que en xuño. O resto do alumnado renderá un exame sobre os contidos teóricos e prácticos da materia. O peso do exame na cualificación será do 70%, tal como se recolle no programa da materia. As reclamacións individuais sobre as cualificacións serán resoltas de acordo coa normativa da USC ao respecto.

Q 1207/01

Presentado pola Sra. decana dunha Facultade en relación con posibles deficiencias de seguridade no centro CIBUS expoñendo que nesa data e dentro do Plan de Autoprotección do Servizo de Prevención de Riscos, estaba programado un simulacro de incendio ás 11 h no citado Centro. Despois dunha espera de case media hora e tras realizar unha chamada para averiguar a causa do retraso, comunícase que non habería simulacro por non estar instaladas as alarmas ou porque as mesmas non funcionaban.

O informe do Servizo de Prevención de Riscos da USC, do que se deu traslado á presentadora da queixa, indicaba as actuacións realizadas e coas que se pretende solventar as incidencias detectadas.

Q 1207/02

Foi presentado un escrito de queixa asinado por 34 membros do PDI en relación cos criterios de adxudicación de prazas nos cursos do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), no que expoñían:

.../ ao profesorado con adscrición docente no Campus de Lugo pero que investiga no campus de Santiago, non se lle permite matricularse nos cursos impartidos neste último se o número de profesores/as con adscrición a Santiago que aparece na listaxe de preinscritos xa abonda para encher todas as prazas, con independencia de cal sexa a súa posición orixinal na lista de agarda.

Nembargante, nos últimos tempos estase a aplicar, para os cursos ofertados en ambos os dous campus, un criterio de selección para a admisión no que se ten en conta o campus de adscrición docente do PDI que se preinscribe neles. Deste xeito, as persoas que traballamos nos dous campus non podemos matricularnos nos cursos impartidos en Santiago até que, finalizado o prazo de preinscrición, se comproba a existencia de prazas libres trala matriculación do PDI do Campus de Santiago. Con tales limitacións, as posibilidades de conseguir praza nos cursos máis demandados son nulas. Ademais, estas restricións van en contra da construción dunha USC global, ao trataren o persoal dun e doutro campus coma se formasen parte de dúas universidades diferentes. Óbviasse unha realidade: existe profesorado que traballa nos dous campus. Con esforzo extra a cargo deses docentes, non da universidade.

No informe que lle foi solicitado, a Sra. directora do CeTA e coordinadora do PFID indicaba:

O Plan de Formación e Innovación Docente da universidade, desde as súas orixes fai unha oferta de cursos continuada en ambos os campus achegando deste xeito a formación continua ao posto de traballo todo o PDI. A estratexia que se segue é manter unha oferta equilibrada en ambos campus garantindo a sustentabilidade e a estabilidade do Plan nos dous campus da institución e evitando a centralización da oferta nunha única sede e, por tanto, potenciando tamén así o campus lucense. Desta forma no ano 2010 estableceuse unha segunda sede de referencia do PFID e do CeTA en Lugo.

A oferta xeral do PFID complementábase con actividades formativas solicitadas por centros ou grupos de profesores no Plan a demanda. E habitualmente incorpóranse entre as actividades de formación do plan xeral contidos suxeridos polos propios usuarios (profesores, centros, departamentos) sempre que exista un interese por parte dun grupo de docentes ou dun centro para actuar conforme a principios de sustentabilidade e eficacia.

A solicitude de prazas nas actividades ofertadas polo PFID realízase polos interesados e de forma electrónica mediante a aplicación xescampus. Para iso, dispomos dun procedemento de preinscrición supervisado polos responsables e servizos administrativos de apoio ao PFID mediante o cal se realiza a matrícula. Habitualmente se a demanda no campus onde se oferta a actividade non se cobre coas solicitudes dos destinatarios adscritos a ese campus ábrese a matrícula a solicitudes de solicitantes do outro campus.

Se a formación realízase en cada campus para achegala ao posto de traballo e garantir unha oferta estable nos dous campus da USC, non parece razoable que usuarios adscritos ao campus onde está programada a actividade que solicitaron participar na mesma en tempo e forma teñan que desprazarse a realizala noutro campus ou queden excluídos dunha actividade programada na localización xeográfica onde teñen adscrito o seu posto de traballo.

Por todas as razóns expostas, nas actividades programadas en cada campus dáse prioridade aos destinatarios adscritos ao devandito campus e facilítase a participación dos destinatarios con adscrición ao campus diferente sempre que haxa prazas dispoñibles. Hai que ter en conta tamén que o campus lucense conta cun número menor de destinatarios, o que expón ás veces dificultades para poder ofertar actividades cos ratios de grupo determinadas polo PFID para garantir a sustentabilidade do plan, e mesmo así nalgúns casos faise un esforzo por manter a oferta aínda que non se chegue ao número mínimo para garantir unha oferta equilibrada e estable nos dous campus e non discriminar ao campus de Lugo. A estratexia que suxiren na reclamación de non ter en conta a adscrición dos destinatarios derivaría nunha redución progresiva da demanda en Lugo e unha centralización da oferta en Santiago.

Neste escrito informábase dos criterios que se consideran para a participación en actividades ofertadas polo PFID nun determinado Campus (Santiago ou Lugo). Xunto co criterio de garantir a oferta no Campus de Lugo, cobra especial relevancia e case se converte en exclusivo o criterio de adscrición do PDI ao campus correspondente.

Non parece discutible que o PDI debe estar adscrito a un Campus, agora ben dita adscrición ten como referencia fundamental o Campus onde se desenvolven as tarefas docentes. Nalgúns casos a situación real non concorda coa situación ideal. Ás veces o PDI, por motivos históricos (localización de infraestruturas, grupos de referencia, “política” dos Departamentos) non pode desenvolver todas as súas tarefas no Campus ao que está adscrito, véndose na obriga de compatibilizar os labores docente e investigador en Campus diferentes (ben é certo que soe ser Lugo e Santiago, respectivamente).

Dado que un obxectivo da USC a través do PFID é contribuír á formación ou reciclaxe do seu persoal, parece unha boa estratexia para conqwerilo facilitar na medida do posible a participación nestas actividades.

Neste sentido recoméndase:

Que se estude a posibilidade de que o criterio de adscrición a un campus non sexa practicamente o único que se ten en conta (agás cando a demanda nese Campus non cubre as prazas) e se considere tamén o Campus onde se leva a cabo a investigación ou a docencia, ben entendido de que este criterio só se consideraría cando estivese adecuada e suficientemente xustificada a imposibilidade de desenvolver dita investigación ou docencia no Campus de adscrición.

Q 1207/03

Escrito de queixa presentado por un membro do PDI en relación coa demora de resposta a unha solicitude de información respecto do réxime de dedicación docente que aplica a USC de acordo co Real Decreto Lei 14/2012.

A Vicerreitoría de Titulacións e PDI enviou un informe no que indica ter respostado á solicitude de aclaración que tiña formulado o profesor e informando que o feito de non telo feito con anterioridade debeuse a que involuntariamente o escrito trasapelouse.

Q 1207/04

Foi presentado un escrito por unha estudante de grao expoñendo a súa situación persoal derivada dunha minusvalía certificada oficialmente que lle impide superar certas materias e o prexuízo que lle ocasiona a aplicación das limitacións de

matrícula para o vindeiro curso como consecuencia da implantación da nova Normativa de Permanencia da USC.

Dende a Secretaría Xeral informan que a alumna presentara 7 queixas e unha petición na OAR, solicitude que se tramita no Servizo de Xestión Académica e da que a alumna solicitou revogación.

Q 1209/01

Queixa presentada por un membro do PDI, profesor asociado, en relación coa asignación de docencia dunha materia e a eliminación da praza de profesor asociado a tempo parcial P3 que cubría a docencia da materia.

Deuse traslado da mesma e se solicitou informe á Vicerreitoría de Titulacións e PDI, dende onde indican ter respostado á solicitude efectuada polo presentador da queixa.

Q 1209/02

Foi presentado un escrito por un membro do PDI, na categoría de bolseiro de Formación de Profesorado Universitario (FPU) en relación coa non expedición dun Diploma de Docencia Universitaria para Noveis (DDUN).

No informe recibido da Sra. directora do CeTA e coordinadora do PFID indicábase:

“O PFID emite dous diplomas de cen horas. No caso de Bolseiros con dedicación docente parcial en horas prácticas estableceuse desde xaneiro de 2011 un diploma para noveis denominado Diploma de Docencia Universitaria para Noveis. Os cursos que se inclúen no Diploma son os recoñecidos como Plan Novéis desde o 2010 e os anteriores ao 2010 cando non existían este tipo de cursos.

No expediente de D. ... constan un total de 56 horas de curso que cumbran o requisito:

PFID.09ea-04	O portafolios como ferramenta de aprendizaxe e avaliación	25
--------------	---	----

PFID.11 nov-01	Plan Novéis: Ferramentas informáticas de análise de datos: PASW (SPSS) nivel inicial	15
PFID.11 nov-06	Plan Noveis: Aprendizaxe Corporativo	16

O curso que menciona de PFID.11spr-03 Prevención de Riscos laborais para delegados de prevención non cumpre os requisitos mencionados para contabilizar no DDUN.”

Cómpre sinalar que o antedito informe solicitouse con data 10 de setembro do 2012 á Sra. directora do CeTa e coordinadora do PFID e que foi emitido o 17 de decembro do 2012 e trasladado ao interesado, quen fai unha serie de alegacións que levan a que con data 23 de xaneiro de 2013 se remita de novo un escrito á Sra. directora do CeTa solicitando unha ampliación da información, solicitude que lle foi reiterada en escrito de 14 de marzo de 2013, sen obter contestación.

Ante o informe recibido é necesario facer as seguintes consideracións:

O curso en cuestión leva por título “Curso de prevención de riscos laborais para delegados de prevención” e inicialmente estaba dirixido aos delegados de prevención aínda que con posterioridade ampliouse aos delegados sindicais.

A persoa que presenta a queixa era Delegado Sindical no momento en que se oferta dito curso.

O curso pola súa temática e polos destinatarios, pódese considerar un caso especial dentro da oferta do plan PFID, ao que é difícil aplicarlle o criterio de plan xeral ou plan noveis (en función da relación que cada PDI ten coa Universidade e o seu nivel de participación no POD) porque os delegados sindicais poden pertencer tanto ao grupo ao que vai dirixida a oferta do plan xeral como ao grupo ao que vai dirixida a oferta do plan noveis.

Por todo iso recoméndase que dadas as características deste curso, lle sexa computado a efectos da obtención do diploma de docencia (DDUN), e que con carácter xeral, no sucesivo, este tipo de cursos teñan unha consideración diferente do criterio xeral á hora da súa consideración para a emisión do oportuno diploma, ben sexa DDU ou DDUN

En relación con esta recomendación recibíuse con posterioridade un escrito asinado pola Sra. directora do CeTA con data 14 de xaneiro de 2014 no que ven a indicar os motivos polos que non pode aceptarse dita recomendación:

“O título de DDUN certifica unha formación no exercicio das tarefas docentes do persoal bolsreiro da USC e no que recoñécense horas de formación do Plan de Formación e Innovación Docente. Dentro das horas de formación tamén se recoñecen aquelas que desde algúns servizos da USC ofértanse para a docencia e que entran na categoría de desenvolvemento profesional.

O curso que reclama o interesado foi convocado polo Servizo de Prevención de Riscos da USC para os delegados de prevención na súa tarefa de representante sindical e non como actividade relacionada coa docencia. Por tanto, estímase que este curso non pode ser recoñecido como horas de formación para outorgar un título de cualificación no exercicio da actividade para a docencia universitaria que solicita o interesado.”

Sobre o exposto cómpre facer certas consideracións e precisións:

Na páxina web da USC, onde aparece o Programa de Formación e Innovación Docente (PFID), cando na súa presentación establece o obxectivo do programa di textualmente:

“O Programa de Formación e Innovación Docente ten como finalidade principal establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional dos profesores universitarios.”

Máis adiante establece as posibles propostas que configuran a oferta:

- A oferta de ámbolos dous plans xirará entorno a cursos de carácter xeral ou específico agrupados nos seguintes ámbitos formativos:
 - Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia.
 - Metodoloxía: estratexias de ensino-aprendizaxe, titoría, avaliación.
 - Desenvolvemento profesional
 - Inclúense diversas actividades en colaboración con outros servizos da USC: Servizo de Normalización Lingüística, Oficina de Igualdade de Xénero, Servizo de Prevención de Riscos, etc.

Así pois en función do exposto na web:

- 1.-O curso que motivou a queixa está incluído na oferta dese ano académico (ano 2011-12). Os cursos que forman parte da oferta incluída no PFID, só poden ser convocados polo Centro de Tecnoloxía para a Aprendizaxe (CeTA), único servizo responsable de todos os aspectos vinculados con PFID. Así pois, non se pode argumentar en ningún caso que o curso obxecto da queixa “foi convocado polo Servizo de Prevención de Riscos da USC”
- 2.-Aínda sendo certo que o curso non está estritamente relacionado coa docencia, non é menos certo que si está relacionado coa finalidade principal do programa e ademais na programación existen varios cursos de similares características.

En función do dito reitérase a recomendación feita no seu día e ademais recoméndase que no sucesivo, este tipo de cursos se retiren da oferta do PFID, e se faga unha oferta complementaria na que se aclare que os cursos desta oferta non serán obxecto de recoñecemento a efectos de expedición do título (DDUN).

En relación coa presente recomendación a Vicerreitoría de Titulacións e PDI informa que valorarase para o vindeiro curso a posibilidade de establecer dous plans diferenciados, un enteiramente enfocado á docencia (que será obxecto de recoñecemento de expedición de título DDUN) e outro para actividades máis relacionadas co desenvolvemento profesional.

Q 1209/03

Escrito presentado por estudantes dunha Facultade manifestando as súa queixa sobre distintos aspectos da docencia e avaliación dunha materia.

O Sr. decano envía un informe no que indica as actuacións levadas a cabo na procura de garantir os dereitos dos alumnos reclamantes:

- 1) solicitar do profesor, as correspondentes alegacións, que foron entregadas.

2) convocar á Comisión de Docencia, para estudar o asunto e escoitar aos reclamantes.

3) responder ao escrito remitido polos estudantes mais, solicitando información acerca da actuación convocada e a suspensión da mesma. Na nosa resposta, aclaramos o sentido da actuación, mantendo a convocatoria.

4) consultar á Comisión de Docencia. No transcurso desas sesións, ouviu aos reclamantes e ao profesor de materia.

5) reunida toda a información, respondeuse a cada reclamante.

Q 1209/04

Presentado por unha alumna dun máster en relación co desenvolvemento da docencia e avaliación en dito máster.

A Dirección do Centro de Posgrao remitiu o informe elaborado polos directores do máster que indicaba:

- *Foron entregados ao comezo do curso ao alumnado (de xeito impreso e dixital) os Criterios de Avaliación polos que a Comisión Académica se rexe á hora de cualificar ao final ao alumno.*
- *A alumna non obtivo a cualificación de "Apta". Foi informada persoalmente en relación aos motivos de non obter a cualificación de "Apta" ao remate do curso. En concreto a alumna non superou os requisitos esixidos na parte virtual do curso.*

Q 1209/05

Foi presentado un escrito por estudantes dunha Facultade en relación co procedemento de asignación de grupos. No escrito expoñen:

1.- Entendemos a necesidade de establecer quendas de mañá e tarde para mellorar a eficiencia do centro.

- 2.- Manifestóusenos cando comezamos os estudos de grao que a quenda vespertina sería rotatoria.
- 3.- A quenda de tarde impide a práctica de actividades formativas complementarias que se desenvolven maioritariamente de tarde na nosa cidade.
- 4.- Ao longo destes tres anos temos sido asignados reiteradamente na quenda vespertina, sendo discriminados fronte aos nosos compañeiros sen ningunha razón obxectiva.

A Sra. decana remitiu un informe indicando:

Os alumnos que comezaron estudos no curso 2010-2011 cuxo primeiro apelido comeza polo, O, N e M efectivamente ten asignada quenda de tarde no terceiro curso, polas razóns Obxectivas, entendo plenamente xustificadas por parte do Centro. Poño no seu coñecemento ademais que a parte dos catro alumnos que presentaron o escrito, son outros 16 os que están nas mesmas condicións, polo que se ao organizar os grupos de terceiro incluísemos esas letras no Grupo A, o número de alumnos do grupo A duplicaría o número de alumnos do Grupo B nas clases expositivas, e os grupos interactivos de terceiro A terían entono a 30 alumnos e os do Grupo B entono a 17, a maiores o numero de grupos de practicas de laboratorio (que son de 20 alumnos) tamén estarían descompensados da mañá á tarde.

Como queira que a normativa de cambio de grupo está pendente de ser aprobada por Consello de Goberno da USC, son mentres tanto os Centros os que establecerán os criterios, tanto para a asignación como para o cambio de grupo.

Q 1209/06

Foi presentado un escrito polo colectivo de persoal docente e investigador contratado ao abeiro do programa Isidro Parga Pondal de 2006 manifestando a súa inqueda ante a falla de resposta e actuacións por parte da Universidade en relación co proceso de estabilización do persoal de dito colectivo.

No informe que lle foi solicitado, o Sr. reitor da USC expón:

En resposta ao seu escrito de data 17 de setembro de 2012, atendendo a un escrito das persoas contratadas ao abeiro do programa Isidro Parga Pondal 2006 procedo a darlle as explicacións solicitadas:

Segundo o procedemento aprobado no Consello de Goberno de 23 de marzo de 2012 levouse a cabo dende a vicerreitoría de Investigación e Innovación a oportuna convocatoria e posterior envío de curriculum vitae á ANEP.

O pasado mes de xullo a ANEP respondeu, publicáronse os resultados, e tramitáronse as reclamacións nos casos que así o solicitaron no mes de agosto.

Ante o retardo na resposta a algúns dos reclamantes procedeuse a convocar as prazas de todos aqueles que superaron os mínimos esixidos pola normativa, que foron xa aprobados na Mesa de Negociación e na COAP e hoxe mesmo foron informados favorablemente no Consello Social e esta semana serán debatidos e esperamos aprobados no Consello de Goberno.

Ao longo do proceso o vicerreitor de Investigación e Innovación mantivo diversos contactos coas ditas persoas e ata onde eu coñezo non se deixou de atender ningunha información.

Q 1209/07

Escritos de queixa motivados pola demora que se está a producir na USC na expedición dos Suplementos Europeos ao Título (SET).

A comunicación da Secretaría Xeral informaba:

“Os SET de licenciado, diplomado e enxeñeiro teñen un importante retraso na súa expedición. Neste momento se están a sentar as bases técnicas e organizativas para que se poidan expedir todos os pendentes e se proceda a expedir mensualmente os dos alumnos/as que o soliciten. A previsión de expedición dos SET atrasados é de tres meses.”

Q 1209/08

Foi presentado un escrito por unha estudante de doutorado en relación coa imposibilidade de obter unha certificación académica na que conste a nota media da promoción aos efectos de poder solicitar axudas do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral informa dos motivos xustificativos da demora na expedición das medias:

a) Da Xunta de Galicia comunicaron no mes de setembro que existían multitude de alumnos da USC que ían a ser excluídos da convocatoria por falta das notas medias e de medias da promoción.

b) Os motivos da falta destas notas medias foron fundamentalmente os seguintes:

a. Non implementación ata mediados de agosto na USC do parche da aplicación Xescampus referente ao cálculo da media da promoción conforme aso criterios aprobados entres as universidades e a Xunta

b. Imposibilidade de cálculo de notas medias da promoción por non ter recepción das actas de traballos de fin de Máster nas datas de presentación de solicitudes

c. Imposibilidade de cálculo da nota media da promoción por existir alumnos que realizaron o primeiro ciclo noutra universidade. Ao non existir datos na aplicación informática non se podía calcular a media de toda a promoción.

c) Comunicado este feito pola Xunta, no mes de setembro se remitiu dende S. Xeral un listado de medias de Máster e dende as UUXA as dos alumnos que non tiñan o cálculo da media, para poder subsanar os defectos antes da publicación das listaxes de excluídos. A USC remitiu por correo electrónico a nota media da promoción “provisoria” dos Máster indicados pola Xunta ou dos alumnos que nos indicaron que carecían da mesma.

d) Pese a este envío a Xunta publicou a listaxe de excluídos con case 200 excluídos da USC por este motivo.

e) A Secretaría Xeral acordou cos xestores da convocatoria que todos os alumnos excluídos por falta de nota media poderían solicitar a mesma a esta Secretaría Xeral ou ás UUXA, e que a USC remitiría todas as medias á Xunta antes do remate do prazo de subsanación.

f) A Secretaría xeral enviou tamén a todos os alumnos que figuraban como “USC” na listaxe de excluídos unha mensaxe de correo electrónico para que solicitaran a expedición das notas medias que lles faltaban.

g) A USC tivo que meter manualmente na aplicación informática as cualificacións de todos os alumnos que fixeron un primeiro ciclo noutra universidade ou en plans vellos (total 101 alumnos) para que se puidera obter a nota media da promoción.

h) Todos os alumnos que solicitaron a expedición da media foron incluídos nun excell que se remitiu ao órgano xestor da convocatoria. Tamén se enviou unha certificación con estes datos á Xunta de Galicia.

i) Existiron determinados casos que non foi posible calcular a nota media:

a. Alumnos que fixeron o itinerario de doutoramento dun Máster. Como só fixeron parte do Máster non se pode considerar como parte da promoción do mesmo.

b. Alumnos de DEA e plans de doutoramento antigos. Nestes casos non se definiu nunca o sistema de cálculo de nota media polo que non se pode calcular este dato.

c. Alumnos que figuraban como USC pero que non tiñan estudos nesta universidade

Estas incidencias foron comunicadas tamén ao órgano xestor da convocatoria.

2.- QUEIXAS

Respecto ao caso presentado, as alumnas obxecto das queixas, as medias foron certificadas pola USC o día 28 de setembro foron as seguintes:

As interesadas puideron solicitar unha acreditación na UUXA das notas medias certificadas, tal e como se lles manifestou nun correo electrónico enviado dende Secretaría Xeral.

3.- MOTIVOS

En definitiva a USC tivo un pequeno retraso na implantación do sistema de cálculo de nota media da promoción pero a Xunta de Galicia, na súa convocatoria e pese a ser da mesma Consellería non tivo en conta os acordos acadados coas universidades e a propia Consellería de Educación para o cálculo das notas medias da promoción obrigando a facer unhas medias que non se corresponden co pactado (período de cálculo) e obrigando a expedir medias de promocións de máster cando as actas non estaban totalmente rematadas.

Tamén a convocatoria establece requisitos para os que non existe criterio para calcular qué se entende por promoción (doutoramentos vellos ou itinerarios de doutoramento).

Por outra banda está pactado que o intercambio de información entre institucións se realice directamente entre elas previo consentimento dos solicitantes, como así

se ven facendo con outras bolsas da Xunta, polo que está a incumprir o Protocolo de notas medias e os acordos de notas medias por parte da Xunta:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo comprométense a cumprir este protocolo e adoptarán para iso todas as medidas necesarias para a súa aplicación.

Así mesmo, establecerán mecanismos de transferencia da información, sempre que se cumpra coa normativa de protección de datos de carácter persoal

4.- CONCLUSIÓN

En consecuencia, a Xunta de Galicia debería ter en conta nas súas convocatorias os sistemas de cálculo de notas medias e de medias da promoción acordadas no SUG e os sistemas de transmisión de datos académicos para que os alumnos non se vexan afectados por esta problemática.

Q 1209/09

Foi presentada unha queixa por un estudante de Grao motivado pola demora na incorporación ao seu expediente académico duns créditos que lle foron recoñecidos e validados.

No informe recibido da Secretaría Xeral indícase que os responsables da Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (ATIC) da USC están a traballar na implementación na aplicación informática das ferramentas necesarias para o recoñecemento de créditos de materias optativas polo ciclo de grao superior de Formación Profesional.

Q 1209/10

En relación co procedemento e criterios de selección nos máster na convocatoria de setembro, que manifestaba lle impedían o acceso.

A Secretaría Xeral informa de distintos trámites efectuados e que a alumna formalizou a matrícula no máster.

Q 1209/11

Escrito presentado por unha estudante en relación coa interpretación e aplicación da Normativa de Permanencia no presente curso académico 2012/2013.

A Secretaría Xeral informou o seguinte:

- 1.- É unha obriga das universidades establecer unha normativa de permanencia de conformidade coa Lei Orgánica de Universidades (artigos 2 e 46.3).
- 2.- A Normativa de permanencia debe ter en conta os custes dos servizos públicos de educación superior e que só unha parte dos seus custes repercuten no alumnado (menos do 10%) e polo tanto fixar como obxectivo a utilización responsable e racional dos recursos que a sociedade pon á disposición dos alumnos.
- 3.- Todas as titulacións van a ser obxecto de medición dos seus resultados tanto para a avaliación do título como do seu financiamento por parte da Comunidade Autónoma. Un destes indicadores de medición é a taxa de titulados en función da duración dos estudos.
- 4.- A programación dos estudos tanto na súa concepción como no seu desenvolvemento esta pensada nunha orde temporal específica (ordenación en cursos), como nunha duración determinadas (240 ECTS en 4 anos), de tal xeito que un alumno en condicións normais e dedicando 37.5 horas a semana poda superar estes estudos na orde temporal establecida (curso por ano).
- 5.- Deste xeito considérase que un alumno debe ir superando curso a curso e obtendo as competencias que lle permitan abordar os estudos de cursos superiores.
- 6.- Para estes efectos as Normas de Permanencia establecen a obriga de matricularse de todo o pendente e a imposibilidade de matricularse en cuarto con materias de primeiro.
- 7.- Para os alumnos que non poden dedicar este número de horas á titulación as normas universitarias contemplan a realización dos estudos a tempo parcial cun máximo de 30 ECTS por curso académico.
- 8.- Dado que a entrada en vigor da Normativa de Permanencia pode traer algúns problemas, tratouse de realizar unha interpretación moi flexible e así existen para este ano excepcións que se contemplan en resolucións reitorais e instrucións nos seguintes aspectos:

Fronte ao límite de non poder matricularse de cuarto cunha de primeiro ditouse a seguinte Resolución Reitoral do 12-09-2012 que permite matricularse en 4 supostos incluíndo a posibilidade de ter ata 30 ECTS pendentos.

Sobre o número máximo de convocatorias, o cómputo de convocatorias, a renuncia de materias ou os impedimentos de matrícula, ditouse a Instrución 8/2012.

Tamén se están preparando Instrucións que flexibilicen as normas de permanencia en materias como a matrícula no TFG, materias extintas a desenvolver polo Grao, intercambio en materias extintas, etc. que saíran en próximas datas.

9.- Respecto aos problemas concretos que alega a alumna, considérase que non é acorde coa programación establecida para a titulación que se poda matricular no último curso do Grao cando ten pendentos 45 ECTS, créditos que debería superar para abordar as últimas materias do Grao e en concreto o Traballo de Fin de Grao, que debe medir a totalidade das competencias da titulación.

10.- Respecto aos problemas cos horarios, como se indicou, a programación está establecida para superar curso por curso e non existen incompatibilidades de horarios dentro dun mesmo curso. O feito de que agora a alumna teña horarios incompatibles é só consecuencia de que non se seguiu a programación establecida e deseñada pola USC.

11.- Por último procede indicar que non se van a establecer para este curso outras excepcións que as indicadas neste informe, polo que de non cumprir os requisitos da RR do 12-09-2012 resolverase a súa petición de matrícula no senso de non deixar matricularse en materias de cuarto curso por ter máis de 30 ECTS pendentos.

Q 1209/12

Foi presentado un escrito por persoal que tivera contrato ao abeiro do programa Isidro Parga Pondal (IPP) da promoción do 2006 en relación coa demora da convocatoria dunha praza debido á reclamación que tiña efectuado contra o resultado da avaliación.

Deuse traslado á Sra. vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador que informou o seguinte:

Que en data 12 de setembro esta Vicerreitoría recibiu información relativa aos resultados da avaliación da ANEP dos investigadores Parga Pondal 2006 entre os cales atópase D. Na dita resolución D. ... obtivo cualificación de aceptable/bo e presentou formalmente reclamación contra a mesma.

Cara a axilizar os trámites de creación de prazas para a estabilización dos investigadores consonte o acordo do Consello de Goberno do 23 de marzo de 2012 e tendo en conta que o dito proceso require dunha tramitación longa en distintos órganos colexiados da USC tramitáronse de xeito urgente todas as avaliacións da ANEP definitivas quedando pendentes aquelas nas que o proceso de avaliación non estaba pechado ao presentarse reclamacións formais.

Con data 28 de setembro do 2012 o Consello de Goberno aprobou a creación das prazas correspondentes en todos aqueles casos nos que o proceso de avaliación estaba pechado.

Con data do 3 de outubro recibíuse na Vicerreitoría resultados definitivos da avaliación dos investigadores pendentes de resposta da súa reclamación ante a ANEP. Unha vez pechado o proceso de avaliación desta promoción iniciáronse os procedementos correspondentes para a aplicación dos acordos do Consello de Goberno nestes 3 casos e creación se procede das prazas correspondentes.

Q 1209/13

Escrito de queixa formulado por unha estudante dun Grao que é funcionaria en activo en relación cunha solicitude de dispensa de asistencia á clase. No escrito expoñía:

“Que ten cursado o primeiro curso do grao na Facultade, en horario de tarde. Que no curso 2012-2013, correspondente ao segundo curso de carreira o horario é de mañá e como quere que coincide co meu horario de traballo solicitei na Secretaría Xeral da Reitoría unha dispensa para poder faltar a clase, segundo recolle os Estatutos da USC. Comunicóuseme telefonicamente que non me fora concedida, que dependía do Decanato de cada Facultade e que mellor falara co Decano; o que fixen e tanto o decano como varios profesores non terían problema en dispensarme de acudir á clase.”

No informe solicitado a Secretaría Xeral da USC comunica:

.../ En consecuencia, e para os títulos de grao, e dada a estrutura dos estudos adaptados ao EEES non se pode conceder unha dispensa xeral de asistencia a

clase, senón que o que procede sería a realización da matrícula a tempo parcial, sen prexuízo de que en determinados supostos nas guías docentes non se contemplen actividades obrigatorias para a superación das materias ou se o profesorado individualmente acepta a non participación da alumna nas actividades programadas, cos efectos que esta falta de asistencia poda ter sobre a cualificación final.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2012-2013

2.2.- CURSO 12/13

2.2.1.- INTERVENCIÓNS E MEDIACIÓNS

M-2013/01

Escrito presentado por unha contratada predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011/2015 en relación coa retención da paga extraordinaria.

Solicítase informe á Xerencia e no seu escrito de resposta comunica que non se abonou a paga extra do mes de decembro en función do manifestado pola Xunta de Galicia ante as consultas feitas pola USC.

M-2013/02

Escrito presentado por un profesor con motivo dun conflito co decanato da facultade referido a interpretación da normativa sobre a obrigatoriedade de asistencia a clase e o dereito á realización de exames.

O profesor indica que recibiu unha comunicación do decanato indicándolle que certos alumnos con faltas de asistencia non poden realizar o exame e o docente entende que ao non estar recollido na programación docente, sí teñen dereito a facer o exame.

Trasládase a Secretaría Xeral e faise un seguimento do proceso que remata cunha reunión da Sra. secretaria xeral cos Sres.directores de departamento e o Sr.decano para clarificar a aplicación da normativa e as competencias das distintas instancias ao respecto.

M-2013/03

Escrito presentado por membros do colectivo Isidro Parga Pondal 2007 que desenvolveron tarefas docentes sobre problemas relacionados coa sinatura de actas, impartición de docencia e perda de dereitos comparados con outros colectivos.

Dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador e á Secretaría Xeral. Dita Vicerreitoría envía dous escritos; no primeiro deles, informa da Resolución reitoral na que se recollían indicacións relativas ás cuestións obxecto do escrito. No segundo informa da súa situación en comparación con outros colectivos.

M-2013/04

Escrito enviado por un Director de Departamento sobre opinións e cualificacións feitas por un alumno nunha rede social.

Admítese a trámite como unha mediación e unha vez feitas as xestións oportunas remata a situación cun escrito do Director de Departamento no que manifesta a súa satisfacción pola resolución do conflito.

M-2013/05

Escrito presentado por un profesor solicitando en relación ao réxime de dedicación docente consonte o Real Decreto Lei 14/2012 de 20 de abril de 2012, solicitando a mediación para o cumprimento de dito Decreto.

Dáse traslado do escrito á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador. No informe remitido pola Vicerreitoría indícase o seguinte:

1) O artigo 68 da Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro de Universidades (LOU) na redacción dada polo Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril establece que o profesorado das universidades públicas exercerá as súas funcións, preferentemente en réxime de dedicación a tempo completo e que, en todo caso será compatible coa realización de traballos científicos, técnicos ou artísticos aos que se refire o artigo 83 da LOU. Tamén sinala, que con carácter xeral o Persoal docente e investigador funcionario das universidades, con dedicación a tempo completo " ...dedicará a actividade docente a parte da xornada necesaria para impartir en cada curso un total de 24 créditos ECTS" (art. 68.2). Este artigo ademais indica que "a actividade docente deste persoal PODERÁ VARIAR en función da actividade investigadora recoñecida de acordo co RD 108611989 de 28 de agosto...".

2) O artigo 32 dedicación do Persoal docente e investigador da Lei 14/2011 de 1 de xuño de Ciencia e Tecnoloxía e da Innovación (LCTI) determina que "As

universidades públicas, no exercicio da súa autonomía, poderán establecer a distribución da dedicación do PDI ao seu servizo en cada unha das funcións propias da universidade, de acordo co establecido na Lei 6/2001 e o seu desenvolvemento normativo".

3) Como se pode observar na redacción tanto do artigo 68.2 da LOU como no 32 da LCTI as expresións utilizadas en ámbolos dous artigos son potestativas: art. 68.2 "A dedicación da actividade docente deste persoal PODERÁ VARIAR en función da actividade investigadora..." e o art. 32 da LCTI "As Universidades públicas, no exercicio da súa autonomía, PODERÁN establecer a dedicación da distribución da dedicación do PDI ao seu servizo en cada unha das funcións que lle son propias". Así pois, a competencia para determinar as condicións nas que o PDI desenvolverá as súas actividades entra dentro da autonomía universitaria e polo tanto correspóndelle exercela ás Universidades.

4) Verbo de todo o anterior a USC, no exercicio da súa autonomía, deberá modular ou variar esta dedicación do seu PDI a actividade docente, en cada curso académico en función da súa actividade investigadora, tendo en conta que no propio art. 68.2 se establecen os criterios para a variación e os límites establecendo un teito de 32 créditos ECTS e por abaixo 16 créditos ECTS en función dos sexenios de cada PDI.

5) Por outra parte outro elemento que incorpora o Real Decreto-Lei 14/2012 para o cómputo da dedicación do PDI é o do crédito ECTS, que é unha medida en horas do traballo do estudante. Por similitude pode deducirse que o crédito ECTS, citado no RD, debe ser entendida tamén, como unha medida en horas do traballo do funcionario docente. Non obstante, a este respecto a modificación non fai ningún tipo de alusión ao valor deste crédito nin tampouco ás horas do crédito ECTS que o profesor deberá realizar en contacto co alumno. Polo tanto, esta cuestión debe ser clarificada pola USC definindo as horas da actividade docente que correspondería por cada crédito ECTS. Mentres tanto, é o Real Decreto 898/1983 sobre réxime de profesorado universitario o que define as horas da actividade docente do profesor en contacto co alumno, e o que traducirá en horas de docencia/titoría o crédito ECTS.

6) A USC, cando aprobou a Normativa para a Planificación Académica Anual do curso 2013/2014, tamén acordou que ao longo deste curso procederá a realizar os correspondentes estudos que lle permitan aplicar o RD 14/2012 ao Persoal docente e Investigador considerando todos os elementos que deba ter en conta (crédito ECTS, tipo de PDI, etc.) o que se está a realizar nestes momentos e que

en todo caso será sometido á consideración dos órganos que segundo a normativa correspondan.

Polo tanto, e verbo de todo o anterior, en ningún caso se pode considerar que o profesor é obxecto de discriminación polo establecido no citado Real Decreto Lei, xa que a USC, en todo caso está dando o mesmo trato a todo o PDI coas normas que ata o momento ten desenvolvidas, e tampouco se pode considerar como discriminatorio que unhas universidades estean aplicando este RD e outras non xa que iso é o resultado da autonomía universitaria e do que cada unha delas poderá establecer como variación na dedicación do seu PDI.

M-2013/06

Escrito presentado por unha persoa membro do PAS no que se solicita a mediación do Valedor en relación a súa participación no proceso selectivo para a cobertura de prazas de Técnico Superior de Xestión do Grupo I, en concreto, referido á acreditación do idioma galego.

Dáse traslado do escrito á Xerencia e na contestación ao informe solicitado comunica que xa lle respostaron mediante Resolución Reitoral e ademais indica o seguinte:

- As bases da convocatoria reflicten a totalidade dos requisitos esixidos ás persoas aspirantes, así como o prazo e a forma de facelo efectivo.
- Ningunha unidade administrativa ten competencia para eximir dos requirimentos dunha convocatoria, que é a Lei do procedemento.
- A Administración non ten que reclamar o Celga 4, porque a convocatoria prevé mecanismos de substitución deste requisito mediante a celebración dun exame, para aquelas persoas que, ou non o posúen ou non o acreditan, como é o caso.

M-2013/07

Escrito solicitado por un alumno con certas discapacidades no que solicita a intervención do Valedor.

Remítese o escrito ao Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e na contestación se indica que xa se respostou a solicitude de diferentes

adaptacións debidas ás necesidades educativas específicas derivadas da situación de discapacidade.

M-2013/08

Escrito remitido por unha estudante solicitando a intervención do Valedor para a axilización dun proceso de revisión de cualificacións.

Comúncaselle á estudante que o Valedor non ten atribucións en dito procedemento, non obstante postos en contacto co Decanato, indícanos que o proceso xa está en marcha e que se procurará a axilización do mesmo.

M-2013/09

Escrito presentado por dous profesores no que solicitan a intervención do Valedor para establecer unha mediación institucional entre a USC e o Banco de Santander en relación a unha subscrición de valores de dita entidade.

Dáse traslado do escrito ao Sr. Reitor.

2.2.2- QUEIXAS

Q 1210/01

Queixa presentada por un estudante en relación coa deficiente coordinación nunha materia.

Trasládase o problema ao decanato correspondente. No informe elaborado polo profesor coordinador da materia e remitido por ese decanato exponse entre outras consideracións o seguinte:

“- El retraso en el cierre de las actas se debió a la imposibilidad en su día de que alumnos presentados al examen pudieran ser calificados ya que aunque aparecían matriculados no era posible cumplimentar su acta. La espera en poder incluir la calificación de estos alumnos es lo que motivó el retraso en esta ocasión en el cierre de las actas.

- No alcanzo a comprender como los alumnos con reclamaciones sobre alguna de las preguntas del test tuviesen que presentar la reclamación ante el profesor correspondiente ya que esta se hace siempre en la reunión de revisión de las calificaciones de los exámenes. Otra cosa es que algún alumno debatiese con el profesor alguna de las preguntas, hecho que me parece perfectamente normal e incluso deseable.

- Los cambios en las fechas de los horarios es algo que no me compete ya que son marcadas por la Facultad.”

Por iso recoméndolle ao Decanato que en vindeiras situacións como a exposta, de modificación de datas de realización de probas de avaliación, teña en conta o establecido no art. 4.3 da Normativa de avaliación académica dos estudantes e de revisión de cualificacións:

3. As datas de realización das probas de avaliación oficiais non se poderán modificar, salvo naquelas situacións en que, por forza maior ou imposibilidade sobrevida, resulten irrealizables nas datas establecidas. Ante estas situacións excepcionais, os decanos ou directores dos centros realizarán as consultas oportunas co profesorado e cos estudantes afectados para propor un novo calendario ou a modificación puntual do existente.

E nomeadamente no que se refire a realizar as consultas oportunas cos estudantes afectados para propoer un novo calendario ou a modificación puntual do existente.

Q 1210/02

Presentado escrito de queixa pola non expedición de certificados aos alumnos dun curso, no que expoñen:

O motivo desa tardanza -e da máis que probable non expedición dos correspondentes certificados- radica en que boa parte dos asistentes ao curso amósanse reacios a cumprir un dos requirimentos para ilo necesarios e que, inicialmente, non era esixido. Este consistía en cubrir un formulario sobre diversos aspectos relativos á nosa saúde vocal, que debía ser remitido, posteriormente, ao Servizo de Prevención de Riscos da nosa Universidade.

Tendo en conta que a política do CETA é a de non tramitar os certificados ata que a documentación dos cursos estea totalmente completa, atopámonos que, transcorridos 8 meses, os certificados do curso -respecto daquelas persoas que realizamos todas as actividades esixidas- non foron expedidos e non parece que ilo vai a ter lugar nun período breve de tempo.

O informe recibido da Sra. directora do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) indicaba:

O procedemento de aplicación do cuestionario foi unha mensaxe de correo electrónico onde se achegaba o cuestionario e as instrucións de que este se remitira ao SPR en persoa ou por correo interno. Unha vez que o SPR informase ao PFID da listaxe de persoas que entregasen o cuestionario, como se especificaba no programa publicado na web, o PFID emitiría o certificado.

Unha vez terminou o curso un grupo de persoas negáronse a cumprimentar o cuestionario e expuxeron reclamacións. Este proceso de resposta ás súas reclamacións e consultas xurídicas retardou o proceso. O resto das persoas foron entregando o cuestionario ao SPR durante varios meses en que chegan informes parciais ao PFID. Nestes momentos emitíronse todos os certificados.”

Q 1210/03

Escrito de queixa presentado por un estudante do Campus de Lugo en relación coa redución dos servizos deportivos en dito campus. No escrito expón:

Gustaríanos que a Universidade nos conseguise canto antes algunha compensación, ben noutro ximnasio en forma de rebaixa de prezo, ben na piscina municipal que hai xusto ó lado do Campus...”

“Dende hai anos existe un convenio cun ximnasio de Lugo con boas instalacións de xeito que os estudantes podemos asistir cun prezo moi vantaxoso e con certas restricións no uso e no horario. Para nós era axeitado.

Solicitouse un informe á Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo no que se indica:

Dende o curso 2003/2004 a USC e o Club Fluvial de Lugo, veñen subscribindo un acordo de colaboración co obxectivo de facilitar ó estudantado do Campus o uso das instalacións e servizos de que dispón este Club.

Mediante este acordo o Club establecía pases especiais cunha cota reducida para os estudantes, e a USC facía unha compensación parcial dos custes. Ó longo deste período tanto as cotas dos alumnos como as aportacións da Universidade sufriron un incremento progresivo. Este curso, e como consecuencia da situación económica actual, resulta inviable asumir o incremento proposto polo club.

Ante esta situación, estanse estudando vías alternativas que cubran esas actividades. Actualmente a piscina municipal "As pedreiras", situada no propio Campus, facilita un bono anual en horario de mañás por 45 €/ano e un bono anual todo o día por 89 €/ano. Nestes momentos séguese tentando acadar condicións máis beneficiosas para o alumnado, e así o Concello está estudando a posibilidade de establecer a partir de xaneiro un bono trimestral por un importe aproximado de 30 €/trimestre.

Ademais, e de cara a cubrir a parte relativa a outras actividades físicas, estanse negociando condicións especiais con diferentes ximnacios da cidade.

Cómpre dicir tamén que, dentro da programación habitual do Servizo de Deportes, ofértanse durante o curso académico unha serie de actividades deportivas para todos os membros da comunidade universitaria.

Con posterioridade a mesma Vicerreitoría completa a información sinalando:

Finalmente chegouse ao acordo de renovar o Convenio de Colaboración co Club Fluvial para o presente curso académico, acordo polo que se facilita que o estudantado do campus lucense poida gozar das instalacións de que dispón dito club.

Q 1210/04

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Grao e matriculada nunha materia expoñendo a non existencia de profesor que a imparta.

A Vicerreitoría de Titulacións e PDI informa:

Que con data do 10/10/2012 o director de Departamento trasladou a esta Vicerreitoría unha proposta provisoria de cobertura da docencia da materia por un profesional externo entendendo, que a pesar de ter recursos na área á que está asignada esta materia, non existe profesorado capacitado para impartila.

Que con data 25/10/2012 esta Vicerreitoría autorizou a proposta de impartición mediante profesional externo das materias co fin de garantir os dereitos da alumna matriculada no 2012/2013 e solicitou do Departamento un plan de recuperación de clases que garantira a impartición efectiva das materias.

Q 1210/05

Queixa relacionada co desenvolvemento da oportunidade de recuperación para os planos de estudo en proceso de extinción, manifestando que apareceu un cartel cun requisito do que non foran informados en ningún momento nin alumnos nin docentes no que se establece como condición indispensable para presentarse á convocatoria de novembro haberse presentado tamén en setembro. Tendo en conta a total desinformación na Facultade durante o tempo pertinente, solicitan a revisión de dita condición e a autorización para realizar os exames xunto aos compañeiros que casualmente se presentaron en setembro, contando co acordo total do profesorado.

No informe do decanato indicábase:

“1) En setembro de 2011 deuse cumprida información aos estudantes da licenciatura sobre esta oportunidade de novembro e os seus requisitos. Dita información publicouse no taboleiro e na pantalla e, alén diso, foi comunicada na Xunta de Facultade, onde se achaban os representantes dos estudantes.

2) Este ano 2012, ao publicar as datas de ditos exames, engadiuse unha nota informativa.

3) A pesar de ser responsabilidade de cada estudante informarse acerca da súa situación, entendemos que a norma que regula dita convocatoria favorece a produción de equívocos, dado que no pasado curso, recién implantada, permitía excepcionalmente que se examinasen os non presentados e en adiante non admite esa posibilidade.

4) Sendo conscientes da situación, a Facultade estableceu un calendario de exames que comprende todas as materias, inclusive aquelas nas cales non houbo presentados.

5) Tendo en conta todo isto, tendo coñecemento da queixa destes estudantes e tomando en consideración a situación de todos os posíbeis estudantes afectados, a Comisión Permanente, reunida o 5 de novembro de 2012, decidiu solicitar e solicitou á Secretaría Xeral que na Licenciatura se lles permitise realizar os exames da oportunidade de novembro tamén aos estudantes non presentados no curso 2011-12.”

Vistas as queixas Q1210/05 e Q1210/06 relativas ao desenvolvemento da "oportunidade de recuperación para materias dos plans en proceso de extinción", en concreto sobre as datas de celebración da avaliación e condicións para concorrer a dita oportunidade e co fin de evitar que se produzan argumentacións no sentido de falla de tempo para a preparación da proba debido á premura da convocatoria ou ben de descoñecemento dos requisitos que deben cumprir os/as alumnos/as para poder presentarse, *recoméndase que dende a Secretaría Xeral se efectúen as instrucións oportunas para que:*

- *Cando as Xuntas de Facultade aproben o calendario de exames, aparezan tamén as datas relativas ás materias suxeitas a esta oportunidade, de xeito que ao publicarse, o alumnado teña un coñecemento exacto e coa suficiente antelación das datas.*

- *Sería conveniente ademais que se fixera constar de xeito explícito unha nota informativa sobre os requisitos que teñen que reunir as persoas afectadas por esta situación ou ben remitilos á normativa que regula este proceso.*

Q 1210/06

Análoga á queixa anterior.

Q 1210/07

Estudante de licenciatura que se queixa pola demora na incorporación ao seu expediente dos estudos cursados ao abeiro do programa de intercambio Erasmus.

O Sr. vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización remite o seguinte informe:

Nos programas de intercambio, o estudante asina un acordo de estudos selado pola universidade de orixe e a de destino. Este documento é a parte fundamental do intercambio. Nel figuran as materias nas que o estudante se matricula na USC e as que vai cursar na universidade de destino. o acordo é previo e significa que o estudante comprométese a cursar unhas materias no centro de destino e que, se as aproba, serán automaticamente recoñecidas polas materias correspondentes matriculadas na USC.

Ao seu regreso, o estudante debe aportar un certificado oficial da universidade de destino no que consten as materias cursadas e as cualificacións obtidas. Se este documento está presente, o recoñecemento é un feito automático. Pero ten que existir e coincidir co acordo de estudos.

É certo que, en función do sistema de avaliación, algunhas universidades se retrasan moito en remitir o certificado de expediente. Isto ocorre, por exemplo, cando a avaliación se fai sobre traballos escritos e cando non existen prazos para os profesores para rematar a corrección.

Sobre este feito as universidades de orixe, neste caso a USC, non poden facer nada nin actuar de ningún xeito, porque é un asunto exclusivo da xestión académica da outra universidade.

Por este motivo, no caso que nos ocupa, non hai erro nin fallo nin "falta de competitividade" algunha por parte do Servizo de Relacións Exteriores, porque a expedición do certificado (o transcript of records) é competencia exclusiva da

institución estranxeira. o único que pode facer a USC é ser áxil na expedición deste certificado para os estudantes que nos visitan e solicitar ás outras universidades que actúen de igual xeito. E o coordinador, se observa que unha universidade da regularmente problemas dalgún xeito, pode cancelar o acordo e buscar outras institucións coas que establecer un intercambio.

No caso da queixa parece, ademais, que existe un problema co seu expediente, aínda que non queda claro cal. Isto tampouco é un asunto da USC, senón da universidade de destino.

Os alumnos afectados por estes retrasos, que se producen ás veces, pero de xeito illado, son sempre os que realizan a mobilidade no seu derradeiro curso de carreira, porque os que continúan estudos na USC teñen marxe de tempo para regularizar a súa situación no outono.

Q 1210/08

Escrito de queixa en relación coa actuación da Comisión de Selección dunha praza de profesor asociado e a súa proposta de non provisión e indicando que ten presentado o recurso correspondente segundo á normativa da USC.

Comúncaselle que o seu escrito de queixa non pode ser admitido a trámite ao entender que o expresado no mesmo non se encontra dentro das competencias do Valedor da Comunidade Universitaria da USC e que as actuacións que ten iniciadas noutros ámbitos son as axeitadas para o exercicio efectivo dos seus dereitos.

Q 1210/09

Escrito de queixa presentado por unha alumna no que solicitaba que se lle autorizara a matrícula nunha materia extinta ao efecto de cursala noutra universidade ao abeiro dun programa de intercambio.

A Secretaría Xeral comunícanos ter dado a oportuna resposta á interesada:

- 1.- O Regulamento de Intercambios determina que é necesaria a matrícula das materias obxecto de intercambio para o seu posterior recoñecemento.

2.- As materias totalmente extintas como consecuencia da extinción progresiva dos plans de estudos non son matriculables, polo que en circunstancias ordinarias non poden ser obxecto de intercambio.

3.- Por outra banda, os alumnos que teñen materia extintas, en aplicación do artigo 13 da Normativa de Avaliación poden realizar ata 3 materias ou 18 créditos consonte ao plan de grao da USC para imputar ao plan en proceso de extinción.

4.- Esta Secretaría Xeral ditou con dala do 26 de outubro unha Instrución no 11/2012 no que se determina que para facilitar o intercambio debe considerarse que os alumnos con materias totalmente extintas e sempre que se acolleran ao citado artigo 13 poderán realizar o intercambio conforme ao sinalado na citada Instrución.

Así, a partir desta Instrución o alumnado que teña autorizada a realización das materias extintas polo Grao, poderá matricularse destas materias en dous planes de estudos e se lles permitirá realizar o intercambio. Realizado o intercambio e superadas as materias, o centro procederá ao recoñecemento das materias e nas Unidades de Xestión Académica procederán a imputalas na titulación en extinción.

5.- Para o Curso 2012-13, no caso de que as materias extintas xa figurasen no compromiso de estudos, o alumnado deberá solicitar a aplicación do artigo 13 da Normativa de Avaliación antes de realizar a matrícula das materias extintas. No caso de autorizarse darase un novo prazo de matrícula para matricularse no grao e o compromiso terá plena validez. No caso de denegarse, deberá procederse a modificación do compromiso de estudos.

Q 1211/01

Queixas presentadas por estudantes de Grao en relación coa ausencia de docencia nunha materia.

A Dirección do Centro informa o seguinte:

Neste momento creemos que vai ser posible a contratación excepcional de profesorado que imparta a docencia da materia nos meses de novembro e decembro, polo que a partir da semana que ven xa habería docencia. Deste xeito

os estudantes matriculados poderán examinarse desta materia na convocatoria oficial do primeiro semestre, que terá lugar no mes de xaneiro.

Q 1211/02

Queixa presentada por un estudante de Grao en relación coa demora na resolución das solicitudes de validación de estudos.

O Decanato enviou un informe no que se indica que:

- As solicitudes son presentadas polos alumnos na UXA Norte contra o mes e xullo, aínda que neste centro se comezan a recibir sobre a segunda quincena do mes de setembro.
- Cómpre sinalar que, coa entrada dos graos, o proceso de validacións fíxose moito máis complicado, xa que na maioría dos casos cada solicitude de validación require ser analizada de forma individual en función dos estudos que cursara o alumno ou a alumna (da rama de coñecementos á que pertenza a titulación que cursou). Isto dificulta moitísimo poder facer táboas de validación automáticas, que axudaría a axilizar o proceso.”

Remítese á Secretaría Xeral da USC un escrito no que se expón:

Do anteriormente expostoponse de manifesto que o procedemento actual, dende que o/a alumno/a presenta a súa solicitude ata que se resolve é demasiado longo e complexo, o que dificulta a toma de decisións por parte do órgano competente nun tempo razoable.

Das conversas mantidas con profesores e mesmo algún xestor de centro, tamén se refiren disfuncionalidades no mesmo senso.

Posto que as consecuencias en moitos casos poden ser importantes para o profesorado e especialmente para o alumnado no que se refire ao desenvolvemento do curso, como se pon de manifesto nas queixas presentadas, recoméndase que dende esa Secretaría Xeral se coordinen as actuacións oportunas para que se faga unha análise exhaustiva conxunta entre os diferentes axentes implicados no proceso (Decanatos, Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, UXAs) para tentar de, na medida do posible, facer

máis áxil e operativo o procedemento a seguir nestes casos, así como da incorporación de mecanismos de control do cumprimento de dito proceso co obxecto de corrixir os problemas aos que da lugar o procedemento actual.

Q 1211/03

Queixa presentada por unha estudante en relación co procedemento de publicación do Programa de Mobilidade a Iberoamérica 2013.

No informe da Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización indicábase:

A convocatoria de mobilidade por convenio bilateral con América Latina foi publicada o día 31º de outubro de 2012, e exposta nos taboleiros indicados polo regulamento de intercambios da USC e na páxina web de Internacional que xestiona o Servizo de Relacións Exteriores.

É obriga do interesado informarse da publicación das convocatorias e presentar as solicitudes en tempo e forma.

Ademais da publicación nos taboleiros é habitual difundir estas convocatorias a través de correos electrónicos tanto ao profesorado como ao estudantado, e moi especialmente aos responsables de mobilidade e directores dos centros. Pero esta información é meramente adicional e non tala recibido non pode ser, ao noso entender, base de ningunha reclamación.”

Mantívose unha reunión co Sr. vicerreitor para que na medida do posible se melloren os sistemas de difusión dos programas obxecto da queixa.

Q 1212/01

Escrito de queixa asinado por un estudante referido á demora na expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET).

Mantivéronse conversas ao respecto coa Secretaría Xeral da USC e se lle informa ao estudante que se estaban a realizar as xestións oportunas para que en breve se expediran todos os SET que se atopaban pendentes de emisión.

Q 1212/02

Análoga á queixa Q1211/03.

Q 1212/03

Foi presentado un escrito por unha alumna en representación dunha organización estudantil en relación co procedemento de renuncia de convocatorias e prazos.

Solicítase informe á Secretaría Xeral sobre os feitos que motivan a queixa e da resposta que se lle dé á solicitude efectuada polos estudantes e recoméndase que se leven a cabo as actuacións que se consideren oportunas para dar a maior difusión entre o estudantado ás citadas instrucións.

Con posterioridade, ao non obter resposta, reitérase a petición de informe recibindo comunicación da Secretaría Xeral que indica ter respostado aos presentadores da queixa:

.../...

5.-Pola súa parte, o escrito da organización sinala:

- a) Que na Normativa de permanencia non se establece o prazo da renuncia.
- b) Que ese procedemento non se trasladou aos estudantes na negociación da Normativa de Permanencia.
- c) Que non se remitiu información aos estudantes sobre a publicación das instrucións.
- d) Non existe impedimento para non ampliar os prazos para este trámite.

6.- Sobre o primeiro aspecto cómpre sinalar, que a Normativa de Permanencia establece as regras de permanencia na universidade e regula o marco xeral de aplicación tanto para o inicio dos estudos como para a súa continuidade, pero loxicamente, non recolle os procedementos concretos (matrícula, xestión dos procedementos...) que corresponden ou ben a Secretaría Xeral por ter

competencia de Xestión Académica, ou por resolución reitoral por ser disposicións de carácter xeral ou afectar a materias non delegadas en outros órganos.

Deste xeito, toda normativa debe ter un desenvolvemento e concreción, así como establecer os mecanismos, no seu caso, para a súa xestión por medios informáticos.

7.-Os aspectos organizativos e de mera xestión (por exemplo a convocatoria de matrícula) non son obxecto nin de negociación nin de información previa cos representantes estudiantís, xa que forma parte da autoorganización da universidade e da xestión universitaria.

8.- O procedemento de renuncia tivo suficiente difusión:

a) Foi incorporado na secretaría virtual de todo o alumnado no mesmo momento da súa aprobación pola Instrución de Secretaría Xeral, polo que todos os estudantes dispuxeron desa información inmediatamente.

b) Foi publicado na prensa do 5 de decembro.

c) As instrucións son obxecto de publicación na web da USC e así figura na páxina <http://www.usc.es/gl/gobierno/secxeral/instruccion.html>

Tamén se remiten por correo electrónico aos centros e unidades para a súa difusión.

d) A propia Normativa de Permanencia, que recolle a necesidade de renuncia, foi publicada no DOG do 17 de xullo de 2012, e figura na web da USC.

9.- En relación coa ampliación do prazo, é preciso sinalar que a renuncia debe formalizarse un mes antes do período de realización das probas, co obxecto de que esta actuación conste no expediente do alumno e xa non figure nas actas de cualificación da materia. No momento de xerarse a acta deben estar procesadas todas as renuncias aos efectos de que os estudantes que renunciaron non poden ser obxecto de cualificación polo profesorado. Debe terse en conta tamén que a USC permitiu a realización de exames adiantados nalgunhas facultades que así o solicitaron, polo que o período establecido dun mes cumpre coa finalidade de garantir que non sexa cualificado ningún estudante que obtivo a renuncia. Non obstante o anterior, neste curso académico ao ser o primeiro que se implanta o procedemento, se flexibilizaron as datas ao obxecto de permitir esta renuncia con prazos mais longos, o que reduciu o período entre a formalización da renuncia e a creación informática das actas, o que sen dúbida xerará problemas de xestión, debido a que algúns estudantes xa puideron realizar os exames. Deste xeito, se incluíron na Instrución os posibles efectos desta disfunción, que deberán ser

tratados manualmente e non polo procedemento automatizado que estaba previsto.

10.- A renuncia de convocatoria contemplada nas instrucións ten tres modalidades:

- a) Renuncia automática, sen alegación de motivo que está suxeita ao prazo establecido.
- b) Renuncia por causa de forza maior, que non ten procedemento automático nin prazo, e pode solicitarse en calquera momento
- c) Renuncia de TFG/TFM por non reunir os requisitos, que se permite durante todo o período unha vez cualificado o segundo semestre.

Como pode comprobarse, a única que ten un prazo máis taxado é a renuncia automática que require unha xestión informática e unha resposta automatizada, e ten que ser coherente co sistema de cualificacións establecido na USC.

Debe salientarse que a renuncia indicada no apartado c) que, como se dixo, non figuraba explicitamente na Normas de permanencia, se introduciu na Instrución n.º 10, para evitar que o alumnado que por circunstancias académicas non pode presentarse á realización dos traballos consuma a convocatoria.

11.- Como xa se indicou, debe existir un período de tempo no que se procesa a renuncia, se procede á súa imputación no expediente, e se suprime a estes estudantes da xeración de actas, por canto o profesorado non poden cualificar a quen renunciou á convocatoria.

Neste senso, e a diferenza do que se sinala no escrito, existe un claro inconveniente en que non existan prazos para poder formalizar a renuncia antes da realización dos exames, xa que inciden na cobertura da acta da materia.

Á vista do exposto cabe facer as seguintes consideracións:

- A Secretaría Xeral tivo dado cumprida resposta e de forma exhaustiva ao escrito de data 10 de Nadal de 2012 da Organización estudantil e análogo ao presentado nesta Institución.
- A universidade artella o procedemento de renuncia do xeito que considera oportuno na procura da eficacia e eficiencia do servizo público a prestar e da súa garantía xurídica.
- O procedemento de renuncia de convocatorias é un mecanismo facilitador dirixido ao estudantado e polo tanto o alumnado debería dispor da maior

información relativa ao mesmo así como dos elementos de xuízo e temporais necesarios para poder decidir se optar ou non á súa elección.

Por iso recoméndase que:

- *Se reforcen os mecanismos de difusión do procedemento de renuncia de convocatorias entre o estudantado, esgotando e explorando todas as posibilidades de comunicación co colectivo ao que vai dirixido, por exemplo: listas de distribución do correo-e, redes sociais...*
- *Se faga un esforzo na revisión dos prazos de xestión de dito procedemento para que sexan os mínimos imprescindibles para o correcto funcionamento e aplicación do mesmo.*

A Secretaría Xeral comunica que se adoptarán as seguintes medidas en relación coa recomendación efectuada:

- “1.- Manterase toda a información na Secretaría Virtual do alumnado, incluíndo o procedemento telemático de solicitude.
- 2.- Para as renuncias do segundo semestre a USC remitiu un correo electrónico informando das datas a todo o alumnado, a través da conta institucional.
- 3.- Para o Curso 2013/14 ampliárase o prazo do primeiro semestre e poderá formalizarse a renuncia ata un mes antes da celebración oficial dos exames.
- 4.- Ditarase unha nova Instrución pola Secretaría Xeral onde se clarifiquen algúns aspectos sobre a renuncia e efectos sobre a normativa de permanencia.
- 5.- Os prazos de renuncia incorporáranse na convocatoria de matrícula a efectos dunha maior difusión, e xunto co resto dos prazos de matrícula da USC.
- 6.- Para o curso 2013/14 tanto na web da USC como na Secretaría Virtual poranse de xeito destacado os prazos de renuncia, xunto co resto dos prazos que debe coñecer o alumnado.”

Q 1212/04

Unha estudante de doutorado manifesta a súa desconformidade coa *Instrución 12/2012 da Secretaría Xeral da USC sobre duración dos estudos de doutoramento para os que inicien estudos no curso 2012/2013.*

A Secretaría Xeral con data 15 de maio de 2013 dita unha Instrución na que contempla as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento:

“... No caso de existir causa xustificada e acreditada, e previo informe da Comisión de Doutoramento, poderá concederse de forma motivada unha prórroga polo tempo necesario sen que en ningún caso exceda do 30 de setembro de 2017, período no que deberá estar totalmente extinguido o programa.”

Q 1212/05

Presentado por unha alumna de Grao en relación coa demora na resolución dunha solicitude de validación de estudos.

Envíase á Secretaría Xeral un informe recadando as distintas queixas referidas ao proceso de adaptación/validación de estudos xunto cos informes dos Decanatos correspondentes, e no que se indicaba:

Por outra banda o *Informe das Reclamacións* tramitadas en 2012 da Oficina de Análise de Reclamacións da USC recolle:

PXA7 Proceso de Adaptacións, Validacións e Recoñecementos.

En 2012 presentáronse 31 recursos máis que o ano pasado o que significa un incremento dun 30,7%. O aumento do número de reclamacións pode ter a súa orixe na nova normativa de recoñecemento de estudos cursados nas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior ao ser necesaria en maior medida a intervención das Comisións Académicas na análise dos currículos do alumnado, xa que non existen táboas de recoñecemento automáticas, táboas que nas licenciaturas, diplomaturas ou enxeñarías axudaron a que baixaran as reclamacións para este proceso.

Do anteriormente expostoponse de manifesto que o procedemento actual, dende que o/a alumno/a presenta a súa solicitude ata que se resolve é demasiado longo e complexo, o que dificulta a toma de decisións por parte do órgano competente nun tempo razoable.

Das conversas mantidas con profesores e mesmo algún xestor de centro, tamén se refiren disfuncionalidades no mesmo senso.

Posto que as consecuencias en moitos casos poden ser importantes para o profesorado e especialmente para o alumnado no que se refire ao desenvolvemento do curso, como se pon de manifesto nas queixas presentadas, *recoméndase que dende esa Secretaría Xeral se coordinen as actuacións oportunas para que se faga unha análise exhaustiva conxunta entre os diferentes axentes implicados no proceso (Decanatos, Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, UXAs) para tentar de, na medida do posible, facer máis áxil e operativo o procedemento a seguir nestes casos, así como da incorporación de mecanismos de control do cumprimento de dito proceso co obxecto de corrixir os problemas aos que da lugar o procedemento actual.*

Dende Secretaría Xeral comunicaron que:

Na comisión xeral de validacións, á vista da anterior recomendación, acordouse crear unha comisión que estude as propostas de mellora para reducir os tempos de resposta.

E finalmente noutro escrito posterior indicaban as propostas acordadas:

A Comisión Xeral de Validacións do 4-12-2013 acordou, a vista dos informes do Valedor da Comunidade Universitaria, constituír un grupo de traballo para mellorar os tempos de resolución dos recoñecementos.

A citada comisión delegada reuniuse e acordou, a efectos de mellorar os prazos para a resolución das solicitudes, o seguinte:

1.- Para o recoñecemento parcial de estudos estranxeiros

- a) Establecer o prazo de solicitudes de recoñecemento parcial de estudos estranxeiros no mes de febreiro no que se terán en conta as notas obtidas do primeiro semestre do curso
- b) Establecer un novo modelo de solicitude onde se inclúa as materias que se desexa validar e cales son as materias de orixe. Se indicaría tamén o número de créditos superados.
- c) Establecer un sistema de dúas fases na selección. Na primeira fase se establecería unha preselección e se desbotarían as solicitudes que, polo número de créditos superados, xa non van a ter opción para obter unha praza.
- d) Estudar e no seu caso establecer que o alumnado do EEES non pode considerarse como “alumnos estranxeiros”, polo que este alumnado debe acceder polo sistema ordinario de traslados. Debe terse en conta que este tipo de alumnos do EEES xa accede aos graos pola cota de alumnos ordinarios

e) Establecer táboas de recoñecemento das titulacións nas que se solicita o recoñecemento de estudos estranxeiros de forma máis habitual.

2.- Respecto aos recoñecementos ordinarios

- Que os centros acorden táboas de recoñecemento por titulacións completas que xa aplicarían as UUXA sen necesidade de informe do centro. As táboas as aproba o SXOPRA e se publicarían para xeral coñecemento e se actualizarían anualmente.

- Modificar o modelo de solicitude para incorporar as materias concretas que se solicitan.

- Intentar axilizar a creación, aprobación e actualización das táboas de recoñecemento a través de Xescampus

3.- Todo isto se plasmaría nun novo protocolo de recoñecemento a aprobar polo Consello de Goberno, e que substitúa ao de 2006.

4.- Para o curso 14/15 propónse que o prazo de solicitudes de recoñecemento de estudos estranxeiros será o mes de marzo 2014.

Q 1212/06

En relación co desenvolvemento da docencia dunha materia.

Solicítase informe á dirección do centro e á Secretaría Xeral, que comunica a apertura do correspondente expediente disciplinario, polo que en cumprimento do establecido no art. 10.4 do Estatuto do Valedor *suspéndense as actuacións que se tiñan iniciado e se procede ao arquivo da queixa:*

Artigo 10.- Procedemento

4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

Q 1212/07

Igual á anterior.

Q 1212/08

Presentada por unha estudante en relación co recoñecemento como créditos de libre configuración das actividades que ten realizado na Aula de Teatro da USC.

Dende a Oficina de Análise de Reclamacións infórmannos que se emite resolución reitoral desestimando o recurso que tiña interposto a alumna e non recoñecendo os créditos solicitados, por exceder do máximo de créditos que figura nas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración.

Q 1301/01

Presentado por un estudante en relación coa eliminación da exención de pagamento dos prezos públicos da súa matrícula por acreditar ser vítima de violencia de xénero. No escrito informa ter recibido unha comunicación na que se lle denega o desconto aplicando os seguintes fundamentos de dereito:

-O Artigo 15. Violencia de xénero do Decreto 154/2012 establece que "Quedan exentas de pagamento polos servizos académicos regulados no presente decreto as alumnas que sufran violencia de xénero. Tamén quedaran exentas no caso de que sexan as súas proxenitoras as que a sufran"

-Non é aplicable polo tanto este tipo de exencións para fillos varóns de mulleres que sufran violencia de xénero."

Envíase á Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade unha recomendación para que efectúe as actuacións que considere necesarias co fin de que dita disfunción sexa corrixida e non se reproduza nos vindeiros decretos que fixen os prezos públicos correspondentes aos estudos no ensino universitario.

Con posterioridade a Vicerreitoría comunica:

O asunto pódese considerar que está solucionado pois en escrito recibido na USC o 13/11/2012 de parte da Secretaría Xeral de Universidades comunícase que recoñecendo que o recollido no decreto 154/2012 foi un erro vaise a proceder á súa corrección se ben informan que este trámite pode levar algún tempo pois é preciso publicar a corrección no DOGA. Dende a universidade estamos atentos a esta cuestión pero a día de hoxe tal publicación aínda non se fixo.

Non obstante, a USC xa está aplicando a exención de matrícula ás fillas e aos fillos das vítimas de violencia de xénero en virtude da comunicación recibida de parte da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o día 26/11/2012 no que se comunica que os fillos varóns das vítimas de violencia de xénero tamén teñen dereito á exención de prezos públicos.”

Q 1301/02

Queixa presentada por un estudante en relación cos períodos de aplicación de horario extraordinario de apertura de bibliotecas, que non teñen en conta os períodos de exames na súa licenciatura.

Dáse traslado da queixa ao Sr. decano e ao Sr. vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua, quen envía un escrito no que informa:

3. Ó contexto actual de crise económica, que afecta tamén á USC e nos obriga a xestionar eficazmente os nosos recursos e servizos de acordo co emprego que se fai deles e tendo en conta as liñas de gasto marcadas pola USC. Cómpre ter en conta que para proceder ás aperturas das bibliotecas en horario extraordinario precísase contratar persoal adicional e engadirlle os custos de luz, auga, limpeza e vixianza .

Os alumnos afectados dos últimos anos da licenciatura (sobre 1000 estudantes aproximadamente) teñen un calendario de exames non axustado ao oficial (feito que a dirección da Biblioteca descoñecía), sendo a priori, a única facultade que presenta este problema.

Por todo o anterior, e a pesar de que na dirección da Biblioteca se recibiron outras tres queixas sobre o tema, consideramos que os criterios utilizados na proposta de apertura extraordinaria son adecuados tendo en conta tanto a normativa como a situación actual.

Con posterioridade recíbese un escrito do Decanato do Centro comunicando:

“Infórmolle que por parte de este Decanato realizáronse xestións cos Vicerreitores de Estudantes, de Investigación e de Economía, e coa Xerencia que nos remitiu a Directora da Biblioteca, a que se lle explicou a situación especial dos estudos, (este ano aínda se están impartindo os últimos cursos da Licenciatura) acordando que se abriría a Biblioteca do Centro a partir do día 30 no caso de que a

ocupación nos próximos días fose importante. Esta mañá tan so estaban nela 12 alumnos.”

Q 1301/03

Foi presentado un escrito de queixa por un Profesor Titular de Universidade en relación co procedemento de redistribución de despachos efectuado na Facultade.

A queixa foi trasladada ao Decanato e propiciáronse canles de interlocución entre o decanato e o docente que facilitaron unha solución.

Q 1301/04

Escrito presentado en relación co procedemento de cálculo das notas medias da promoción 2011/2012 dun máster. No escrito expón que o cálculo efectuado foi erróneo e non se seguiu o establecido no *Protocolo de colaboración entre a Consellería e as Universidades para a valoración de expedientes académicos*.

No informe solicitado, a Secretaría Xeral expón:

.../ se calculou de maneira diferenciada as notas medias das distintas edicións do Máster xa que uns eran de 60 ECTS (un ano) e outros de 120 ECTS (dous cursos académicos); non se tiveron en conta para ese cálculo os alumnos que só fixeron unha parte do Máster (itinerario de doutoramento), nin aos alumnos de outras universidades (xa que non son alumnos da USC nin temos os seus expedientes).

En consecuencia, entendemos que o cálculo realizado sobre as notas medias de estes alumnos é correcto.

Á vista do anteriormente exposto, cabe facer as seguintes consideracións:

- 1.- Trátase dun Máster interuniversitario no que se matriculan alumnos de todas as universidades participantes.
- 2.- Un escenario moi probable é que cada vez se oferten máis titulacións con este carácter interuniversitario.
- 3.- Deben considerarse alumnos do Máster todos os matriculados, independentemente da Universidade á que pertencen.

4.- A nota media da promoción é un dato cada vez máis empregado para concorrer a convocatorias competitivas.

5.- O vixente protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a Valoración de Expedientes Académicos de 27 de xuño de 2011, non establece o procedemento a seguir no caso de titulacións interuniversitarias.

Por todo isto, e dado que unha Universidade non dispón dos expedientes dos alumnos das outras, *recoméndase que para evitar posibles disfuncionalidades que poidan ocorrer no futuro, dende a USC se fagan as xestións oportunas para corrixir a lagoa presente no vixente protocolo de colaboración de xeito que permita determinar a nota media tendo en conta todos os alumnos dunha promoción con independencia da Universidade na que se matriculen.*

Q 1301/05

Un colectivo de alumnos dun máster quéixanse formulando que na práctica, a certificación provisional substitutoria expedida polo reitor non inclúe o número de rexistro nacional de titulados universitarios oficiais o que produce toda unha serie de prexuízos para o titulado á hora de poder acreditar a validez de dita certificación como substitutiva do título definitivo, sobre todo á hora de garantir a mobilidade destes titulados a países estranxeiros.

Recíbese informe da Secretaría Xeral da USC no que se indica:

- a) O novo Real Decreto de Títulos establece a obriga de consignar o nº de rexistro de títulos na certificación supletoria, pero o Ministerio aínda non estableceu o modelo.
- b) A Subdirectora de títulos parece que enviou ás universidades un correo indicando que non se ían a legalizar títulos se non tiñan este nº de rexistro. Na USC non se recibiu este escrito.
- c) A USC tivo conversas co Ministerio e presentou escrito asinado polo Reitor para que non tiveran en conta este número nos certificados supletorios xa que aínda nas universidades do SUG non se implantara o módulo de títulos conforme ao Real Decreto.
- d) No caso dos alumnos que necesiten un certificado supletorio co número de rexistro de títulos para a súa posterior legalización deben solicitalo na Sección de

Títulos ou na Secretaría Xeral e realizarase unha certificación específica para estes alumnos.

e) A solución definitiva (incorporación do número de rexistro en todos os certificados supletorios) virá dada polo novo módulo informático de Xescampus para a xestión dos Títulos conforme ao novo Real Decreto de Títulos, e que se espera que estea en funcionamento en marzo de 2013, segundo as previsións establecidas.

Q 1301/06

Queixa presentada por estudantes en relación co intercambio por convenio bilateral con América Latina. Na mesma expoñen que derivada dunha falla de claridade nas convocatorias e información errónea derivada da web correspondente solicitaron por erro praza para a convocatoria 2013/14 sendo a súa intención efectuar a solicitude para o curso 2012/13 e noutras universidades distintas das solicitadas.

Efectúanse xestións diante da Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización, quen recibe aos alumnos e efectúa o cambio de convocatoria, mais non o de universidades.

Q 1302/01

Escrito presentado por unha estudante en relación coa demora na sinatura e entrega de actas dunha materia.

A Secretaría Xeral informa que a alumna dende o día 7 de xaneiro ten imputada a nota correcta no seu expediente, polo que se comunica á presentadora da queixa que parece totalmente improcedente que se teña dirixido ao Valedor para queixarse dun problema inexistente e que se pon fin á tramitación da queixa.

Q 1302/02

Queixa presentada por un estudante relacionada co procedemento de matrícula e presentación do Proxecto Fin de Máster:

No curso 2011-2012 matriculeime do máster da USC. No mes de maio non tiña completamente rematada a parte experimental do Proxecto Fin de Máster. Logo de consultalo coa miña directora do proxecto, plantexámonos a posibilidade de presentalo noutra convocatoria posterior para poder facer un traballo decente e non unha simple memoria do que levaba feito. Dirixinme en persoa a falar co coordinador do máster, decano da facultade. Díxome que podía presentalo na convocatoria de setembro ou na de decembro, asegurándome que en ningunha das dúas convocatorias tería que volver a matricularme novamente da materia. Decidimos deixalo para o mes de decembro, logrando así un desenrolo experimental importante e unha boa presentación do traballo. A miña sorpresa cando me dirixo ao decanato da facultade no mes de novembro para solicitar unha data de presentación e me din que quizais esta convocatoria de decembro non exista. De inmediato contacto coa universidade e co servizo de xestión académica onde me poñen ao día dos prazos e convocatorias existentes segundo a normativa. A solución que me ofrecen é volver a matricularme do TFM neste curso 2012-2013 (asumindo eu os custos da matrícula) e presentalo na convocatoria de febreiro. Pero, nese intre incluso os prazos de matrícula habían pasado xa polo que tería que agardar ata o próximo curso.

Fixéronse xestións ante a Secretaría Xeral na procura dunha solución ao problema exposto, resultando que lle permiten a formalización da matrícula con carácter excepcional co correspondente abono dos prezos públicos de matrícula.

Q 1302/03

Queixa presentada por unha estudante en relación co sistema de avaliación aplicado nunha materia:

Segundo a guía docente ten o seguinte sistema de avaliación:

Sistema de avaliación da aprendizaxe

Exame teórico sobre os contidos do programa; a súa valoración será o 70% da cualificación final.

Traballo individual sobre os resultados das prácticas de campo e a presentación dun plan de recuperación e/ou xestión específico, en que deberán incluír a aplicación a un caso concreto dos conceptos básicos contemplados no programa teórico; a súa valoración será o 30% da nota final.

O aprobado alcánzase coa obtención mínima de 5 puntos sobre 10, dos que 4 han de proceder do exame teórico.

O sistema de avaliación manterase durante todo o curso académico (dúas convocatorias). Non se gardarán as cualificacións obtidas nin nas probas dos contidos de clases expositivas nin interactivas para os cursos seguintes.

A asistencia ás clases interactivas (seminarios e prácticas de laboratorio) é obrigatoria. Se o alumno non asistise a elas non será avaliado do resto das partes da materia nin do traballo de curso.”

- Que en dicha asignatura hemos sido evaluados con un único criterio (100%) de la nota del examen. Que este cambio no se debe a un error y no se corrigió en tiempo y forma.

- Por todo ello consideramos que se está incumpliendo el artículo 13º apartado 2c de los Estatutos de la Universidad de Santiago de Compostela, el artículo 3º apartado 2 y apartado 3 de la “Normativa de evaluación del rendimiento académico de los estudiantes y de revisión de calificaciones”, y los Criterios Generales de Evaluación para todas las asignaturas. Memoria de Grado.

Admitida a queixa a trámite solicitouse o correspondente informe ao Decanato da Facultade. Da análise do mesmo ponse de manifesto a existencia de certas actuacións non conformes coa *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, e principalmente co recollido no art. 3.

En primeiro lugar, polo que respecta ao apartado 2 de dito artigo, apréciase una clara disparidade entre o sistema de avaliación da aprendizaxe que aparece na Guía Docente da materia e o sistema que se aplicou na realidade.

En segundo lugar, tamén existe disparidade en relación ao cambio de criterios de avaliación. Se ben no apartado 3 da normativa se recolle a posibilidade de rectificación ou corrección deses criterios, claramente establece que deberá facerse ao inicio das actividades docentes e coa debida publicidade e non, como sinala no seu escrito, o día anterior ao exame nun taboleiro e porta da aula.

A pesar da indubidábel boa vontade do profesorado implicado e aínda que puidera existir algunha razón sobrevida que dera lugar á situación motivo da queixa, é ben certo que o alumnado non é responsable en absoluto desa situación. En todo caso a responsabilidade é dos órganos encargados de xestionar a solución do problema: principalmente do Departamento, ao que lle corresponden todas as

cuestións relativas ao POD, aprobación e cumprimento das Guías Docentes e a cobertura das baixas do seu profesorado de xeito que non afecte ao alumnado. Pero tamén, como ben sinala no seu escrito, o Decanato debe velar pola correcta impartición da docencia.

Dado que a pretensión da alumna de anulación da convocatoria, non parece o máis razoable porque poden existir terceiras persoas afectadas, neste caso concreto *recoméndase que:*

- *O Decanato se poña en contacto coa alumna para propoñerlle a mellor solución posible e analice a posibilidade, tal e como lle suxire a Directora do Departamento, de corrixir os criterios de avaliación, adaptándoos na medida do posible ao que establecía a programación docente da materia.*
- *Ademais, que con carácter xeral, se faga chegar as Direccións dos Departamentos a necesidade de ter en consideración a normativa vixente, para evitar no futuro queixas sobre situacións que poidan afectar negativamente ao alumnado.*

Q 1302/04

Estudante dun máster que se queixa da demora na transmisión da información das convocatorias dende a Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización.

A Vicerreitoría informa ter respostado ao presentador da queixa:

Muchas gracias por su mensaje. Aquí trabajamos todo el día al servicio de los estudiantes. La información de las becas de India la recibimos ayer por la mañana, forzamos a varias personas a terminar el trabajo para las demás informaciones y enviamos la newsletter cuanto antes para que quedara el máximo tiempo posible, plenamente conscientes de la brevedad del plazo. Nos pareció preferible mandarlo que descartarlo.

Á vista do exposto, non se aprecia unha conduta que non sexa a axeitada por parte dos servizos correspondentes da USC na procura de que os estudantes

dispoñan dunha información o máis ampla que sexa posible, aínda que ás veces non se produza nas circunstancias óptimas derivado de actuacións alleas á propia USC.

Q 1302/05

Alumno do Centro de Linguas Modernas (CLM) en relación co proceso de revisión de cualificacións seguido nese centro.

Á vista do exposto, con independencia da boa actitude e dilixencia na solución do problema concreto que motivaba a queixa recoméndase que, con carácter xeral, o procedemento de revisión de cualificacións no CLM recolla na medida do posible o establecido na Normativa de avaliación e de revisión de cualificacións citada, de xeito que os alumnos poidan facer estas revisións en datas opcionais e con horarios alternativos, e que sexan un instrumento útil para que o estudante poda percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, e que garanta que todo o alumnado que o desexe poida revisar o exame.

Q 1304/01

Queixa en relación co recoñecemento dun Ciclo Formativo de Grao Superior como materias ou créditos nun Grao, indicando:

El motivo es el siguiente: Al principio de curso académico me informé en el departamento de gestión académica de cuáles eran los créditos que me podían convalidar por haber hecho el curso de La respuesta que obtuve fue que los créditos que me concedían eran 22.5 créditos, pero que me convendría esperar más adelante porque modificarían el plan de estudios y saldría beneficiado obteniendo más créditos. Mi sorpresa fue que una semana después de que cambiaran el plan de estudios, el cual no sabía que habían modificado, el mismo departamento de gestión académica me informa de que no me conceden ninguna convalidación.

A Unidade de Xestión Académica comunicou:

“Que o devandito alumno solicitou con data 5/2/2013 o recoñecemento das materias cursadas no Ciclo Superior. Este ciclo, no anterior convenio, figuraba

recoñecido por 22,5 créditos optativos. Sen embargo, no novo convenio (RR de 11/1/2013) non ten ningún recoñecemento. Por ese motivo, e dado que o alumno fai a súa solicitude estando xa en vigor o novo convenio, dítase resolución de data 7/2/2013 denegando o recoñecemento solicitado.

Entre medias, o 6/2/2013, o alumno presenta unha nova solicitude para que se lle recoñeza o ciclo formativo superado porque, ao seu entender, foi mal informado nesta Unidade. Él di que se lle dixo que era mellor que esperara ao novo convenio porque este sería máis beneficioso. Sobre isto cómpre indicar que non temos constancia nesta Unidade de que se lle facilitara ao alumno tal información, habida conta de que atendemos diariamente un volume elevado de alumnos e resulta moi difícil lembrarse de cada caso particular.

Q 1304/02

Escrito no que manifesta o seu descontento coa actuación do Sr. director dunha Área da USC e por extensión ao departamento que dirixe.

Dáse traslado da mesma ao vicerreitor correspondente e infórmaselle ao presentador do escrito que non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que o expresado no mesmo non pon de manifesto que se teña conculcado algún dereito ou liberdade dalgún membro da comunidade universitaria.

Q 1304/03

Queixa presentada por un estudante de Grao en relación co non recoñecemento de créditos pola participación en actividades ou a realización das mesmas: participación en congresos celebrados na súa facultade e estudos oficiais de música.

A Vicerreitoría de Titulacións e PDI informa:

.../ a USC modificou os anexos I e II da RR do 1/02/2012 mediante a Resolución Reitoral do 26 de febreiro de 2013.

5) No Anexo I citado no punto anterior acótanse as actividades culturais susceptibles de recoñecemento (Compañías da Aula de Teatro; Coro Universitario e Espazo de Cámara; Espazo de Danza; Cursos de Teatro, Danza e Fotografía; Cursos de Verán; Agrupacións de estudantes que desenvolven actividades musicais, escénicas e outras de carácter cultural; Dinamizadores/as de actividades socioculturais en escolas e facultades, colexios maiores e residencias; Programas de extensión cultural promovidas pola Vicerreitoría con competencias en materia de cultura). Para o caso das tres últimas actividades corresponderá á Vicerreitoría competente en asuntos culturais establecer mediante resolución as actividades recoñecibles e o número de créditos que se recoñecerán por cada actividade.

6) Nas Unidades de Xestión Académica deben aplicar esta normativa aprobada polos órganos de goberno da USC, polo que é correcto o non recoñecemento da asistencia a Congresos, así como dos estudos oficiais de música realizados polo estudante que presenta a queixa.

Q 1304/04

Queixa formulada por unha estudante como representante do alumnado de 2º curso dun Grao referida á docencia nunhas materias, indicando:

Que ao comezo do segundo cuadrimestre infórmase que o profesor/a encargado de impartir a materia non era o que aparecía na páxina web, xa que tiña toda a docencia cuberta, e que un/unha novo/a docente se incorporaría en breve. Que presentaron unha queixa perante o Decanato respostándolles que en abril se incorporará un novo docente que cubrirá a praza. Chegada a data continúan sen profesor e dinlles que se cubrirá a docencia con distintos membros do departamento.

O Sr. decano do Centro informa que a situación foi producida debido a non tomar posesión o profesor seleccionado en setembro do 2012 para esa praza, que o director do departamento de acordo coas profesoras que impartiron docencia e despois de reunirse cos representantes dos alumnos acordaron os criterios de avaliación, e que nese momento a situación que motivou a queixa estaba regularizada e a docencia das materias desenvolvíase con normalidade.

Q 1304/05

Queixa en relación coa demora na expedición dos SET.

A Secretaría Xeral informa:

“1.- En efecto a USC tivo un importante retraso na expedición do SET, das titulacións de primeiro e segundo ciclo.

2.- Na expedición de SET a USC atopou nalgúns casos dificultades para a súa expedición, fundamentalmente con problemas operativos e de tradución.

3.- No último trimestre do ano 2012 fíxose un importante esforzo organizativo e de xestión para expedir todos os SET atrasados ata o 31 de decembro de 2012. En concreto, chegaronse a xerar uns 6.000 SET, quedando só algúns que tiveron algún problema nos textos. Unha vez xerados, mandáronse para a impresión, sinatura e entrega.

4.- No caso do alumno o SET foi enviado a imprimir, e dende a súa recepción procederase á súa sinatura e entrega ao interesado.”

Q 1304/06

Presentado por unha traballadora P.A.S. en relación cunha solicitude de flexibilización da xornada de traballo para facer efectiva a conciliación da vida familiar e laboral.

No informe solicitado, a Sra. vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade informaba:

Interesándome polo asunto falei co vicerreitor responsable coa xerente e co reitor. O vicerreitor fíxome saber que as necesidades do posto que ocupa a traballadora non fan posible acceder á súa petición pero que el está disposto a aceptar calquera solución que se propoña e que así o manifestou desde o primeiro momento. A xerente, pola súa parte, me informou de que recibiu á mesma a raíz da súa solicitude e que lle expuxo os pasos a dar para acadar unha solución, que ela sabía como proceder pero que desde fai meses non volveu a facer ningunha xestión ao respecto. O reitor manifestou que o seu máximo interese é solucionar o

tema pero que as medidas a tomar entran nas competencias da xerencia. Pola miña parte, en todas estas conversas insistín na importancia de facer o posible para atender a solicitude de conciliación para cumprir co compromiso da USC neste sentido.

Como todas estas xestións foron feitas mediante conversas e entendendo que debo dar unha resposta por escrito á interesada, solicitei da xerencia un informe sobre o caso co rogo de que se propoña a fórmula mais axeitada para dar unha solución satisfactoria á interesada. Estou á espera do citado informe

E a Xerencia no informe ao que se fai referencia indicaba:

.../ 2. a vixerente da USC, emite informe desfavorable á solicitude presentada, alegando que non quedan cubertas as necesidades do servizo dado que o posto que desempeña a funcionaria é un posto singularizado, e as funcións inherentes ao mesmo requiren a súa presenza na mesma franxa horaria que o seu responsable (de 8:00 a 15:00).

4. A xerente, resolve non conceder a flexibilización da xornada solicitada, por razóns de necesidades do servizo..

6. O reitor resolve desestimar o recurso de reposición presentado pola traballadora, contra a resolución da xerencia, pola que non se lle concede a flexibilización da xornada de traballo.

Non variando a día de hoxe as circunstancias polas que lle foi denegada a flexibilidade horaria, comunícolle que non é posible modificar a decisión adoptada.

Q 1304/07

En relación co procedemento seguido no recoñecemento de estudos dun Ciclo Formativo de Grao Superior polos correspondentes nun Grao. Expoñía:

- Que formalizou a solicitude de validación de estudos con data 13/09/2012.
- Que con data 25/01/2013 dítase resolución que resolve o recoñecemento de estudos cursados no Ciclo Formativo polos correspondentes no Grao.
- Que no período transcorrido entre a solicitude e a antedita resolución modificouse a resolución reitoral (11/01/2013) de recoñecemento de ciclos formativos de Grao Superior nas titulacións de Grao da USC, suprimíndose da mesma o recoñecemento da materia, que si constaba na anterior táboa e vixente cando formalizou a súa solicitude.

- Con data 07/02/2013 presenta escrito alegando que se revise a resolución de recoñecemento, que é tramitado como recurso de reposición e repostado mediante R.R. desestimatoria do 12/03/2013 na que se indicaba:

Tendo en conta o anterior non procede estimar o recurso presentado, xa que na resolución de aplicación para este curso non está recollida a materia reclamada tratándose dun erro a inclusión desa materia na anterior resolución.

Solicítase informe ao Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica no que se indica:

A alumna solicitou o recoñecemento do ciclo formativo de grao superior o 13/09/2012. O prazo de resolución é de 3 meses. Antes de resolver a solicitude, comunicóusenos que había unha nova táboa de recoñecementos que era de aplicación para o curso 2012/13 e sucesivos e que ían ditar unha resolución reitoral.

A resolución de recoñecemento de estudos da citada alumna demorouse por que estaba pendente de publicarse esta nova táboa de recoñecementos, que non se aprobou ata o 11 de xaneiro de 2013 por Resolución Reitoral.

A alumna presentou o 7 de febreiro de 2013 recurso de reposición contra a resolución de recoñecemento do 25 de xaneiro de 2103, que se tramitou á Oficina de Análise de Reclamacións o 8 de febreiro, que lle foi desestimado como xa se indica no escrito do Valedor.

Así pois, é necesario facer as seguintes consideracións:

Cando a alumna fai a solicitude de recoñecemento de estudos (13/09/2012), estaba vixente o convenio de colaboración entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo

Dende o punto de vista legal, o prazo de resolución previsto na normativa é de 3 meses, dende o punto de vista académico e de xestión eficiente non parece en absoluto razoable esgotar dito prazo, ante unha solicitude na que non é necesario

emitir informes técnicos, senón aplicar as correspondentes táboas de equivalencia aprobadas e publicadas.

Pero aínda que se esgotara o prazo que permite a lexislación, tamén sería de aplicación o mesmo convenio de colaboración, que aínda se atoparía vixente.

A Universidade incumprindo este prazo resolve despois de máis de 4 meses (25/01/2013) aducindo como xustificación da demora un futuro sobre o que como é obvio non existe posibilidade de control: unha nova táboa de recoñecementos (resolución reitoral de 11/01/2013).

É certo que na táboa vixente no momento da solicitude da alumna parece existir un erro, pero tamén é certo que polas razóns que sexan non se procedeu a corrixir dito erro en tempo e forma.

Por iso recomendo que se analice a posibilidade de iniciar un proceso de revisión da resolución da validación que motiva a queixa tendo en conta os aspectos expostos no presente escrito.

Q 1304/08

Queixa en relación coa non existencia do “aprobado por compensación” na USC, como noutras universidades, e que permitiría rematar estudos a alumnos con planes extinguidos aos que lles reste unha ou dúas materias.

Infórmase que a queixa non pode ser admitida a trámite ao entender que o expresado na mesma non pon de manifesto que se teña conculcado algún dereito ou liberdade dalgún membro da comunidade universitaria, pois a USC, no uso da súa autonomía, decidiu no seu momento non incorporar a figura do "aprobado por compensación" como teñen feito outras institucións universitarias.

Q 1304/09

Dous escritos de queixa presentados por estudantes de Grao en relación co procedemento de avaliación nunha materia.

No informe que lle foi solicitado o Sr. decano da Facultade indica:

Primeiro.- Presentáronse no rexistro da Facultade dous escritos, un asinado por 43 estudantes e outro por unha estudante, nos que se expoñían diferentes consideracións respecto o exame e cualificación da materia do 4º curso do grao. O citado exame foi realizado pola profesora responsable da materia

.../ Cuarto.- A vista dos escritos e da normativa, o sr. decano da facultade admitiu a trámite as reclamacións, concedéndolle á profesora un prazo de 5 días para que presentase as oportunas alegacións.

.../Sexto.- A comisión reuniuse, acordando solicitar á profesora a recualificación dos exames de todos os alumnos da materia, a publicación das cualificacións obtidas nas clases interactivas e o establecemento dun novo prazo de revisión.

Oitavo.- Remitido polo sr. decano o acordo adoptado pola comisión á asesoría xurídica da USC, e consultada esta respecto á posibilidade de estender a todos os alumnos da materia a decisión tomada, antes de proceder a continuar co procedemento previsto, recibíuse escrito, do que se achega copia, no que se manifestaba que a comisión non podía entrar na revisión das cualificacións non reclamadas.

Á vista do anterior compre facer as seguintes consideracións:

Se ben é certo que só se pode modificar a nota da persoa reclamante, non estamos a falar dunha simple modificación/revisión dunha cualificación, porque como consecuencia das actuacións levadas a cabo polo Decanato do Centro, a situación actual é que a partires dunha reclamación do alumnado procedeuse non a modificar unhas notas concretas por advertir algún erro, senón a modificar os criterios de avaliación.

E que unha modificación de tales criterios debe ser aplicada a todo o alumnado, porque en caso contrario estaríase avaliando de xeito diferente a distintos alumnos e podería chegar o caso de que coa mesma nota numérica un alumno obteña a cualificación de aprobado e outro alumno a de suspenso segundo o criterio que se lle aplique.

Por todo iso recoméndase que:

- *Se avalíe a todo o alumnado cos mesmos criterios de avaliación.*

- *Se proceda a ditar as instrucións oportunas para que as novas puntuacións se lle comuniquen aos interesados e se trasladen á correspondente acta.*

Q 1304/10

Presentado por un Catedrático Ad Honorem en relación co procedemento de concesión de doutoramentos honoris causa.

O informe recibido da Secretaría Xeral indica:

Primeira: o procedemento para a concesión do doutoramento honoris causa, foi aprobado polo Claustro universitario no Regulamento de 21 de decembro de 2006, polo que non se estima procedente a aprobación de ningún protocolo de actuación, e máxime cando están perfectamente definidos tanto o procedemento de proposta e concesión, como os requisitos ou condicións dos candidatos.

Segunda: no art. 1 do citado regulamento recóllense os requisitos xerais que deberan concorrer nos candidatos, establecendo expresamente que "...valorarase preferentemente, ademais dos méritos do candidato, a súa contribución ao progreso da Universidade de Santiago de Compostela".

Terceira: o procedemento previsto no regulamento, regula tanto as propostas como a súa tramitación a partir das actuacións ante os órganos colexiados, sen facer referencia ás actuacións previas que desenvolve a comisión de accións especiais por acordo do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2007.

Cuarta: o art. 3 do regulamento prevé a concesión do doutoramento honoris causa como unha facultade da universidade, non como unha obriga. Tal e así que dende 2008 non se tramitou ningunha proposta.

Quinta: a comisión de accións especiais acordou "non tomar en consideración aquelas (propostas) nas que os profesores propoñentes xa non estean activos da USC ou os candidatos propostos faleceran". O profesor propoñente da candidatura, non se encontraba en activo no momento de reunirse a comisión, polo que a proposta non foi incluída na avaliación.

Sexta: a tenor do establecido na regulación vixente, a comisión debe ter en conta para realizar a avaliación que os candidatos sexan persoa destacadas no eido da

investigación ou da docencia, no cultivo das artes e das letras, ou ben daquelas actividades que tivesen unha repercusión notoria e importante desde o punto de vista universitario no terreo científico, artístico, cultural, tecnolóxico e social. Partindo destas premisas terá tamén en conta con carácter preferente a contribución do candidato ao progreso da Universidade de Santiago de Compostela.

Tal e como se pode comprobar no regulamento citado, o procedemento previsto recolle as condicións para a presentación das propostas, os requisitos que deben concorrer nos candidatos, as actuacións dos órganos colexiados, etc... Tendo en conta dito procedemento a comisións de acción especiais realiza a correspondente avaliación, que posteriormente debe ser aprobada polo Consello de Goberno e ratificada polo Claustro.”

Q 1304/11

En relación cun problema xurdido para a realización das probas de acreditación do nivel B1 dunha lingua estranxeira.

Trasladouse a queixa á Sra. directora do Centro de Linguas Modernas co fin de procurar unha solución ao problema exposto.

Q 1304/12

Foi enviado un escrito por unha alumna da USC en relación coa oferta de probas de acreditación de competencia lingüística do nivel B1 necesaria para a obtención do título de Grao. No escrito expón:

Son alumna da USC coa única materia pendente de acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira, neste caso Inglés. Os exames na USC ofértanse a través do Centro de Linguas Modernas de Santiago de Compostela. No escrito ofértanse 120 prazas por exame, e para o oral só 32.

O pasado Abril tivo lugar unha convocatoria, pero cando as persoas que pasaron a proba accederon as matrículas para o oral viron que xa non quedaban prazas. Isto só se pode saber se superas o escrito. De tódolos xeitos a resposta que recibimos era que en principio non se ían ofertar máis prazas ata o ano que ven. Iso supoñería non poder acreditar o idioma e polo tanto non ter o título

universitario ata o vindeiro ano, o cal, no meu caso, supoñería ao mesmo tempo non poder acceder a un posgraio.

A máis téñense efectuado consultas verbais no mesmo senso do escrito, por iso solicito informe sobre se a USC ou o CLM ten previsto realizar algún tipo de actuación para evitar situacións como a que motiva o presente escrito: alumnos que tendo rematados os seus estudos correspondentes ao Grao non obteñen o título por no poder acreditar a competencia lingüística do nivel B1 dunha lingua estranxeira.

Ofertáronse máis probas adicionais para intentar minimizar a problemática descrita.

Q 1304/13

Un alumno que comeza o doutoramento quéixase en relación ás axudas predoutorais que convoca a Xunta de Galicia (Plan I2C) expoñendo que o problema que teñen os estudantes que acceden ás bolsas a través da lista de agarda por renuncias doutros bolseiros é que acceden á bolsa 4/5 meses máis tarde, e polo tanto, teñen menos de 3 anos de contrato.

Consultada a *ORDE do 18 de xullo de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C)* indica ao respecto:

Art. 13. Renuncia das axudas e interrupcións.

.../ O/a substituto/a quedará suxeito/a ás mesmas condicións e polo tempo restante do aproveitamento da axuda. En ningún caso o período correspondente á substitución poderá rematar máis alá da data xeral de finalización indicada para os contratos no artigo e desta convocatoria.

Artigo 3. Importe, número e duración das axudas.

A duración das axudas será dun máximo de tres anos, que se desenvolverá entre o 1 de novembro de 2012 e o 31 de outubro de 2015, e non poderán ser obxecto de prórroga.

E a *Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación* recolle:

Artículo 21. Contrato predoctoral.

Los contratos de trabajo bajo la modalidad de contrato predoctoral se celebrarán de acuerdo con los siguientes requisitos:

c) El contrato será de duración determinada, con dedicación a tiempo completo. La duración del contrato será de un año, prorrogable por períodos anuales previo informe favorable de la comisión académica del programa de doctorado, o en su caso de la escuela de doctorado, durante el tiempo que dure su permanencia en el programa. En ningún caso la duración acumulada del contrato inicial más las prórrogas podrá exceder de cuatro años.

Dedúcese así unha falla de coordinación entre ambas normativas reguladoras.

Trasládanse estas circunstancias ao Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación quen informa:

A USC é plenamente consciente de que de acordo coa Orde do 31 de outubro de 2012 - pola que se modifica, no relativo á duración, ás anualidades e ás datas de xustificación, a Orde do 18 de xullo de 2012 -, na que se establece que:

“A duración das axudas será dun máximo de tres anos, que se desenvolverá entre o 1 de decembro de 2012 e o 31 de decembro de 2015, e non poderán ser obxecto de prórroga”

aqueles beneficiarios que accederon ao programa a través das listas de substitución, e sempre no caso de obter informe favorable nas preceptivas avaliacións anuais, disfrutarían no ano 2015 de un contrato con duración inferior a un ano. En consecuencia, comunicou á Xunta de Galicia de que esta circunstancia podería xerar un conflito co art. 21 da Lei14/2011 no caso dunha interpretación literal do mesmo,

A día de hoxe a USC ten constancia de que a Xunta de Galicia está traballando no plantexamento dunha alternativa de aplicación xeral para o conxunto das universidades do SUG. Chegado o momento de aplicación dunha prórroga nas circunstancias plantexadas na queixa do valedor, a USC formalizará o contrato correspondente nunha modalidade axustada á legalidade vixente nese momento.”

Q 1305/01

Escrito de queixa presentado por un doutor da USC no que expón que:

1º Defendeu a Tese de Doutoramento, concedéndoselle a cualificación de APTO.

2º Tras a presentación da Tese e durante o proceso de debate cos membros do tribunal que a xulgaron, todos lle fixeron saber que o traballo merecía a máxima cualificación.

3º O Presidente do tribunal detecta, cando presenta a documentación, o que considera un posible "erro" e, tras solicitar as opinións dos restantes membros do tribunal sobre tal posible "erro" na cualificación, comproba a súa veracidade e procede legalmente -segundo a normativa legal vixente da USC- a solicitar a rectificación da correspondente nota para que se cambie por APTO cum LAUDE.

4º Tal erro pode producirse con facilidade polo confuso que é o impreso a cubrir para "Valoración da tese para os efectos de mención de "cum laude" e premio extraordinario de doutoramento", no que non se diferencian de forma clara ambas cousas.

5º A Comisión de 3º Ciclo fixo súas as alegacións do Presidente do tribunal e tramitou a solicitude para informe preceptivo da Asesoría Xurídica da USC. Tal Informe foi, así mesmo, FAVORABLE a que se rectificase a nota e se puxera APTO cum LAUDE.

6º Chegado o escrito a 3º Ciclo comunicouse tal decisión á sección de alumnos para que se cambiara a cualificación do título de Doutor do alumno de APTO para APTO cum LAUDE.

7º Que nunca se lle deu o título con esa nota.

8º A finais do mes de xaneiro chegou contestación, dende a Secretaría Xeral da USC, á solicitude de corrección da acta presentada polo Sr. Presidente do tribunal na que se lle di " ...denegar o cambio de voto manifestado polos membros do Tribunal da tese de doutoramento.

No informe solicitado á Secretaría Xeral indícase:

.../ 3.- Con data do 23 de novembro de 2012 o Presidente do Tribunal da Tese de remite escrito ao Presidente da Comisión de Doutoramento co obxecto de subsanar un presunto erro cometido polo Tribunal na concesión da nota de

cualificación e achegando diversa documentación. O director do Centro de Posgrao remitiu este escrito á Asesoría Xurídica para informe. A documentación foi posteriormente remitida á Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo, que a remitiu a esta Secretaría Xeral por ser o órgano competente.

4.- Con data do 25 de xaneiro de 2013 foi ditada resolución denegatoria da petición de corrección de erros dado que non se apreciaba erro material no reconto das valoracións e votacións, polo que non procedía realizar ningunha rectificación sobre a cualificación outorgada. Contra esta resolución no se presentou ningunha impugnación, sendo un acto firme e consentido.

No presente caso non se trata de realizar unha corrección dun erro material ou aritmético, senón que o que se pretende é modificar o sentido do voto, e ademais dunha votación secreta, da que non se coñece quen é o seu autor.

A votación unha vez realizada e recontada non pode ser modificada xa que foi unha manifestación de vontade libre e non revogable, e menos unha vez coñecido o resultado das votacións.

c) Se non se aprecia erro material no reconto das valoracións e votacións, non procede realizar ningunha rectificación sobre a cualificación outorgada.

d) Os modelos establecidos non inducen a confusión e en casos semellantes non se autorizaron estes cambios ao non apreciarse erro material no reconto, criterio que foi ratificado mediante recurso polo Reitor da USC. Aceptar agora esta modificación suporía un tratamento diferente para casos iguais.

Aínda que efectivamente se recoñece a dificultade para que induzan á confusión os modelos establecidos para a realización do trámite obxecto da queixa, considero que non se debe desbotar a posibilidade de que nalgún momento se poida producir un erro, por iso *recomendo que se estableza un protocolo de actuación que permita emendar ditas situacións coas debidas garantías xurídicas.*

Q 1305/02

Análoga á queixa Q1304/11.

Q 1305/03

Foi presentado un escrito de queixa por unha Asociación Estudiantil referido ao emprego de fichas académicas en formato papel en centros da USC.

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe á Secretaría Xeral da USC no que indica:

- a) A USC, mediante Resolución do 24 de xuño de 2002 creou o ficheiro de datos de carácter persoal nº 1 denominado «Xestión Académica e Alumnado» modificado por RR de 3 de setembro de 2010.
- b) A meirande parte deste ficheiro xestiónase a través da aplicación Xescampus á que dende a súa implantación xa se incorporaron as medidas de seguridade establecidas pola lexislación vixente para a protección de datos de carácter persoal.
- c) Na recollida de datos establece a finalidade destes datos, o ficheiro no que se incluírán e a posibilidade de exercicio dos dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición), así como opcionalmente a posibilidade de cedelos a terceiros cando así o consintan expresamente (premios...).
- d) Na Instrución nº 2/2007, da Secretaría Xeral sobre elaboración informática, cobertura, tramitación, custodia e modificación de actas de estudos da USC xa se indicou expresamente no capítulo III «Ficha do alumno» (artigo 5), que “O programa informático de actas proporcionará aos profesores unha ficha académica dos seus alumnos en formato electrónico e na que se poidan introducir datos académicos. Esta ficha permitirá una protección adecuada dos datos persoais e debe substituír aos ficheiros en soporte papel non rexistrados conforme a lexislación de protección de datos persoais”
- e) As fichas en papel deberían desaparecer dende a Instrución do ano 2007 xa que non cumpren os requisitos da lexislación de protección de datos (LOPD e regulamento) xa que nelas non se indica a finalidade para a que son recollidas, nin ante quen poden exercer os dereitos ARCO, nin seguramente cumpren as medidas de seguridade de protección de datos.
- f) Esta Secretaría Xeral xa se pronunciou en casos precedentes que a avaliación dunha materia nunca pode estar condicionada a entrega de fichas.
- g) A USC ten unha política de protección de datos que debe cumprirse:
<http://www.usc.es/export/sites/default/es/normativa/descargas/AnexoIIIITIC.pdf>
- h) Tamén ten un documento de seguridade que establece entre outros as obrigas de todo o persoal que acceda a datos de carácter persoal, as medidas

a cumprir e as consecuencias en caso de incumprimento.

En consecuencia e tal e como se recolle na queixa, esta Secretaría Xeral entende que as fichas en papel poden chegar a non cumprir coa LOPD nin coa política de protección de datos institucional e as medidas de seguridade implantadas, e neste senso xa se indicou dende o ano 2007 que deberían ser substituídas polas fichas persoais da aplicación informática de Xescampus.

Por iso, tendo en conta o anteriormente exposto *recomendo que se recorde ao conxunto do profesorado:*

- *Que a avaliación nunha materia ou a revisión de exames son dereitos dos estudantes e o seu exercicio nunca pode estar condicionado á entrega dunha ficha.*
- *Que o profesorado non debe esixir a entrega de fichas en formato papel.*

Q 1305/04

Presentado escrito de queixa en relación coa non admisión dunha candidatura para as eleccións de representantes nas Xuntas de Centros.

A Secretaría Xeral envía o seguinte informe xustificativo:

O reclamante presentou a súa solicitude de candidatura nunha oficina de Correos o día 10 de abril de 2013 e se recibiu no Servizo de Correo da USC o día 11 de abril. Por tanto, non se presentou no tempo e forma establecidos na convocatoria. En consecuencia, na proclamación provisional de candidatos, publicada o día 15 de abril, non se admite a súa candidatura “ *por incumprimento da convocatoria, apartado 5º parágrafo 1º*”:

“A presentación de candidaturas e escritos relacionados con esta convocatoria deberá facerse por instancia dirixida ao presidente da Comisión Electoral Central, que se entregará no Rexistro Xeral da Universidade (Lugo e Santiago de Compostela), antes das 14:00 horas do día no que remate o seu correspondente prazo de presentación. Nos rexistros e na web electoral: www.usc.es/elecciones2013 , estarán dispoñibles modelos de ditas instancias. As candidaturas tamén poderán presentarse nos rexistros dos Centros.

Na presentación de candidaturas os/as solicitantes deberán acreditar a súa identidade ante o encargado do Rexistro mediante documento oficial de identificación ou tarxeta universitaria de identidade. No caso de presentación de solicitudes alleas deberá

achegarse, así mesmo, autorización expresa para facelo xunto coa copia dos documentos de identidade de autorizante e autorizado/a.”

O día 19 de abril, o reclamante presenta recurso ante a Comisión Electoral Central contra a proclamación provisional de candidatos/as. A Comisión Electoral Central, acorda desestimar a súa reclamación por incumplir o apartado quinto da convocatoria.

En canto á alegación do reclamante de que se vulnerou o establecido no artigo 38 da Lei 30/92, non é correcto, xa que non é de aplicación neste proceso. Ao tratarse dun proceso interno dentro da USC, no que unicamente participan membros da comunidade universitaria, é de aplicación o establecido na normativa interna da USC, neste caso o Regulamento Electoral Xeral da USC, ou ben, no caso de situacións non contempladas no mesmo, polo acordado pola Comisión Electoral Central. En todo caso, se neste proceso fose de aplicación o mencionado artigo da lei 30/92, que non o é, tampouco poderíamos aceptar a súa candidatura porque non a presentou en Correos en sobre aberto, senón que a enviou como carta certificada, polo que os efectos serían dende a data da recepción no rexistro da USC e, por tanto, estaría fóra de prazo de igual xeito.

Q 1305/05

Foron presentados escritos de queixa por alumnos dun máster para deixar constancia do descontento ante as deficiencias encontradas nos servizos ofertados polo citado máster indicando:

En la oferta académica del máster ciertas asignaturas tienen como parte del programa un número de créditos destinados a salidas de campo. La oferta de créditos y de contenidos no se ha ajustado a la realidad del servicio ofrecido y por tanto quiero mostrar mi descontento con la Universidad de Santiago. Se nos ha informado desde la dirección del máster que esto es debido a una falta de presupuesto; sin embargo, yo he pagado 1881,60€ (mil ochocientos ochenta y un euros y sesenta céntimos) por este servicio y no se ha ofrecido lo que se prometía en el programa.

Admitida a queixa a trámite solicítouse informe ao Coordinador do Máster, no que indica:

- La Comisión Académica del Máster era concedora, de que los alumnos iban a dirigirse al Valedor para manifestarle su descontento.

- Tal y como se detalla en la Memoria del Máster, una buena parte de las materias incluyen prácticas de campo. Algunas de ellas, son las citadas por los alumnos en el escrito objeto de esta respuesta.
- Son bien conocidas las restricciones económicas que esta Universidad está imponiendo a todas las actividades académicas y entre ellas, a las prácticas de campo.
- Hasta hace bien poco y a pesar de estas restricciones, los gastos de las prácticas lo asumíamos con cargo a Proyectos de Investigación o por los presupuestos del Departamento. Por razones bien conocidas (retirada por parte del Rectorado de un alto porcentaje del dinero asignado a los Departamentos, dificultades por parte de todos los investigadores de lograr proyectos de investigación, etc.), tal solución, aunque no fuese la adecuada, ya no es posible mantenerla para suplir las restricciones impuestas por el Rectorado de esta Universidad.
- Desde que este Máster se imparte, este Coordinador ha solicitado a todos los Vicerrectores, responsables de los mismos, la urgente necesidad de un retorno de un porcentaje de las cantidades que los alumnos abonan como matrícula, Es obvio, que tales gestiones no han fructificado en modo alguno.
- Por lo dicho, lo que manifiestan los alumnos del Máster en su escrito es absolutamente veraz.”

Á vista do exposto no mesmo solicitouse información adicional á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, indicando o seguinte:

1º) A Vicerreitoría é perfectamente consciente da situación descrita, que non é exclusiva dese Máster e está tentando poñer solución á precariedade descrita na queixa.

2º) A Vicerreitoría con competencias en materia de titulacións ven ofertando tradicionalmente unhas axudas para a realización de prácticas de campo nas titulacións da USC, cuxa partida orzamentaria se viu reducida nos últimos anos dende os 135.000 euros no orzamento de 2010 ata os 50.625 euros dispoñibles para o curso 2012-13 (co orzamento prorrogado).

3º) Para o curso 2012-13, a Vicerreitoría distribuíu integramente a partida orzamentaria dispoñible, tras varias reunións con responsables de centros. O

reparto, ao igual que as solicitudes, fíxose a través dos Centros, que debían priorizar os escasos medios dispoñibles entre as diversas titulacións oficiais impartidas en cada un deles.

4º) En concreto, a Facultade acadou nesa convocatoria 8.900 euros (o que supón un incremento importante con relación ao curso anterior, no que obtivo 6.766 euros -obtido, xa que logo, o 145% do obtido no ano anterior-). Ese importe debería ser distribuído polo Decanato en función das prioridades que estimase, xa que non acadaba loxicamente o importe total solicitado polo centro (24.837,40 Euros). Esta vicerreitoría non debe, por ilo, entrar a valorar a asignación concreta a cada materia das distintas titulacións ofertadas no Centro.

5º) Nas diversas reunións cos responsables dos centros xurdiu a iniciativa -tamén reflectida na resposta á queixa polo Coordinador do Máster- de tentar atribuír unha cantidade fixa das matrículas para o financiamento destas actividades. Estamos negociando para tratar de acadar un acordo ao respecto para os futuros orzamentos coa Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas, proceso de cuxo resultado se dará oportuna conta á Comunidade Universitaria.

Q 1305/06

Queixa dun alumno en relación coa docencia nunha materia expoñendo que en todo un cuadrimestre, o profesor responsable da materia delegaba noutra persoa estranxeira a impartición dunha das horas lectivas semanais e nas clases impartidas polo profesor titular producíanse reiterados retrasos no inicio das mesmas e non cumpre cos horarios de titorías.

No informe recibido do profesor da materia indícase:

Que o profesor estranxeiro é un profesor visitante a través do programa Fulbright e que no departamento acordouse que o profesor colaborase nas actividades docentes, tanto de grao como de Máster. En particular, na materia, encargándose da docencia práctica. Para tal fin foi presentado aos alumnos a principio de curso e fixo o seguimento dos seus comentarios de texto.

2) Con respecto a queixa de que o profesor "ha llegado tarde a todas las clases" comprácame indicar que non cheguei nin un só día tarde senón á hora acordada cos estudantes despois de facer un breve receso de 5-8 minutos entre clase e

clase. Por suposto, non teño ningún inconveniente en comezar á hora en punto, pero comprendo que os estudantes que teñen clase ao longo de toda a mañá durante varias horas necesiten uns minutos entre clase e clase para facer un receso e por esta razón eu non me opuxen considerando que era beneficioso para a calidade da docencia e a atención que se debe prestar ás clases.

3) Con respecto a última queixa de que non atendo as titorías debo dicir que, como todos os anos, dende que comecei a docencia na USC sempre publico na porta o horario das titorías e as atendo puntualmente. Nunca en máis de 20 anos que levo prestando servizos na USC ningún alumno se queixou de que non cumprise as titorías. Mesmo cando salgo de viaxe a un congreso, etc. deixo a un profesor encargado das titorías. Tamén o profesor visitante atendeu as titorías no horario que el publicou no despacho que lle asignou a Facultade. Polo tanto, considero esta queixa calumniosa por ser completamente falsa.”

Q 1305/07

Presentado por unha estudante en relación coas dificultades para a obtención do Suplemento Europeo ao Título (SET) como doutora con mención internacional.

O informe da Secretaría Xeral indicaba:

A alumna pide que se lle expida o seu título en inglés. Tal petición non é posible porque os modelos de títulos son aprobados polo Estado Español (Real Decreto 1002/2010, de 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais) e non contemplan unha versión en inglés, agás para o caso de modelos de doutor de Erasmus Mundus que se modificaron no BOE mediante Orden ECD/760/2013, de 26 de abril, por la que se establecen los requisitos de expedición del título del programa Erasmus Mundus.

En consecuencia, deberá solicitar a súa tradución mediante un tradutor xurado, e normalmente para presentalo e que teña eficacia, deberá tamén ser legalizado por vía diplomática ou, no seu caso, mediante a apostilla do Convenio da Haia. A legalización ou apostilla deberán figurar sobre o documento orixinal, tal e como se esixe tamén na USC para os documentos procedentes de institucións estranxeiras e que pode verse na instrución da Secretaría Xeral Nº 2/2008.

Q 1305/08

Presentado por unha alumna usuaria da Biblioteca Concepción Arenal en relación co uso inadecuado que fan algúns estudantes dos postos de lectura. No escrito expón:

Actualmente han comenzado a funcionar los tornos de acceso, un control de acceso que a la biblioteca debería servirle entre otras cosas para saber el número de puestos ocupados y libres.

Durante los últimos días viene dándose el fenómeno de que media hora después de la apertura de las puertas no existen lugares libres debido a la desconsideración de algunos estudiantes hacia sus compañeros. La mitad de los puestos de la biblioteca tienen un folio sobre la mesa, aguardando a que llegue el amigo en cuestión.

Al comentar este hecho al personal de la biblioteca la respuesta no es satisfactoria y se inhiben del problema.

O informe recibido do Sr. vicerreitor de Estudantes Cultura e Formación Continua clarifica a situación e as actuacións levadas a cabo:

Tense constancia de que, debido á gran afluencia de público nestas datas, existe un bo número de usuarios que non respectan as normas e deixan postos "reservados", sobre todo a primeira hora de apertura da biblioteca e ás horas do mediodía. Segundo a dirección da Biblioteca, en todos os períodos de apertura extraordinaria se realizan esporadicamente controis destes postos "reservados", sempre despois de comprobar que levaban baleiros máis de 20 minutos. Isto faise cunha finalidade exemplarizante, sobre todo ao principio do período de apertura extraordinaria. En consonancia con isto, na biblioteca informan que reciben queixas nos dous sentidos, persoas queren controis de postos (os que non atopan sitio), e persoas que protestan polos ditos controis (os que deixan o posto "reservado").

Por outra parte, o persoal do que se dispón na biblioteca parece insuficiente para poder levar adiante medidas cun mínimo de éxito nas catro quendas de traballo que hai establecidas e que non provoquen friccións entre os usuarios, pois hai que ter en conta que son tres andares de estudo para revisar e é imposible coa dotación actual do cadro de persoal controlar en todo momento os 20 minutos que está permitido abandonar o posto de lectura, e retirarlle os obxectos persoais da

mesa, o que por outra parte, provocou en ocasións situacións incómodas cando se reclamaron pertenzas que os usuarios aseguraban que deixaran no posto e que non se atoparon, por exemplo.

Por toda a biblioteca hai expostos avisos nos que se indica que non está permitida a reserva dos postos e que o tempo máximo de ausencia deles é de 20 minutos, e que unha vez pasado ese tempo calquera poderá ocupar ese lugar. A medida da posible reserva dun posto de lectura durante vinte minutos vai encamiñada a poder facer unha pausa no tempo de estudo, pero unha reserva durante a primeira hora de apertura e as horas centrais do día é e será interpretada polo persoal da biblioteca no sentido de gardar sitios por parte de compañeiros, que o persoal da biblioteca intentará evitar na medida das súas posibilidades, dada a gran demanda de ocupación de postos.”

Q 1305/09

Queixa presentada referida á denegación dunha bolsa.

A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado informa que:

.../ non é competencia da USC nin a cualificación como “*habilitante para o exercicio de actividades profesionais*” da mencionada titulación a efectos do importe de matrícula nin a de “*non habilitante para o exercicio dunha profesión regulada*” a efectos de resolución das solicitudes de bolsas.

Considerando que o dato informático seleccionado para o cumprimento do requisito de nota media non era o correcto formulouse desde a USC esta obxección á Directora Xeral Adxunta de Bolsas e Atención ao Estudante, Orientación e Inserción Profesional, pero ela considerou que a interpretación que facía o Ministerio era a correcta. Despois de moita discusión o único que se obtivo foi o seu compromiso de estudar a cuestión para a convocatoria do curso 2013/2014 no caso dos/as alumnos/as que accedan co título de Grao.

6. Desde esta Sección informouse oralmente aos/as alumnos/as afectados/as que fixeron consultas sobre a causa de denegación e de desestimación sobre todas as cuestións tratadas neste informe. Tamén animouse aos/as solicitantes afectados a que presenten Recurso de Reposición contra a desestimación da alegación, queixa ao Valedor do Pobo...etc.

7. Os recursos de reposición presentados por este motivo serán informados ao MECD positivamente desde esta Sección, voltando a expoñer e argumentar a nosa desconformidade con esta denegación.”

Q 1305/10

Presentada en relación co procedemento de acceso para maiores de 25 anos aos estudos de Grao.

Trasládase a queixa ao Sr. presidente da CIUG, quen emite o correspondente informe explicativo que foi remitido ao interesado.

Q 1305/11

En relación cunha queixa motivada polo cobro do importe correspondente á expedición dunha certificación académica informouse á presentadora da queixa que:

- O Decreto da Xunta de Galicia 154/2012 polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios e de aplicación para as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia indica no *Artigo 13. Discapacidade*:

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados no presente decreto os/as alumnos/as que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 %...

- O Anexo do citado decreto diferencia os distintos conceptos de prezos públicos a aplicar. Así a *Tarifa primeira. Actividade Docente* recolle os propios do servizo académico e a *Tarifa terceira. Títulos e Secretaría* os correspondentes á emisión de certificacións, títulos, etc.
- Por outra banda, solicitados informes respecto da aplicación da exención de pagamento por minusvalidez a Universidade de Vigo indicou o seguinte:

“Na Universidade de Vigo ditouse unha Resolución Reitoral no mes de outubro de 2000, para exención de taxas nas solicitudes de expedición de certificacións só no caso de que sexan para solicitar bolsas ou axudas. A exención por minusvalías só se aplica ás taxas académicas, non ás taxas por servizos administrativos, é dicir, emisión de certificacións, títulos, etc.”

- E a Universidade da Coruña informou que feita unha consulta ao respecto sobre a interpretación de dita aplicación á Xunta de Galicia, ao non obter resposta interpretaron que a exención é a todas as tarifas.

Por iso, tendo en conta o anteriormente exposto, *comunícolle que non se aprecia unha aplicación incorrecta da normativa por parte da USC, rematando así a tramitación da presente queixa.*

Q 1305/12

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante dunha Facultade en relación cos requisitos esixidos aos aspirantes da Convocatoria de Prácticas Preprofesionais en centros dependentes do sistema sanitario público de Galicia (SERGAS). No escrito expoñíase:

Existe una convocatoria de prácticas preprofesionales del SERGAS para este verano 2013, firmada por el Vicerrector de Titulaciones y Personal Docente e Investigador la cual los requisitos son: cumplir los requisitos para prácticas externas o en su defecto, tener aprobados el 50% del total de la titulación.

En el caso de mi Facultad, el 50% de los créditos serían 120 créditos, pero nos exigen un mínimo de 150 créditos para poder optar a ellas:

No informe solicitado a Vicerreitoría de Titulacións e PDI informa:

O Convenio de Cooperación Educativa entre a Consellería e Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a Realización de Prácticas Preprofesionais (de 28 de decembro de 2007), establece como requisitos dos aspirantes que "no momento da solicitude houberen superado o 50% dos créditos da súa titulación" (cláusula segunda), atribuíndo en todo caso á Universidade a selección dos alumnos (cláusula terceira).

No exercicio desta potestade de selección do alumnado, a USC considerou que ese 50% constitúe un mínimo marcado polo convenio, pero xa dende as primeiras convocatorias decidiu facultar aos Centros para determinar o nivel que deberían acadar os seus alumnos para poder desenvolver as prácticas, sempre garantindo ese mínimo esixido polo convenio. Por iso, as sucesivas convocatorias incluíron un apartado como o actual 4.1 no que, en efecto, se di que "as prácticas preprofesionais están dirixidas a alumnos/as da Universidade de Santiago de Compostela que no momento da súa solicitude teñan superado o 50% dos

créditos da súa titulación, ou ben cumpran os requisitos para matricularse nas materias «Practicum» ou «Prácticas externas»".

Co fin de completar a información solicitouse informe ao Decanato da Facultade no que se expón:

Os requisitos establecidos na convocatoria, referidos ao 50% dos créditos superados da titulación que no caso deste Grao serían 120 créditos, podería dar lugar a que o alumnado que non tivese formación en materias que consideramos básicas para poder realizar as prácticas no Sergas (como é caso das materias ...), puidese optar a unha praza, o que suporía que as realizarían sen unha formación previa para garantir un nivel académico imprescindible para un maior aproveitamento das mesmas.

Por outra banda, entendemos que o límite do 50% da titulación sería o mínimo, pero teríamos que esixir a superación de determinadas materias para que o alumnado que participase nesta convocatoria puidese cursar as prácticas cos coñecementos e formación previa necesarios.

Con data do 29 de maio a alumna presentou neste decanato, unha reclamación á relación provisional de alumnado admitido, que foi admitida, polo que decidiuse incluír a todo o alumnado que cumpra cos requisitos establecidos na convocatoria e polo tanto lle foi asignada unha praza a dita alumna.

Analizado o escrito remitido por ese Decanato no que se explican os requisitos adoptados polo Centro e que aparecen recollidos na convocatoria de Prácticas Preprofesionais en centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, co obxecto de evitar posibles queixas futuras debido a unha mala interpretación, *recoméndase que na convocatoria aparezan de xeito explícito dúas cousas:*

- *O número de créditos que deben terse superados.*
- *As materias, que dentro deses créditos, o Centro estima imprescindible ter superadas para obter os coñecementos e formación previos que possibiliten realizar as prácticas no Sergas.*

Q 1306/01

Presentado por unha estudante en relación co reintegro dos gastos ocasionados por mor da realización das prácticas obrigatorias nun Máster.

O informe do Coordinador do Máster, do que se dá traslado á Vicerreitoría de Titulacións e PDI, expoñía:

.../ este Máster no ha recibido ninguna asignación, ni este curso ni el pasado, a pesar de haberlo reclamado reiteradamente tanto al Sr. Rector, como a los sucesivos vicerrectores de Titulaciones, la última vez en la reunión mantenida en la Facultad. El curso pasado me hice cargo personalmente (no sacándolo de ningún proyecto o cuenta relacionada con la Universidad) de abonarles a los alumnos los gastos de desplazamientos para prácticas, y nunca conseguí recuperar el dinero; y este curso, como no pensaba hacerlo de nuevo, les dije a los alumnos que guardasen los tickets de peaje y de combustible, para abonárselos si se conseguía alguna financiación. Como comprenderá, considero que las quejas están más que justificadas.

Mi intención de enviar esta semana al Vicerrector de titulaciones los justificantes para pedirle que abone a los alumnos el total de la deuda.

Con posterioridade dita Vicerreitoría comunica:

“A Vicerreitoría á vista das solicitudes presentadas polas alumnas/os e considerando o informe realizado polo Coordinador do Máster, acordou compensar os gastos realizados e xustificados polas/os devanditas/os nos desprazamentos requiridos.”

Q 1306/02

Queixa presentada por un estudante en relación coa demora na expedición dun título correspondente a un curso, na que indica:

Desde o remate do curso, marzo 2011, unha e outra vez fomos a reclamar o noso título.

Na unidade de xestión académica o trato, coma sempre, foi exquisito. A información que se nos deu era que non tiñan entregadas as actas. Así unha e outra vez, ata que eu persoalmente dirixinme ao profesor para que solucionase o asunto que era e é da súa irresponsabilidade.

O caso é que onte mesmo (10 de xuño de 2013) volví unha vez máis a solicitar o título, á vista que desde 2012, o secretario técnico do curso dixo que xa estaba todo arranxado. tempo houbo dabondo para solucionar un trámite administrativo.

E solicita actuacións disciplinarias pola actuación do profesor.

Infórmaselle ao alumno do seguinte:

.../que das actuacións efectuadas e dos informes recadados conclúese que se realizaron os trámites oportunos para poder expedir os títulos correspondentes. Para a obtención do mesmo debe formular a correspondente solicitude na Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

Que entre as atribucións do Valedor non se atopa a de efectuar actuacións de carácter disciplinario, máis ben o contrario, o art. 10.4 do Estatuto do Valedor recolle que debe inhibirse cando a materia obxecto da queixa estea sometida a un expediente disciplinario:

Art 10.4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

Que os feitos que deron lugar á súa queixa foron postos en coñecemento do Sr. vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua, como presidente da Comisión de Posgrao, por se considera oportuno realizar algún tipo de actuación ao respecto.

Q 1306/03

Actuación realizada de oficio en relación coa situación socioeconómica actual que afecta aos estudantes.

Envióuselle ao Sr. reitor da USC e ao Sr. presidente do Consello Social o seguinte escrito:

Como é ben sabido, na actualidade a complexa situación económica está a producir que algunhas familias se atopen inmersas nunha precaria posición económica que mesmo pode producir que estudantes queden excluídos do estudo na Universidade por non poder facer fronte ao pagamento dos prezos públicos de matrícula.

Sensibles a esta problemática, son moitas as Universidades públicas do Estado que se teñen dotado de axudas, a través de convocatorias propias ou como na Universidad de Extremadura, onde ditas axudas son establecidas polo Consello Social desa universidade, de distinta natureza e concepto: Axudas ao

estudo extraordinarias, axudas sociais, axudas para estudantes en situacións de emerxencia sobrevidas, axudas por escaseza de recursos, axudas asistenciais...

Sirvan como exemplo: Universidad de Cádiz, Universitat Politècnica de Catalunya, Universidad de Granada, Universidad de Burgos, Universidad de Alcalá, Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad de Zaragoza, Universidad de Jaén, Universidad Autónoma de Madrid, Universidad Carlos III, Universidad de Sevilla, Universidad de Málaga, Universidad Politécnica de Valencia, Universidad de Oviedo, Universidad de Murcia, Universidad de la Laguna, Universidad de Huelva, Universidad de Almería, Universidad del País Vasco...

Mesmo no Sistema Universitario Galego, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña teñen realizado actuacións ao respecto.

Así pois considérase necesario instar ás autoridades académicas da USC para que implementen liñas de actuación que permitan minorar ou paliar situacións económicas sobrevidas que aos estudantes lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

Por iso recoméndase que se analice, o máis axiña posible, a creación dun programa aberto de axudas a tal efecto.

Q 1306/04

Queixa presentada por un alumno con motivo da súa participación nun curso organizado pola USC que se aseguraba sería recoñecido como formación para profesorado da Consellaría de Educación, pero que foi rexeitado por esta coa entrega da certificación que expediu a Universidade. Expoñía ao respecto:

A mediados de 2012 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou un documento coas "Actividades organizadas polas universidades galegas recoñecidas como formación do profesorado para o ano 2012" (<http://www.edu.xunta.es/web/node/5074>), documento no que consta o curso como actividade desenrolada pola Universidade de Santiago.

Así mesmo, na devandita Certificación recibida pola asistencia o curso, consta que a actividade está "recoñecida como formación permanente do profesorado non universitario pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia."

En resposta, o 18 de xaneiro de 2013, comunicásemme co documento que se adxunta con este correo electrónico que na "certificación do curso non constan a homologación ó convenio coa Consellería de Educación e O.U. ó Ministerio de Educación, sendo este un requisito necesario para ser computable como formación para o perfeccionamento de sexenios", motivo polo cal se rexeita o recoñecemento solicitado.

Poñéndome en contacto co SEPIU, organizador do curso por parte da Universidade, admitían que dende a Consellería de Educación non lles deixaban claro cal era a información que debía conter a certificación para ser aceptada, que en anos precedentes a mesma certificación fora aceptada sen maior inconveniente e que parecía haber un problema para a homologación definitiva do curso por parte da Consellería.

Efectuáronse xestións ao respecto dando lugar a que dende a Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Formación Continua informaran:

- Que se iniciaron os trámites oportunos co obxecto de solucionar os problemas detectados para o recoñecemento como formación do profesorado do curso en cuestión.
- Segundo o propio Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), en canto eses trámites estean solucionados, emitirán un novo diploma coa información corrixida, o cal lle farán chegar ao interesado para que poida instar novamente ao recoñecemento solicitado.

Q 1307/01

Presentado escrito de queixa por alumnos dunha titulación de Grao en relación co sistema e criterios de avaliación seguidos nunha materia.

Envíaselle ao Sr. decano, quen informa das actuacións levadas a cabo en relación co tema obxecto da queixa.

Q 1307/02

Escrito presentado por un membro do PDI en relación co procedemento de pre-selección de proxectos por parte da USC para a súa remisión á Convocatoria anual dunha Fundación.

No informe solicitado, o Sr. director da Área de Xestión e Valorización da I+D indica que:

.../ desde esta Vicerreitoría o pasado 17 de xullo de 2013 respostouse directamente a unha solicitude do propio interesado remitindo unha copia da Acta da Comisión coas valoracións e procedemento seguidos no proceso de selección das propostas recibidas para a convocatoria referida. O proceso de selección habilitado por esta Vicerreitoría tiña por obxecto cumprir coa limitación a un número máximo de dúas propostas por institución establecida na convocatoria da Fundación correspondente ao ano 2013. A comunicación remitida con acuse de recibo foi recepcionada polo interesado na mesma data de 17 de xullo.

Q 1307/03

Presentados 23 escritos por traballadores contratados en proxectos de investigación nos que manifestan a súa desconformidade en relación coa aplicación ao seu colectivo do axuste retributivo previsto nos artigos 37 e 38 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. Nos escritos expoñen:

“Apelo a Vde. unha vez que a Universidade de Santiago decidiu impoñer recortes salariais que deberían afectar á masa salarial, é dicir, capítulo I e non aos traballadores contratados en proxectos de investigación, cuxo salario procede do capítulo VI dos orzamentos universitarios.

O equipo reitoral apela ao artigo 37 da Lei de Orzamentos, mais o colectivo do que formo parte, cuxas retribucións son desiguais, xa é de seu un colectivo, cando mellor, mileurista, ao que agora se lle impón este xesto solidario, que non repercute nin para reducir a débeda da Xunta, nin a débeda da Universidade. No fondo é un xesto inútil, que so prexudica a un colectivo xa castigado polas súas precarias condicións laborais.

A consecución de fondos para os proxectos de investigación, como ben sabe, procede das distintas administracións públicas, autonómicas, nacionais, internacionais e tamén da empresa privada, estas dúas últimas, alleas á Xunta de Galicia e ao Ministerio, e baséase no esforzo sostido ao longo de anos por un equipo, co seu investigador ou investigadora principal á fronte, ao que como contratados aportamos o noso traballo.

Cremos pois que o recorte que vai aplicar a USC ás nosas nóminas é de todo inxusto, posto que non reverte no incremento doutros capítulos dos orzamentos universitarios, se non que a cantidade resultante desa rebaixa salarial quedará a

disposición do investigador principal para que o redistribúa no proxecto de investigación. IPs aos que, por outra banda, non se lle consultou esta decisión. Os contratados de proxectos solicitamos de Vde. teña a ben mediar para que se regularicen as nosas condicións laborais e non queden a mercede das derivas orzamentarias da Universidade de Santiago, e que, xa que o equipo reitoral nos impón, neste caso, o mesmo raseiro que ao resto do seu cadro de persoal, se revise a nosa categoría profesional."

Solicitouse o correspondente informe á Xerencia, no que se indica:

1. A Lei 2/2013 do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, (DOG de 28 de Febreiro de 2013) , dedica no Título II ,Gastos de persoal, o capítulo II ás Universidades e establece no artigo 37 os custos de persoal das Universidades de Galicia, autorizando o límite máximo en miles de euros, fixando para a USC unha masa salarial de 127.777,91, cargas social de 16.188,21e un total de 134.966,12.

2. No apartado 2 deste mesmo artigo 37 sinala "*As retribucións do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia reducíronse nunha porcentaxe equivalente á obtida da aplicación do indicado na letra d) da alínea Un do artigo 21 desta lei (...)*"

3. A USC fai a redución por imperativo legal, sen interpretación restritiva dos dereitos económicos do colectivo dos investigadores dos proxectos, xa que o inciso final do apartado 3 do antes citado artigo 37 sinala "*Esta redución seralle aplicable a todo o persoal conforme as súas retribucións íntegras anuais e independentemente da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.*"

4. A USC, estando en desacordo manifestado xa desde que tivo coñecemento do borrador dos orzamentos para o ano 2013, tivo que proceder a realizar a redución salarial a todo o persoal ao seu servizo.

3.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións e recomendacións de carácter xeral é obrigado constatar a boa colaboración en xeral dos órganos da universidade aos que lles foi solicitado informe, así como o grao de comprensión daquelas suxestións e recomendacións que lles foron trasladadas.

Tamén é necesario deixar constancia da dedicación e colaboración dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria.

Non quixera deixar pasar a oportunidade de manifestar o recoñecemento ao labor do profesor Florencio Arce Vázquez, único valedor que me precedeu e que como é obvio foi o que desenvolveu e consolidou a institución do Valedor da Comunidade Universitaria. Todo o traballo feito durante tantos anos foi clave para posibilitar un “desembarco” máis doado pola miña parte.

A pesar do sinalado no artigo 13 do Estatuto do Valedor sobre a periodicidade anual do informe ao Claustro, é ben certo que dende fai varios anos, en concreto dende o curso 2003-04, dito informe por diferentes motivos presentouse cada dous ou mesmo cada tres cursos. Este é o caso do presente informe. No futuro é intención deste Valedor recuperar, na medida do posible a periodicidade establecida no Estatuto.

Como este Claustro coñece, levo desenvolvendo a función de Valedor dende fai un ano e medio escasamente. A pesar deste curto tempo o traballo diario foime proporcionando unha visión, un coñecemento da Universidade, máis xeral e dende outra perspectiva, si se me permite o termo un coñecemento sobre as “entrañas” da Universidade.

Dende a miña posición considero que o funcionamento da USC é razoablemente bo. A miña valoración global é positiva, o cal non quere dicir que non existan problemas, eivas ou disfuncionalidades sobre as que é preciso reflexionar para entre todos tratar de formular accións encamiñadas á mellora destes aspectos. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste tempo permite detectar algunhas situacións que pola súa importancia necesitan ser destacadas para

recordar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

De xeito moi resumido:

1.- Un problema obxecto de queixas que se prolonga no tempo é o relativo ás validacións de materias que solicita o alumnado e que deu lugar a unha recomendación feita de xeito reiterado. O problema non se relaciona tanto co contido das resolucións como coa demora na tramitación. Non é razoable que transcorran meses dende que se presenta unha solicitude ata que se resolve.

O procedemento empregado amósase pouco áxil e ineficiente. Parecía oportuno pois, reflexionar sobre a falla de bondade do sistema e adoptar as medidas necesarias para corrixir esta importante disfuncionalidade.

A solución non é doada. Existen varias circunstancias negativas que tradicionalmente inciden no proceso, ademais a implantación dos Graos aínda dificulta máis a posible solución, pola inexistencia de táboas que impiden actuacións de oficio. A pesar destes inconvenientes creo que é posible mellorar o procedemento e reducir os tempos.

Atendendo á recomendación feita dende esta institución preséntase ao Consello de Goberno unha proposta dun novo *Protocolo de Validacións e Recoñecementos* no que se recollen medidas correctoras na procura de solucionar ou minorar a problemática exposta.

2.- Son relativamente frecuentes as consultas relacionadas con aspectos docentes e con criterios de avaliación, por exemplo: falla de concreción nas programacións docentes das materias, non aplicación de criterios de avaliación, cambio dos mesmos ao longo do curso, incumprimento de prazos... Nuns casos solicítase información sobre a normativa que ten aprobada a Universidade e noutros póñense de manifesto posibles incumprimentos da normativa. Sen embargo só algúns casos rematan coa presentación formal dunha queixa.

Na nosa Universidade todos estes aspectos aparecen regulados fundamentalmente na *“Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de*

cualificacións”. Das queixas presentadas, máis aló de aspectos puntuais, dedúcense dúas valoracións xerais:

- Problemas de descoñecemento da mencionada normativa.
- Problemas de incumprimento do establecido nela.

A USC ten que ser unha Universidade comprometida coa calidade dun dos seus fins esenciais como é a docencia; neste senso todos os esforzos son poucos para tratar de proporcionarlle ao noso alumnado a mellor formación posible, todo isto dentro do compromiso co desenvolvemento efectivo dos seus dereitos.

Así pois deberíase, por unha banda, explorar vías encamiñadas a mellorar, na medida do posible, o seu sistema de información ao obxecto de eliminar ou polo menos minimizar ese descoñecemento detectado e por outra desterrar as malas prácticas, sendo conscientes de que só se poderá combater a inobservancia da normativa si todos nos implicamos no seu cumprimento, e sobre todo na normalización do seu uso, conseguindo que todos os membros da comunidade universitaria se sintan protexidos na defensa dos seus dereitos.

3.- Como é sabido, a USC oferta a posibilidade de acreditación de competencia lingüística a diferentes niveis en linguas estranxeiras a través do Centro de Linguas Modernas (CLM). O alumnado que participa nos programas de mobilidade internacional debe acreditar dita competencia lingüística, e dende a implantación dos novos Graos para poder obter o título a nosa universidade esixe tamén dita acreditación a nivel B1 segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER).

O nivel B1 consta de dúas probas: B1-A e B1-B. Superar a proba A é suficiente para a mobilidade internacional, pero para obter o B1 é necesario ter superada tamén a proba B. Como é obvio para poder presentarse á proba B, é imprescindible ter superada a proba A.

O CLM, convoca ao longo do ano varias oportunidades para obter a acreditación. O problema radica en que mentres o número de prazas para a proba A, parece suficiente, o número de prazas para a proba B é moi escaso. Como parece razoable, ten preferencia para facer o exame correspondente á proba B o alumnado do último

curso, pero a oferta non se corresponde nin de lonxe co número de potenciais solicitantes.

Agora que é cando empezan a rematar as primeiras promocións de graduados, os recursos que ten o CLM non permiten facer unha oferta axeitada á posible demanda de acreditación, porque polas súas características, a avaliación da proba B, require máis tempo e, en consecuencia, máis dedicación do persoal do centro.

Malia os esforzos que se fan dende a USC para facer unha maior oferta, é conveniente pensar en estratexias que permitan, na medida do posible, un maior acercamento entre oferta e demanda, de xeito que a USC estea en condicións de poder satisfacer a acreditación da competencia lingüística do seu alumnado para que non teña que acudir a axentes privados cun custe sensiblemente maior.

4.- Poñer de manifesto que ademais das solicitudes de intervención do Valedor relativas a cuestións que atinxen de xeito específico á USC, existen así mesmo, como se pode observar nas páxinas deste informe, queixas que, ben polo seu ámbito de incidencia ou ben pola natureza dos axentes que poden corrixir o problema, afectan tamén a outras Universidades e exceden a propia capacidade da USC para solucionalo.

Nalgunhas ocasións son todas as Universidades do Estado as que se ven afectadas, por exemplo: modificación da correspondente normativa por parte do Ministerio para poder expedir o Suplemento Europeo ao Título (SET), que leva xa bastante tempo en espera e que cada vez faise máis necesario para os egresados que queren traballar en Europa. Neste caso as posibles solucións canalízanse a través da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro no que está a USC dende a súa constitución e que permite a colaboración, reunión, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo.

Noutras ocasións, o problema afecta ás tres universidades galegas, por exemplo: cumprimento e seguimento do acordo entre Xunta e Universidades para o cálculo de notas medias do expediente; coordinación de títulos compartidos; disfuncións derivadas da falta de sincronización entre o calendario académico universitario e as datas de convocatoria das probas de selectividade (convocatoria de setembro); falta de coordinación entre certas convocatorias que fai a Xunta de Galicia e o remate do

curso académico, o que impide que estudantes que rematan os estudos poidan concorrer ao non poder acreditar algún requisito nese momento; contradicións entre convocatorias estatais e autonómicas.

Parece probable que nun curto espazo de tempo a coordinación entre as Universidades do sistema universitario galego se faga máis necesaria e mesmo imprescindible o que pode levar a que aumente a frecuencia destes problemas compartidos. Tomando como punto de partida este futuro escenario, os valedores galegos decidimos dotarnos de instrumentos que faciliten a coordinación, axilicen a xestión dos problemas comúns e, en definitiva, sirvan para cumprir mellor cos nosos fins. Neste senso pensamos que sería importante ter un foro institucionalizado de relación entre nós, do mesmo xeito que existe noutras Comunidades, así hai poucos meses constituímos a Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA).

Ademais tense detectado que, ás veces, as queixas non só se presentan aos valedores universitarios, senón que ao mesmo tempo se presentan ao Valedor do Pobo e, en ocasións, as suxestións ou recomendacións que se fan teñen como destinatarios axencias alleas as Universidades. Así pois ao obxecto de coordinar as actuacións e poder facer máis forza naquelas cuestións que lle competan á Xunta de Galicia, unha das primeiras decisións adoptadas foi impulsar a firma dun convenio de colaboración, que está en fase de redacción, entre os tres Valedores Universitarios e o Valedor do Pobo.

Para rematar, salienta a realización dunha actuación de oficio motivada pola complexa situación socioeconómica que, como é ben sabido, na actualidade está a producir que algunhas familias se atopen inmersas nunha precaria posición económica que mesmo pode producir que estudantes queden excluídas/os do estudo na Universidade, por non poder facer fronte ao pagamento dos prezos públicos de matrícula.

Sensibles a esta problemática, son moitas as Universidades públicas do estado que se teñen dotado de axudas, a través de convocatorias propias ou como na Universidad de Extremadura, onde ditas axudas son establecidas polo Consello Social, e de distinta natureza e concepto: Axudas ao estudo extraordinarias, axudas sociais, axudas para estudantes en situacións de emerxencia sobrevidas, axudas por escaseza de recursos, axudas asistenciais...

Mesmo no Sistema Universitario Galego, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña teñen realizado actuacións ao respecto.

Así pois considerouse necesario instar ás autoridades académicas da USC para que implementasen liñas de actuación que permitan paliar situacións económicas sobrevidas que aos estudantes lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.



Por iso, enviouse un escrito recomendando a creación dun programa aberto de axudas a tal efecto. Programa que se vai materializar en breve grazas á colaboración do Consello Social da Universidade quen a proposta do seu Presidente aprobou no mes de xuño a aportación económica para a convocatoria.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

4.1.- Curso 11-12

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	65
Estudantes:	45
P.D.I.:	17
P.A.S:	3



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 10/11	Curso 11/12
Outubro	10	6
Novembro	9	5
Decembro	4	5
Xaneiro	5	5
Febreiro	6	7
Marzo	4	6
Abril	4	2
Maio	4	6
Xuño	4	6
Xullo	8	4
Agosto	0	0
Setembro	3	13
Total curso	61	65

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas presentadas	65	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	29	⇒ 45%
2 Meses:	21	⇒ 32%
3 Meses:	4	⇒ 6%
> 3 Meses:	11	⇒ 17%





DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	3
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	5
AVALIACIÓN ACADÉMICA	5
DOCENCIA	5
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	15
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	6
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	2
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	6
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	3
FUNCIÓNS LABORAIS - REINVIDICACIÓNS	3
PROCESOS ELECTORAIS - VOTACIÓNS	2
CONCILIACIÓN VIDA PERSOAL-LABORAL	1
RELACIÓNS INTERPERSOAIS - ORGÁNICAS	1
USO DA LINGUA	1
PLAN FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE	2
NORMATIVAS - CONVOCATORIAS	4
ACREDITACIÓN B1 LINGUA ESTRANXEIRA	1

4.2.- Curso 12-13

QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	63
Estudantes:	55
P.D.I.:	6
P.A.S:	1
De oficio:	1



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 11/12	Curso 12/13
Outubro	6	9
Novembro	5	3
Decembro	5	8
Xaneiro	5	6
Febreiro	7	5
Marzo	6	0
Abril	2	13
Maio	6	12
Xuño	6	4
Xullo	4	3
Agosto	0	0
Setembro	13	
Total curso	65	63

nº de queixas recibidas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas presentadas	63	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	41	⇒ 65%
2 Meses:	11	⇒ 18%
3 Meses:	4	⇒ 6%
> 3 Meses:	7	⇒ 11%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	3
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	8
DEREITOS-DISCRIMINACIÓNS	1
AVALIACIÓN ACADÉMICA	5
DOCENCIA	6
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	12
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	6
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	3
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	1
PROGRAMAS DE INTERCAMBIO	5
FUNCIÓNS LABORAIS - REINVIDICACIÓNS	1
PROCESOS ELECTORAIS - VOTACIÓNS	1
RELACIÓNS INTERPERSOAIS - ORGÁNICAS	1
CONCILIACIÓN VIDA PERSOAL-LABORAL	1
PLAN.FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE	1
NORMATIVAS - CONVOCATORIAS	5
ACREDITACIÓN B1 LINGUA ESTRANXEIRA	3

